


PEDRO DONO LÓPEZ

Colección diplomática medieval do mosteiro de Santa Comba de Naves. Documentos en pergamino



**Colección diplomática medieval
do mosteiro de Santa Comba de Naves.
Documentos en pergamiño**

Edita

© CONSELLO DA CULTURA GALEGA, 2021
Pazo de Raxoi · 2º andar · Praza do Obradoiro
15705 · Santiago de Compostela
T 981 957 202 · F 981 957 205
correo@consellodacultura.gal
www.consellodacultura.gal

Maquetación

Mabel Aquayo, CB

Depósito Legal: C 2287-2021

ISBN 978-84-17802-41-7

Esta publicación está accesible no enlace
<http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4444>



PEDRO DONO LÓPEZ

**Colección diplomática
medieval do mosteiro
de Santa Comba de Naves.
Documentos en pergamiño**



GMH Gallaeciae
Monumenta
Historica

À memoria de miña nai e de meu pai

Presentación

Van alá case tres décadas desde que o Consello Cultura Galega iniciou a súa andaina de edición de fontes documentais, a comezar polo propio *Inventario das fontes documentais da Galicia Medieval*, coordinado polo profesor Xosé R. Barreiro Fernández e realizado ao coidado dos profesores María del Carmen Pallares e Ermelindo Portela (1988). Iniciouse así unha rica colección de *Fontes documentais para a historia de Galicia*, editada en papel, que foi reunindo unha boa mostra da documentación medieval galega, distribuída por todo o arco temporal e orixinada por toda a xeografía de Galicia: Mondoñedo, Lugo, Santiago de Compostela, Toxos Outos, Dozón, Ourense, Celanova, Posmarcos, Pontevedra, Montederramo...

O valor do conxunto deste repertorio salienta se temos en conta a variedade de tipos documentais, con textos que percorren todo o abano temático, dando conta da vida privada, do intercambio mercantil, da sucesión patrimonial, da actuación da xustiza, do exercicio do poder... Contribúen na mesma dirección tanto a múltiple procedencia, pois acolle coleccións orixinadas en catedrais, mosteiros, concellos, oficinas notariais, na propia universidade..., coma a pluralidade lingüística, marcada sucesivamente polos inicios en latín, a emerxencia e normalización do galego e a paulatina substitución polo castelán, sen desbotar outras linguas de presenza máis ocasional.

As edicións en papel non tardaron en ir acompañadas da difusión en aberto a través de Internet, nun formato dixital que facilita a consulta e a procura de información, nin mesmo en ser substituídas por edicións soamente electrónicas. E nese camiño seguimos, dando un novo paso adiante, en consonancia coa forte aposta polas novas tecnoloxías realizada no Consello da Cultura Galega desde 1998.

O novo formato da serie de fontes documentais, que inaugura este volume, pretende manter o rigor editorial e o máximo respecto á entidade da obra científica dos distintos autores e autoras ao tempo que facilita a consulta por medio

da edición dixital do corpus textual. Con el, o Consello da Cultura Galega inicia unha nova etapa neste tipo de edicións e muda o título da colección para *Gallaeciae Monumenta Historica*, dándolle o nome da plataforma a través da cal disponibiliza en aberto o seu acervo de edicións documentais medievais, xunto con outras achegas de non menor importancia, acompañado dun amplo abano de recursos e fornecido dun rico sistema de buscas que permiten penetrar nos textos á procura de información (persoas, lugares, materias) ou da súa forma lingüística (<http://gmh.consellodacultura.gal/>).

A existencia desta liña continuada de edición de conxuntos singulares da rica tradición documental escrita en lingua galega na época medieval mostra a preocupación do Consello da Cultura Galega, desde os primeiros tempos, por preservar e dar a coñecer o patrimonio histórico disponibilizando recursos que faciliten o seu estudo e a difusión do seu coñecemento. A ampla mostra é, con todo, aínda, unha parte mínima dos “moitos carros de instrumentos galegos” —en expresión reiterada do padre Sarmiento para ponderar a extraordinaria abundancia—, pois son moitos máis os que agardan ser desvelados poñendo a transcripción da súa escrita a disposición de todas as persoas eventualmente interesadas, non só a efectos de investigación. Eles agochan o día a día da evolución da lingua, das angueiras da vida cotiá, das preocupacións sociais e das vicisitudes históricas dos nosos devanceiros. É por iso unha tarefa á que cómpre dar continuidade, con edicións realizadas por especialistas e de acordo cos estándares científicos ao uso, e a iso quere seguir contribuíndo a nova colección. Trátase, en última instancia, de dar cumprimento ao mandato de facer accesibles á cidadanía de Galicia os produtos máis valiosos da cultura propia e universal.

Rosario Álvarez

Presidenta do Consello de Cultura Galega

Índice



8 PRESENTACIÓN

Rosario Álvarez

16 NOTA PRELIMINAR

19 I. INTRODUCCIÓN

21 1. O mosteiro de Santa Comba de Naves

23 1.1. Sobre as orixes de Santa Comba

26 1.2. Estudos sobre o mosteiro

31 2. A documentación medieval en pergamino de Santa Comba de Naves

33 2.1. Sobre documentos perdidos, trasladados e achados

39 2.2. Definición do corpus documental en pergamino de Naves

40 2.3. Documentación en pergamino publicada

43 3. Caracterización xeral da documentación de Santa Comba de Naves

43 3.1. Os redactores

46 3.1.1. Notarios do mosteiro

48 3.1.2. Notarios de Ourense

50 3.1.3. Notarios apostólicos

50 3.1.4. Notarios reais e señoriais

52 3.2. Tipoloxía documental

53 3.2.1. A transmisión do documento: orixinais e duplicados

55 3.2.2. Tipoloxía diplomática

57 3.2.2.1. Administración do patrimonio

59 3.2.2.2. Adquisicións patrimoniais

60	3.2.2.3. Documentos de carácter litixioso
61	3.2.2.4. Outros tipos documentais
61	3.3. As linguas
63	3.3.1. Do latín ao galego
69	3.3.2. Emerxencia e xeneralización do romance galego
74	3.3.3. Do galego ao castelán
79	4. Normas de edición dos documentos
80	4.1. Normas de presentación
82	4.2. Normas de transcripción
84	4.2.1. Documentos en galego
84	4.2.1.1. As grafías
88	4.2.1.2. Desenvolvemento das abreviaturas
91	4.2.1.2.1. Sinal xeral de abreviación
112	4.2.1.2.2. Sinais especiais e modificacións literais
122	4.2.1.2.3. Abreviaturas por letra sobrescrita
133	4.2.1.3. Outros aspectos editoriais
136	4.2.2. Documentos en castelán
143	4.2.3. Documentos en latín

153 II. COLECCIÓN DIPLOMÁTICA

825 III. ANEXOS

827 **Anexo A. Documentos adicionais relativos a Santa Comba de Naves**

831 **Anexo B. A documentación de Santa Comba de Naves no Arquivo de Celanova**

843 **Anexo C. Copias modernas de documentos perdidos**

849 IV. ÍNDICES

851 1. Índice de pergamiños

859 2. Índice de documentos

897 3. Índice antroponímico

1039 4. Índice toponímico

1087 V. BIBLIOGRAFÍA

Nota preliminar

A presente publicación baséase en gran medida na tese de doutoramento titulada *Colección de documentos en pergamiño do mosteiro de Santa Comba de Naves. Introducción, edición e índices*, que supuña a edición de toda a documentación pergamiñácea do priorado celanovés. O lector non atopará aquí unha reprodución da tese de doutoramento (TD) defendida hai xa ben anos, aínda que o núcleo principal daquel traballo, a edición dos diplomas en pergamiño do cenobio de Palmés (Ourense), permanece con modificacións de escasa entidade no que ten que ver coa transcripción e interpretación dos documentos. Actualizamos, iso si, a información bibliográfica relativa a cada un dos diplomas (edicións, referencias en estudos sobre o mosteiro ou o monaquismo medieval galego). Polo demais, a intervención máis relevante consiste en que restrinximos o conxunto diplomático aos documentos propiamente medievais, unha vez que a TD incluía a documentación pergamiñácea de época moderna, o que implicou acomodar a totalidade do traballo a esta restrición.

No referente aos restantes apartados, ademais de corrixir os erros advertidos no conxunto do texto, introducimos lixeiras modificacións no capítulo introdutorio para, principalmente, acoller algunhas referencias bibliográficas recentes (ou non tanto) e relevantes. Muda igualmente o contido dos anexos, pois ao tempo que mantemos unha reconstrución da distribución dos pergamiños de Naves no arquivo do mosteiro de Celanova (Anexo B), achegamos nos outros dous, por un lado, a edición dun documento pontificio non incluído na TD (Anexo A) e, polo outro, a transcripción de tres copias modernas de pergamiños perdidos (Anexo C). Conservamos os índices de pergamiños e documentos, pero refixemos os elencos de elementos onomásticos para adaptalos ás normas de publicación da colección dos *Gallaecia Monumenta Historica*. Para a reconfiguración destes índices foron de grande axuda os volumes de López Carreira (2016), Bouzas (2016) e Lorenzo (2019), labor para o que, de entre a bibliografía empregada, consideramos de xustiza recoñecer neste lugar a relevancia dos traballos de Enjo

Babío (2014, 2018), Gordín Veleiro (2015), Losada Meléndez (2015) e López Martínez (2015).

Pechamos esta brevísima nota preliminar renovando os agradecementos a todos/as aqueles/as que, de moi diversas maneiras, contribuíron para a realización da TD e que consignamos no seu momento, lembrando agora novamente ao seu director, o profesor Ramón Lorenzo, polo seu saber e orientación. Engadimos agora aos membros do tribunal que xulgou a tese, composto polas/os profesoras/es Ramón Mariño, Ana Maria Martins, Beatriz Vaquero e Pedro Sánchez-Prieto Borja, polas súas valiosas correccións, propostas e consideracións, que tentei incorporar nesta versión. Xa no proceso de revisión, moito aprecio a axuda prestada polos colegas Ricardo Pichel Gotérrez e Miguel García-Fernández no acceso a referencias bibliográficas. Ao Consello da Cultura Galega quero agradecerlle a invitación para que esta edición dos pergamiños de Naves poida formar parte da prestixiosa colección na que se insire.

I. INTRODUCCIÓN

1. O MOSTEIRO DE SANTA COMBA DE NAVES

O mosteiro bieito de Santa Comba de Naves estivo situado na ribeira, fértil en cenobios¹, do Miño. Na súa marxe dereita, pouco despois de deixar a cidade de Ourense, encóntrase a localización deste convento no lugar de Naves da parroquia de San Mamede de Palmés, noutros tempos pertencente ao concello de Canedo² e na actualidade no termo municipal da capital ourensá. No lugar onde se erguía o cenobio de Santa Comba hoxe atopamos unhas “ruínas tardías de la casa prioral” (Duro, 1968: 138). Sen documentación orixinal que acredite a súa existencia en período altomedieval, atopámolo formando parte da rede de priorados de San Salvador de Celanova practicamente dende os primeiros diplomas que de Naves conservamos: entre 1192 e 1195 faríase efectiva a integración no mosteiro de San Rosendo, aínda que mantendo un funcionamento autónomo, tal como San Pedro de Rocas (ambos constituían as filiais máis importantes de Celanova), de acordo con Pérez Rodríguez (2009).

Dende esta posición na antiga terra de Búbal, o mosteiro xestionaba uns coutos e unhas propiedades que se estendían fundamentalmente pola marxe dereita do Miño, comezando polos territorios do propio couto monástico (Palmés, Untes, Beiro, O Castro de Beiro e Vilar de Astrés)³, pero tamén pola ribeira esquerda nas actuais parroquias de Velle e Tras do Hospital (Mende, San Tomé, San Cibrao, A Lonía). Fóra do que na actualidade é o termo municipal de Ourense, o

¹ Ferro Couselo (1967b) ofrece unha ampla relación de fundacións monásticas nas ribeiras do Miño e do Sil. Para unha aproximación panorámica ao monaquismo medieval galego, véxanse os traballos de Pérez Rodríguez (1999, 2008, 2019).

² O antigo concello de Canedo estendíase pola beira dereita do Miño (Risco s. d.: 307), integrando o que fora o couto monástico de Naves.

³ Flórez (1763: 26), que indica en relación co noso cenobio que está “una legua de Orense al río Miño, diverso de otra iglesia de S. Comba en el Limia, donde estuvo el cuerpo de S. Torquato”, considera que San Mamede de Palmés e Santo Estevo de Untes foron mosteiros anexos ao de Santa Comba, tal como Martínez Sueiro (1914: 37). O mesmo fai Ferro Couselo (1967b: 209), engadindo Santa María de Louredo. Trátase en todos os casos de igrexas dependentes do mosteiro (Duro 1968: 168-169).

mosteiro tiña propiedades en territorios contiguos dentro dos actuais concellos de Punxín (Barbantes), Amoeiro (Fontefría), Maside (Louredo) e Cea (Lamas, Longos)⁴. No diploma confirmatorio do emperador Afonso VII de 1155 (CD 1) xa aparece recollido no substancial este patrimonio, ampliado posteriormente mediante sucesivas adquisicións e doazóns. Un diploma, convén destacalo, do que non conservamos o orixinal, nin sequera en confirmacións posteriores, e que xa se ten reputado como falso, invocando interpolacións no texto do privilexio (Pérez Rodríguez 2007: 213, 2019: 620)⁵. Non será este o lugar para analizar en profundidade as tres versións das que dispomos, pero non queremos deixar de dar relevo ás mudanzas substanciais que se observan dunha para outra, ben como sinalar o feito de que se trata en todos os casos de traslados, pero con algunhas diferenzas moi relevantes: por unha parte, contamos con dúas copias simples do século XIII, o xa apuntado privilexio de Afonso VII e a súa confirmación por Fernando IV (CD 84), mentres que o terceiro exemplar, que reproduce o diploma de Fernando IV, foi aducido como proba nun preito (CD 123) polo notario Gonzalo Pérez do Mato, que, “para prouar ssúa entenzón, presentou hun priuilegio escripto rrodado et bollado en fíos de seda” (CD 123, liña 84). A intención das interpolacións observables no segundo dos documentos aducidos, relativamente ao primeiro, parece evidente ao incluír diferentes propiedades do mosteiro:

CD 1: “villa de Vntis et Barro et Aucteriz et Palmes et Ffraxeneto” (l. 7).

CD 84: “villa de Unctis et Barrio et Auterit et Palmes et Freyxento et **San Jullão**” (l. 8).

CD 1: “Alias villas Astrees et Vilar ”(l. 8).

CD 84: “alias villas Hastrees et Vilar et Casar de Mato, que é no lugar que chaman **Tarascón**” (l. 8-9).

CD 1: “Alias villas que iacent in Castella de Buual, scilicet, Laureto et Sinagoga” (l. 10).

CD 84: “Has vilas que iacent in Castella de Buual, scilicet, Laureto et **O Bolo et Juste et Faquim** et Sinagoga et **O Gauiam**” (l. 9-10).

⁴ Para unha aproximación máis pormenorizada ás posesións do mosteiro, véxase a relación de Duro (1968: 166-167) e a abordaxe de Pousa Diéguez (2019: 85-127).

⁵ Pérez Rodríguez (2008:31) chama a atención sobre as falsificacións, particularmente de documentos fundacionais, que implican habitualmente ao emperador Afonso VII, debido ao prestixio do monarca na altura.

CD 1: “alias hereditates in Fonte Frigida et in Beiro et in Mandrianes et in Baruantes” (l. 13).

CD 84: “alias hereditates in Fonte Frigida et in Beyro et in Mandrães **et in Rouços** et in Baruantes” (l. 9-10).

Ningún destes engadidos aparece no texto de CD 123, o que, cremos, debe chamar a atención sobre esta versión (ademais do feito de que, como vimos, presente os sinais de validación esixibles). Outra característica importante que apunta para a de CD 123 como copia máis próxima ao orixinal do diploma do emperador é o feito de que o superior de Naves sexa designado como *abbati*, tal como acontece coa documentación de Santa Comba ata 1192, fronte ao *priori* de CD 1 e 84. Este será, entre outros, asunto que nos ocupará nos apartados seguintes.

1.1. Sobre as orixes de Santa Comba

A conformación e xestión das posesións do mosteiro coñecémola a través da documentación que nos restou deste cenobio, unha documentación que deixa constancia da súa existencia durante o reinado de Afonso VI (1065-1106): no ano 1155 Afonso VII fai confirmación ao prior frei Martiño e ao convento de Santa Comba de Naves “de omnibus illis hereditatibus quas habuistis in tempore aui mei regis Adefonsi in pace” (CD 1, liñas 6-7). Non se conserva, ao contrario do que acontece no caso doutros mosteiros⁶, unha carta de fundación ou dotación que informe sobre a súa orixe, o que, de acordo con De la Cueva (1991: 155), de quen falaremos a seguir, se debe a “una quema universal quel monasterio de Santa Conva de Naves a padeçido en tiempos passados”. No que segue realizamos un breve percorrido por diversos estudos e fontes á procura de referencias, pistas e consideracións á volta das orixes do mosteiro.

O primeiro dos autores que se ocupou con certa detención do mosteiro de Santa Comba de Naves, frei Benito de la Cueva, monxe de Celanova e prior de

⁶ En relación coa fundación de mosteiros entre os séculos x e xii, Andrade Cernadas (1995b: 16-21) fala de tres grandes tipos: os cenobios de fundación visigótica (Samos, Rocas, Santo Estevo de Ribas de Sil), as fundacións familiares do século x (Lourenzá, Sobrado, Celanova) e as fundacións cistercienses (Sobrado, Oseira, Melón, Montederramo).

San Pedro de Rocas na primeira metade do século xvii, considera que o mosteiro xa existía no século ix⁷ e atribúe a súa fundación a Afonso III (866-910). Para isto baséase nun pergamino do 1 de febreiro de 961, o cal non localizamos, no que se contén un preito entre o abade Estevo e os monxes de Santa Comba co arcediogo de Búbal pola presentación do beneficio de Santa María de Louredo. Aquí dise que vinte e dous anos antes da morte de Afonso III xa o mosteiro posuía esta igrexa, polo que no ano 889 xa existiría o noso mosteiro, posesión que lle confirma no ano 914 o seu fillo Ordoño II.

Por outra parte, baseándose na mesma escritura, De la Cueva deduce que Afonso III foi “el fundador o, a lo menos, gran bienhechor de aquel monasterio” (1991: 156-157), unha vez que, dos tres reis que se indican no pergamino (Ordoño I, Afonso III e Ordoño II), só a este lle chaman *domini nostri*. Engade, a favor deste rei como fundador, que nun libro do arquivo de Celanova figuran os aniversarios que se dicían antigamente no mosteiro de Santa Comba e alí aparece un aniversario “pro domino nostro rege domno Adefonso” (De la Cueva 1991: 156). En apoio desta tese da fundación real, alega os sucesivos privilexios reais concedidos ao mosteiro⁸. Neste sentido, e noutros, resulta interesante un documento de 1302 (CD 82) no que o prior Xoán Pérez e o convento de Santa Comba informan a Fernando IV do estado lamentable en que se encontra o mosteiro “pellas gerras que foron della morte de uosso padre rrey don Sancho” (82.5). Procurando o amparo real, o prior e convento din que o mosteiro “non á outro erdeyro *nen* eree senón uós” (82.7), palabras que van ao encontro da suposición de De la Cueva⁹.

⁷ Ferro Couselo (1967b: 209) tamén indica que é anterior ao século x, sen máis precisións, o mesmo ca Pousa (2019: 20), segundo o cal “no podemos afirmar que en el enclave donde aún hoy se erigen las ruinas del monasterio bajomedieval, muy reformado en época moderna, no existiese un centro de culto anterior al siglo x”.

⁸ Máis adiante (*ibid.* 158) acrecenta que “se confirma nuestro pensamiento de que fue su fundador el rey don Alonso el Magno con verle tan favorecido de los reyes de León sus descendientes”; e insiste (*ibid.* 161), despois de repasar os privilexios reais concedidos ao mosteiro, en que “todos los reyes, considerando ser fundación real, le an faborezido con sus prebilegios”.

⁹ Non estará de máis engadir que Portela & Pallares (1993: 146), referíndose ao mosteiro de Sobrado, de fundación familiar, indican que a dotación por parte dos fundadores “atrai outras donacións ao cenobio, especialmente as donacións reais, que xunto cas compras e cos cambeos realizados polo propio mosteiro, completarán o seu patrimonio e determinarán a área xeográfica do seu influxo directo”. E, en sentido análogo, referido agora ao noso mosteiro, Pousa (2019:19) apunta que “[p]ese al favorecimiento de los sucesivos monarcas es posible que su fundación se deba a algún particular, como la de otros monasterios de su entorno, como San Clodio, Armeses y San Silvestre”.

Sobre a orixe do mosteiro tamén fornece unha pista interesante un documento de 1380 (CD 139). Trátase dunha sentenza pola que o rei Xoán I manda ao seu adiantado maior en Galicia, Pedro Ruiz Sarmiento, e a Xoán Pérez de Nóvoa que deixen as encomendas que teñen do mosteiro de Santa Comba de Naves¹⁰, do que se indica que “fuera fundado por el conde Bábila Bagina” (líña 20). Agora ben, no *Tombo de Celanova* (Andrade 1995a: 770-773) o confeso Fáfila, que fundara co seu fillo Egas o mosteiro de San Vicente de Louredo¹¹, faille unha importante doazón de bens mobles e inmobles no ano 952, para que vivan os frades “sub regimine pontificis domno Rudesindi episcopi et Frankillani abbati” (*ibid.* 772). No capítulo que De la Cueva lle dedica a este mosteiro indícase:

Y algunas [*sic*] an querido deçir que este monasterio fue el que oy llamamos de Santa Comba de Naves el qual, haviendo estado en su prinçipio en el coto de Loredo, donde oy conserba el monasterio de Zellanobba un venefiçio anexo a Sancta Comba, llamado Santiago de Loredo, andando los tiempos, se mudó al de Sancta Combba, donde oy perssevera el priorato y monasterio (1991: 228).

É posible relacionar Santa Comba de Naves con San Vicente de Louredo, non só pola coincidencia no nome do fundador, non infrecuente no século en que nos situamos, senón tamén por mencionarse, entre os bens cos que se dota o mosteiro, propiedades nas vilas de Freixendo e Alongos (Andrade 1995a: 771), onde tamén tivo propiedades Santa Comba. Pódese pensar na incorporación a Santa Comba deste mosteiro por medio de Celanova, tal como pode ter acontecido cos de San Xoán de Requeixo (Ferro Couselo 1951: 16) ou de San Silvestre de Oira (Duro 1968: 167). Así, nun caderno do século XVIII que recolle documentos sobre as propiedades do mosteiro de Naves no couto de Astrés¹², o compilador, en relación cun documento referente aos lugares de “Chaín y Custodia, que aora también llaman Poboadura”, da freguesía de San Pedro de Cudeiro,

¹⁰ Conservamos documentos moi semellantes a este de mosteiros como Oseira (Romaní & alii 1993: 371-375), San Clodio do Ribeiro (Lucas Álvarez & Lucas Domínguez 1996: 513-515) ou Celanova (Vaquerro Díaz 2004a: 254-257). En García Oro (1999²: 58-60) dáse unha extensa e, con todo, incompleta lista dos mosteiros que se queixaron perante o rei, xunto aos seus encomendeiros.

¹¹ Trataríase, en consecuencia, dunha fundación familiar que, como nos casos citados máis arriba, pretendía o “mantemento dun patrimonio familiar ameazado pola organización hereditaria vixente” (Andrade Cernadas 1995b: 19).

¹² Arquivo Histórico Provincial de Ourense (AHPO), Clero, Naves, libro 332.

remite ao tomo de Celanova (“libro gótico, folio 63, de la fundación de San Silbestre de Aurea”) para xustificar a pertenza de Cudeiro ao mosteiro de Santa Comba, antes vinculado ao mosteiro de Oira. Alí dise que, entre os bens cos que o confeso Cresconio dota o mosteiro de San Silvestre, se encontra unha “villam in ripa Minei, territorio Bubalo, inferius sub deganea de Cotario” (Andrade Cernadas 1995a: 251)¹³.

1.2. Estudos sobre o mosteiro

Se prescindimos das referencias ao mosteiro que pouco máis van facer que indicar a súa mera existencia, as máis das veces como priorado celanovés, Santa Comba de Naves non recibiu demasiada atención por parte dos estudosos do noso monaquismo medieval e só un reducido número de traballos contribúen a un mellor coñecemento do cenobio na Idade Media.

Da primeira metade do século XVII data a *Historia de los monasterios y prioratos anejos a Celanova*, atribuído a Frei Benito de la Cueva pola editora da obra¹⁴, no que se dedica ao mosteiro de Santa Comba de Naves o capítulo titulado “La fundación del monestterio de Santa Comba de Naves, abbadía de ymportanzia y muy favoreçida de los reies, sus calidades y suçessos y unión al monesterio de Zellanoba”¹⁵.

¹³ Aínda cabería engadir outra mostra de que Santa Comba podería ter acabado por ser a administradora das propiedades de Celanova na ribeira do Miño de Búbal: é o caso dunha copia en papel do ACO dun aforamento de 1484 sobre a vila de Alongos (ACO, Fondo Monacal, Celanova, caixa 15, nº 31), onde se remite, en relación con esta propiedade, a unha doazón de Odoario Vermúdez (1032-XII-1) a Celanova que está no folio 192 do Tombo de Celanova: “Et alia villa in ripa Minei qua inquit Haloncos subtus villa de Tuen” (Andrade Cernadas 1995a: 774).

¹⁴ A descuberta, con posterioridade á edición de María Teresa González Balasch, do manuscrito dunha historia do mosteiro de Celanova, na que figura como autor frei Benito de la Cueva (De la Cueva 2007), pon en cuestión esta atribución. Tanto os argumentos de Hernández Figueiredo (2006: 138-143, reprod. en De la Cueva 2007: XXXVIII-XLI), que considera esta obra como o cuarto dos volumes da historia do mosteiro debida a outro frade celanovés, frei Torcuato de Vargas, coma a existencia dun segundo volume, que se supón da mesma obra, atribuído explicitamente a este último historiador (Fernández de Viana y Veites 2002), parecen apoiar solidamente a autoría de Vargas.

¹⁵ O contido do capítulo, que a seguir se expón sumariamente, é fundamentalmente idéntico ao que se dedica a Santa Comba de Naves, aínda que desenvolvido de xeito máis sintético, en *Celanova Ilustrada y Anales de San Rosendo*, que leva por título “La fundación de Santa Comba de Naves, su unión a Celanova, calidades y sucesos” (De la Cueva 2007: 201-205).

Ademais de atender á fundación do mosteiro, como xa foi apuntado máis arriba, e aos privilexios reais que lle foron concedidos, presta atención á razón pola que o mosteiro de Celanova e o cabido de Ourense alternan a xurisdición do couto de Mende (hoxe integrado no termo municipal de Ourense), un ano cada un, pois “en Zelanova se quenta muy al contrario de la verdad” (De la Cueva 1991: 161), citando extensamente a sentenza (cf. CD 212) sobre o preito polos bens e señorío de Mende que enfrontou o mosteiro de Santa Comba e o cabido da igrexa de Ourense, onde se recolle esa xurisdición alternativa en Mende. Tamén se estipula nesta sentenza que as igrexas de Santo Estevo de Untes e de Louredo sexan anexadas ao mosteiro, o que lle dá pé ao autor a enumerar as outras igrexas dependentes de Santa Comba, como as de San Mamede de Palmés, Santo Eusebio¹⁶, Santo André do Castro, San Xoán de Piñeiro ou as igrexas de San Tomé, Mende e San Cibrao “por privilegio del Emperador don Alonso el Sétimo, como atrás queda visto” (De la Cueva 1991: 164). Pecha o capítulo con referencias á situación do mosteiro na altura (“después de tantos altos y baxos, tantas guerras y trabajos como hubo en Galicia, a conserbado dos cotos y en ellos quatroçientos y más vasallos”), á súa localización e á anexión definitiva a Celanova no século XVI por unha bula do papa León X.

Referencia inescusable para o coñecemento do priorado de Naves é o estudo de quen foi cóengo arquivero da catedral de Ourense, Emilio Duro Peña (1968), que inclúe, así mesmo, a edición de dous documentos (CD 11 e 17). Na abordaxe de Duro non podía faltar a cuestión das orixes, punto no que invoca o diploma de Afonso VII xa varias veces citado. A este respecto e polos vínculos que establece coa obra anteriormente mencionada, resulta interesante a información incluída en nota polo arquivero ourensán na que se apunta que, tempo despois de ter rematado o artigo, entrou no Arquivo da Catedral de Ourense (ACO) un mazo de papeis relacionados con Celanova, “entre los que destacan cinco hojas, cosidas pero discontinuas, que debieron de pertenecer a un libro de *Apuntes* redactado por algún monje archivero del siglo XVII” (Duro 1968: 139)¹⁷, que recollían as informacións sobre as orixes de Santa Comba que máis arriba reproducimos e que recúan a existencia do mosteiro ata o século IX. Tal como xa

¹⁶ A igrexa de Santo Eusebio aparece incluída nunha copia dunha relación de 1487 de rendas e dereitos de padroado e presentación de Celanova (Vaquero Díaz 2004b: 116-120).

¹⁷ Actualmente este caderno forma parte da caixa 15 de documentación en papel de Celanova do ACO, onde leva o número 33.

advertira a editora de De la Cueva (1991: 155), as frases dese documento que cita Duro Peña encóntranse de xeito case idéntico na obra do frade celanovés. En efecto, no que se refire ao folio dedicado a Santa Comba de Naves, puidemos constatar que se trata dun borrador do texto que hoxe coñecemos, e ten como título “Aquí se ponen las noticias de la unión de la abadía de Santa Comba de Naves a Celanova y de sus calidades y sucesos desde el año de Christo de 1108”.

Dedica, por outra parte, un apartado á “Dependencia de Celanova”¹⁸, que comeza coa primeira constancia documental desa dependencia: un privilexio de 1155 de Afonso VII polo que lle restitúe ao mosteiro de Celanova todas as propiedades que tivo en tempos de Afonso VI, entre elas “In Buualo monasterium Sancte Columbe de Naves cum omnibus suis directuris” (Recuero Astray *et alii* 1998: 178)¹⁹. De aí que atopemos case sempre priores e non abades, agás no caso do abade Paio Muñiz (1184-1192), chamado “Cordellino” ou “Cordelin”, á fronte do cenobio. Adúcense tamén outros argumentos en favor da dependencia de Celanova, como é o caso da presenza do abade do mosteiro na data dalgúns documentos ou de certas cláusulas dos foros que se importarían dende o cenobio de san Rosendo. Ademais dos exemplos que achega Duro, podemos engadir aquí o caso do documento CD 9 (a. 1197), onde se dá ao mosteiro unha herdade “pro remedio anime mee et patris mei et amorem Sancti Rudesindi et Sancte Columbe” (9.4-5) e se outorga un préstamo “autoritate uestra [i. e., Sancte Columbe prioris] et Cellenoue abbatis et conuentus” (9.6-7).

O capítulo máis extenso do traballo de Duro Peña recolle unha “Relación de priores” que lle serve para salientar os acontecementos máis relevantes relacionados coa vida do priorado en canto tivo un funcionamento autónomo con respecto a Celanova, baseado en gran medida na documentación que aquí se edita²⁰, con

¹⁸ Para a integración de Santa Comba na rede prioral de Celanova, véxase Pérez Rodríguez (2009).

¹⁹ No mesmo sentido apunta o que se di na confirmación de Fernando IV dun privilexio real de Naves da mesma data: “Et hoc feci rogatu domni Pelagij Ficarij, abbatis Cellenoue, qui michi dectis centum marchos propter hoc et propter alias hereditates et ali[os cau]/tos quos ei restituj in terra Limie et in Salnes et in Toronis et in Lemos et in Canpos” (84.10-11). En CD 123, onde está incluída esta confirmación, aparece un texto moi semellante, só que, despois de “abbatis Cellenoue”, engade “cuius est monasterium Sancte Columbe” (123.95). Estes fragmentos faltan na copia simple do privilexio de Afonso VII que editamos como CD 1.

²⁰ Entre a documentación que emprega, Duro destaca e cita amplamente un documento que nos informa sobre a vida interna do mosteiro (pp. 157-158), recorrendo á edición de Vázquez Núñez (1898-1901: 124-126), que non cita a procedencia do pergamíño. Trátase, tal como se indica no lugar oportuno (cf. doc. 173 desta CD), dun dos documentos que se conservan no AHN (c. 1507, nº 13), na actualidade infelizmente ilexible.

particular atención aos privilexios reais concedidos en cada priorado. De todos os superiores do cenobio de Búbal, segundo o arquivero catedralicio, só Paio Muñiz (1184-1192) se chamou “abade” (p. 143), o que fai que o autor se deteña a procurar a explicación desta excepción. Porén, non cremos que se deba considerar unha situación excepcional; máis ben trataríase do último dos reitores do cenobio que empregou esa designación, antes de que a dependencia celanovesa se manifestase tamén na designación do superior de Naves. Así, se non temos en conta o caso do abade Estevo ao que fai referencia De la Cueva, documentado no século x (cf. supra), consideramos que aínda hai outro abade de Santa Comba, frei Martiño, precisamente o primeiro que consta na nosa CD. En efecto, non hai dúbida de que no diploma de Afonso VII (CD 1) aquel recibe a designación de prior. Con todo, trátase dunha copia en que moi ben se puido mudar o *abbati* polo *priori*, e se observamos as outras copias que se conservan do documento aquí editadas, nun caso (CD 85) onde debería estar a palabra *priori* aparece un rompido, e no outro (CD 123, liña 92) está escrito *abbati*. Noutro diploma (CD 86), unha confirmación de Fernando IV dun privilexio de Afonso IX, inclúese o documento de Afonso IX, unha vez máis unha copia en que, curiosamente, todas as veces que aparece a palabra “prior” (“priorem”, liña 10; “priori”, liña 11; “prior”, liñas 18 e 21) está corrixida, no primeiro caso claramente sobre *abbat*²¹. Parece evidente que, unha vez que Afonso IX outorga o privilexio ao xa citado abade Paio Muñiz, se estende a designación á parte romance do diploma; a aparente contradición entre a designación “abade” para un e “prior” para outro obriga á rectificación en todos os casos. De feito, esta rectificación tamén se intentou para CD 5. En definitiva, frei Paio Muñiz non sería o único prior, senón que ata este temos sempre abades en Santa Comba (tamén o sería frei Martiño), sen termos en conta o abade Estevo que máis arriba citamos.

É tamén de destacar o capítulo titulado “Últimos tiempos”, elaborado fundamentalmente xa con base en documentación allea a esta CD, que aborda a reforma beneditina de finais do século xv no mosteiro e que nos mostra a resistencia oposta polo derradeiro prior, frei Ares de Santa María²². No inicio do seu priorado aínda é coñecido como Ares da Veiga (cf. Anexo A, onde aparece

²¹ En sentido análogo pronúnciase Pérez Rodríguez (2019: 620) ao falar de documentos “interpolados”.

²² Non son infrecuentes as referencias á conflictividade que envolveu este proceso en Naves no recente estudo de Pérez Rodríguez (2019: 357-459, esp. 407-408) ao tratar da reforma observante dos mosteiros bieitos no reino de Galicia a finais do século xv.

aludido como “Arias da Beiga”). De acordo coas informacións achegadas por varias testemuñas interrogadas en 1498, en relación coa conduta dos priores de Naves e Rocas no ámbito da reforma observante (Zaragoza Pascual 1998: 825-832), frei Ares de Santa María sería natural de Vilamarín (Ourense) e, antes de chegar ao noso mosteiro, clérigo de “San Payo de Castrelo” (act. San Paio de Ventosela, Ribadavia, OU). As declaracións das testemuñas trasladan unha imaxe pouco positiva do último superior de Naves, cuxa peripecia vital incluíría o asasinato dun home en Santa Cruz de Arrabaldo (Ourense). Ademais, chegara ao priorado de Santa Comba debido a que seu tío, o abade de Oseira frei Ares de Santa María, tería renunciado ao seu cargo en favor de frei Sueiro de Oca, superior de Naves baixo o nome de Sueiro de Leborín, para que este, pola súa vez, cedese o lugar de prior de Santa Comba a Ares da Veiga²³. A integración do priorado no mosteiro de Celanova, cun intento previo de anexión a San Paio de Antealtares que non prosperou (Duro 1968: 164-165), tal como lle aconteceu a San Pedro de Rocas (Duro 1972: 82-84), foi sancionada definitivamente por unha bula do papa León X do 19 de marzo de 1513.

O estudo de Duro péchase cun “Apéndice” onde se inclúe unha “Nota” sobre o castelo de Alba de Búbal, situado preto do mosteiro, do que hoxe non restan vestixios. A este castelo remítennos, tal como sinala o autor (Duro 1968: 173), topónimos ben coñecidos como Trasalba ou Albeiros. Entre os tenentes do castelo cóntase, no século XII, o trovador Fernando Paz de Tamallancos²⁴.

Menos interesantes se revelan as informacións que sobre o cenobio de Palmés nos transmite Hipólito Sá Bravo na súa obra panorámica sobre o monacato galego. Seguindo a Vicente Risco (s. d.: 310), afirma que “durante algún tiempo estuvo vinculado al Monasterio de Oseira” (Sá Bravo 1972: 51). Despois de indicar que de Santa Comba “perduran documentos y pruebas distintas que avalan su antigüedad e importancia” (1972: 51), fai referencia a varios documentos do mosteiro. O primeiro deles é un aforamento de 1124 en Mende do abade Pedro a Roderico Muniz, que descoñecemos. Alude tamén a unha serie de privilexios e

²³ As informacións sobre frei Ares de Santa María están tiradas de Zaragoza Pascual (1998: 809) e Otero Piñeyro Maseda *et alii* (2008: 432-435).

²⁴ Figura como tal en documentos de 1216 (“tenente Buual Fernando *Pelaiz*” 11.31), 1227 (“tenente castellum de Alua Fernando *Pelaiz*” 15.20) e 1232 (“tenente castellum de Alba *domno* Fernando *Pelagij*” 19.13) da nosa CD, polo que se constitúe en fonte de relevancia para a documentación histórica deste trovador (cf. Oliveira 1994: 343). Sobre os testemuños do poeta na documentación notarial, véxase Monteagudo (2008: 395-402).

confirmación dos que a información que achega está fundamentalmente tomada do catálogo de Sánchez Belda (1953) dos documentos reais galegos da Sección de Clero do Arquivo Histórico Nacional (AHN).

Pechamos este percorrido polos estudos sobre o mosteiro (e algúns dos seus avatares históricos), cunha breve referencia a estudos que nos son moito máis próximos cronoloxicamente, como é o caso das achegas de Francisco Javier Pérez Rodríguez, resultado de varias décadas de estudo do noso monaquismo medieval e que xa citamos por varias veces ao longo deste capítulo. Ocúpase de Santa Comba de Naves tanto nos seus traballos panorámicos sobre o monaquismo galego (Pérez Rodríguez 1999, 2008, 2019) como nos que dedica a San Salvador de Celanova e a súa rede prioral (Pérez Rodríguez 2007, 2009). Os intereses deste estudoso, relativamente ao noso mosteiro, teñen que ver principalmente co establecemento do inicio da dependencia celanovesa (xa aludimos máis arriba ao período durante o que Naves estivo rexido por abades) e co conflitivo proceso de reforma que se desencadea a finais do século xv. En tempos recentes apareceu, pola súa parte, a contribución de Pousa Diégez (2019), o traballo máis exhaustivo sobre o mosteiro, entre outras, na dimensión cronolóxica, pois non se limita ao período medieval. Como o propio título apunta, a contribución de Rodrigo Pousa céntrase nos aspectos xurisdiccionais e da configuración e xestión do patrimonio, sen deixar de atender aos principais fitos na vida do mosteiro, formulando aínda algúns interrogantes que servirán de estímulo para futuras aproximacións ao cenobio de Palmés.

2. A DOCUMENTACIÓN MEDIEVAL EN PERGAMIÑO DE SANTA COMBA DE NAVES

Os documentos en pergamino de Santa Comba de Naves encóntranse actualmente distribuídos por tres depósitos: o ACO, o AHN de Madrid e o AHPO²⁵. Da suma dos fondos de Naves destes tres arquivos, deixando fóra da colección diplomática 3 documentos non relacionados co mosteiro e aos que nos referiremos máis abaixo, resulta un total de 288 pergamios, dos que 262 corresponden ao período medieval

²⁵ Para unha primeira aproximación aos arquivos en que potencialmente se poderían custodiar diplomas do noso mosteiro, empregouse a *Guía* de Jiménez Gómez (1973), que apenas fai referencia explícita aos fondos do AHN.

e son obxecto de edición desta colección diplomática²⁶. A distribución dos diplomas polos depósitos citados indícase a continuación, acompañada de información sobre os catálogos publicados nos que aparecen compendiados.

No ACO, no seu Fondo Monacal, están clasificados como documentos do noso mosteiro un total de 218 pergamiños, o que converte o *tesouro* catedralicio no depósito diplomático máis importante para o cenobio de Naves, tal como acontece con outros moitos da provincia de Ourense. Engádense a estes outros 6 documentos relacionados con Santa Comba que integran a Sección A do Fondo Catedralicio²⁷. Da xeneralidade dos fondos documentais deste depósito dá conta unha breve guía do arquivo elaborada por Leirós (1950), onde se alude ao achado da documentación monástica nestes termos: “recientemente se han descubierto fuera del Archivo, pero en la catedral, en un grande arcón, seis mil cuatrocientos veinticuatro pergaminos, que si bien en gran parte son foros, donaciones, ventas, etcétera, contienen muchísimos documentos pontificios, reales, etc., siendo de gran valor histórico, geográfico y lingüístico, especialmente para la región gallega” (Leirós 1950: 8). O mesmo arquivista levou a cabo unha deficiente catalogación deste Fondo Monástico (Leirós 1951), criticada duramente por Ferro Couselo (1973)²⁸, que limita bastante a súa utilidade. No que se refire aos documentos en pergamiño do Fondo Catedralicio, existe un catálogo dos diplomas privados (Duro 1973). Tamén da autoría de Duro (1972a) é a catalogación de toda a documentación real do seu arquivo²⁹.

Dentro da sección de Clero, provincia de Ourense, do AHN de Madrid, conteñen pergamiños de Santa Comba as carpetas 1506 (18 documentos) e 1507

²⁶ As signaturas de arquivo de todos os pergamiños que se editan na nosa CD, acompañados polo número de orde que nela lles corresponde, encóntranse no Índice de Pergamiños. Do cómputo total dos documentos, ben como dos parciais do ACO e do AHN que se presentan a continuación, non constan os diplomas excluídos por non corresponderen a Santa Comba, tamén referenciados no citado índice.

²⁷ Para a determinación dos documentos catedralicios vencellados a Naves empregamos o *Catálogo* de Duro (1973) que se cita máis abaixo.

²⁸ Entre as eivas que o investigador ourensán lle apón ao catálogo, é de interese destacar que “está hecho con demasiada precipitación, en muchos casos sin leer ni por encima los documentos, y sin observar, en lo más mínimo, cualquiera de las técnicas consagradas por la experiencia”, ou que estrañamente “el catalogador no haya podido identificar la procedencia de numerosísimos documentos que llama ‘particulares’. Una simple atención a los lugares, pero sobre todo a las señales o signaturas de cada uno de los archivos monacales le hubiese llevado a fijar, con toda seguridad, la procedencia” (Ferro Couselo 1973: 185).

²⁹ Entran dentro desta categoría apenas dous pergamiños relacionados con Santa Comba de Naves: os documentos 82 e 123 (neste último caso, trátase dunha confirmación de Fernando IV incluída nun documento máis amplo) desta CD.

(11 documentos). O fondo de diplomas de Naves do AHN complétase con 3 documentos máis que se encontran na Sección de Sixilografía. Deste conxunto documental constan todos os privilexios reais de Naves, dos que se informa no catálogo publicado por Sánchez Belda (1953), referente aos documentos reais galegos deste depósito. Xa no Arquivo Histórico Provincial de Ourense, o mosteiro de Santa Comba está representado por apenas 6 documentos. Dános noticia deles Olga Gallego (1977: 116) na súa *Guía* do AHPO ao tratar da Sección de Diplomas.

2.1. Sobre documentos perdidos, trasladados e achados

Conviría agora prestar atención, na medida en que sexa posible, ás vicisitudes que viviron estes pergamiños de Naves ao longo da historia³⁰, unhas peripecias que tamén explican a súa actual repartición por tres arquivos, para facérmonos unha idea da representatividade destes documentos relativamente á documentación perdida. Neste sentido, xa se fixo referencia máis arriba a un incendio que afectou o mosteiro, citando a De la Cueva. Noutro punto do seu relato, ao tratar do privilexio concedido ao mosteiro por Afonso VII, volve aludir ao asunto en termos que constatan que non se conservaba diploma máis antigo có do emperador³¹:

Y este es el título más antiguo que hallo de sus posesiones porque, según es fama, se quemó el monasterio y en este inçendio perezieron los papeles de Santa Comba.

³⁰ En relación coas circunstancias que afectan a transmisión da documentación medieval, dinos Mattoso (1964: 140) que “estudá-los [os documentos] independentemente do modo como chegaran até nós, é caminho aberto para os equívocos e interpretaciones duvidosas”.

³¹ Para Pousa (2019: 23), ao referirse ao privilexio de Fernando II no que confirma o couto de Vilar tal como o estableceu súa avoa, a raíña Urraca (CD 4), constata que non conservamos o instrumento de dona Urraca “pero que aparece en poder del prior en 1477, cuando recibe la posesión de los bienes del monasterio en Beiro de sus llevadores”. No documento aludido dise que o prior Lopo Gómez de Ribadal “leo e pronunçiou vn priujlejo dos señores rreys don Fernando e del rrey don Afonso e da rreña dona Orraca, de gloriosa memoria, rreys de Castilla, enno qual dito priujlejo se contiña que os ditos señores rreys deran jure hereditario ho couto do dito lugar d’[As]trees e de Vilar ao dito mosteyro de Santa Comba de Naves e aos priores e convento del” (AHPOU, Clero, Naves, caixa 9902, nº 12). Entendemos que o superior de Naves achegou a confirmación de Fernando II e non o documento de súa avoa, que xa non conservaría o mosteiro.

Y échasse de ver aver sido después de la muerte del rey Magno [Afonso III, morto no 910] pues, hasta el tiempo del emperador [Afonso VII, 1111-1157], no hallamos título ni un papel de ymportançia (De la Cueva 1991: 158).

Nos propios diplomas de Santa Comba atopamos alusións directas ou indirectas á perda de documentos. É o caso das informacións contidas no documento 82 desta CD, un dos máis interesantes no que se refire á achega de datos históricos, aínda que infelizmente o seu estado de conservación é bastante malo. Trátase dunha carta enviada por Fernando Eanes de Garabás, en nome do prior e convento de Naves, a Fernando IV na que informa sobre os prexuízos sufridos polo mosteiro durante o conflito pola sucesión de seu pai Sancho IV, causados polos bandos do infante Filipe, irmán do rei, e de Fernán Rodríguez de Castro. Os testemuños dos danos inclúen a referencia ao roubo de documentos (“lleuaran ende priuyllegios e cartas e esturmentos e dineyros” 82.31) por parte dos cabaleiros que entraron nos coutos monásticos, e que mesmo obrigaron aos frades a fuxir “con pan e con viño et con dineyros e con panos e con talles e con vistymentas e con capusos e con priuyllegios e con cartas e con esturmentos a húas casas que allugaron en essa villa [de Ourense]” (82.19-20). De maneira que conclúen as testemuñas, no que atinxe aos documentos do mosteiro, que “sson perdudos a mooría delles” (82.56).

A documentación dá noticia igualmente da saída de documentos do mosteiro, o que podía supor o seu extravío. Así, o notario ourensán Gonzalo Pérez do Mato, no seu preito polo señorío de Mende co bispo de Ourense, aduce como proba “hũu priuilegio escripto en purgemeo, rrodado e bullado en fíos de seda do seelo del rrej don Ffernando” (124.32-33), pertencente ao mosteiro de Santa Comba de Naves, que hoxe só se conserva en copia (cf. CD 84). Para evitar as negativas consecuencias da perda de diplomas importantes, recorríase á petición de copias notariais, coma no caso de dous privilexios de Naves nos que aparece explícito o motivo polo que se solicita o traslado deles:

O qual priuilegio eu, Domingo Nunes, notario jurado d'Ourense porla jgleia desse lugar, en myá presenza fige tralladar a pedimento de Ffrançaisco Eanes, monge do dito moesteyro de Santa Coonba, por quanto o dito Ffrançaisco Eanes disía que o prior e conuento do dito moesteyro auýan mester o dito trallado para o mostrar ante nosso

señor el rrey dom Affonso, e que non oussauan a leuar o dito priuilegio teméndonse que o perderían pello camyno en algúa maneyra (100.24-26)

A qual [carta] eu, Fernán Gonçalues, notario públrico da çidade d’Ourense porlo bispo e porla jgleia desse lugar, vy e lij e aquí de veruo a veruo ben e verdadeyramente traladey a pedymto de Gil Peres, prior do moesteyro de Santa Coonba de Naues, a que a dita carta pertõeça, por quanto disso que auya mester de a enviar a algúas partes hu lle conprija et temjase de a perder e de perder per elo seu dereito (141.43-46).

Mais non foron estes os únicos elementos que incidiron na mutilación do patrimonio documental de Santa Comba. Xa formando parte do *tesouro* celanovés, na centuria do oitocentos a documentación de Naves vese afectada polo proceso de desamortización dos bens eclesiásticos. En relación cos fondos documentais da abadía de Celanova que hoxe perduran, indica Vaquero Díaz que “[a]ta o intre en que os fondos foron depositados para a súa custodia no actual AHPOU sufriron un dos maiores procesos de deterioro e mutilación que aconteceron en Galicia, conservándose, en relación coa súa importancia inicial, un volume pequenísimos de documentos en comparación con outros arquivos de moita menor entidade” (2004a: 15)³². É de interese verificar se esta afirmación se pode extrapolar ao acontecido coas cartas de Naves.

Neste sentido, haberá que recorrer aos instrumentos de descrición da organización primitiva dos arquivos, no caso de que actualmente se conserven, pois, tal como destaca Mattoso, chamando a atención sobre os problemas que comporta o non respectar a orixinaria organización dos arquivos, “reconstituír a arrumação primitiva dos cartórios, através, sobretudo dos antigos índices, quando eles ainda existem, é, portanto, o primeiro traballo que tem de fazer quem precisa de estudar a vida de qualquer mosteiro ou cabido durante a Idade Média e nos Tempos Modernos” (1964: 140)³³. Entre os variados puntos de interese que revisten,

³² Para pór de revelo esta perda documental, Olga Gallego dinos en relación coa documentación que se custodia no AHPO: “Si comparamos el fondo conservado de Celanova, que alcanza 16,40 m. lineales, con el del Monasterio de Oseira, de 18 m. lineales, tenemos que convenir que el deterioro del primero fue mucho mayor que el del segundo, habida cuenta del volumen de documentación inventariada en 1840 en uno y otro archivo y del número de cajones que ambos poseían (Oseira con 85 cajones y 13 alhacenas y Celanova con 135 cajones de numeración arábica, 12 con numeración romana y estanterías). El mismo Monasterio de S. Clodio, que tenía 27 cajones de documentación, conserva hoy, en el AHPO, 9,28 m. lineales (5,86 de libros y 3,42 de cajas)” (1991: 47).

³³ Un exemplo das negativas consecuencias da non observancia desa “arrumação primitiva” é a catalogación dos pergamiños monacais do ACO levada a cabo por Leirós (1951) á que máis arriba fixemos alusión, unha clasificación antiga que si se respecta na organización dos fondos de Celanova no AHPO (Gallego 1991: 48).

permítennos contrastar o volume documental que hoxe perdura co que efectivamente existía no depósito de procedencia³⁴. No caso de Celanova só conservamos índices ou inventarios parciais, dalgún caixón ou mazo de documentos do arquivo (Gallego 1991: 32), e ningún deles se refire á documentación de Naves, mais si dispomos de dous índices realizados na altura do paso dos fondos celanoveses a mans do Estado.

É o caso dun “Imbentario de los documentos del Archivo del extinguido Monasterio de Celanova” realizado en 1840³⁵ co gallo do traslado dos fondos celanoveses a Ourense, concretamente ao Archivo de Monasterios y Conventos Suprimidos³⁶. Neste inventario correspóndenlle ao “Priorato y Partido de Santa Comba” os caixóns 114 a 119³⁷, dos que unicamente conteñen documentos en pergamiño o 114 e o 115³⁸, tendo en conta que hai documentos que estaban noutros caixóns.

³⁴ Entre estes documentos perdidos encontraríase o pergamiño máis antigo do mosteiro, segundo a información de frei Benito de la Cueva indicada máis arriba: “La más antigua memoria que yo e podido descubrir es un pergamino que refiere un pleito que los monxes de Santa Columba de Naves y su abbad don Estevan tubieron con el arzidiano de Búbal sobre la presentación del veneficio de Santa María de Loredo [...]; es la fecha a primero de febrero, era 999, que es año de Cristo 961” (1991: 155). No mesmo sentido, hai que engadir a moito máis recente referencia de Hipólito Sá Bravo a un documento do século XII: “El abad Pedro afora a Roderico Muniz unas heredades en Mende con obligación de cultivarlas, en el año de 1124” (1972: 52).

³⁵ AHPO, Facenda, caixa 10.255. En Gallego (1991: 60-70) preséntase un esquema do inventario no que se indican os caixóns de que constaba o arquivo xunto co título de cada un deles.

³⁶ O inventario e translación da documentación celanovesa foron encomendados polo “comisionado principal de rentas y arvitrios de amortización de esta provincia”, a instancias do intendente de Ourense, a D. Antonio María Álvarez de Nóvoa. A catalogación foi autorizada polo notario de Celanova Benito Antonio Álvarez, que rexistra tanto as xestións realizadas para levar a cabo o catálogo do arquivo coma a propia catalogación, e lévase a efecto o día 3 de novembro perante os frades Bonifacio Ruiz e Benito la Rosa, encargados do arquivo.

³⁷ Véxase o Anexo B, Apartado II.

³⁸ Do levantamento exhaustivo das signaturas de todos os pergamiños que hoxe se conservan nos diferentes depósitos como pertencentes a Santa Comba, constatamos que existe un grupo duns trinta documentos que non presentan no verso indicación de caixón nin de mazo en moitos casos, nin sequera de número en menos, mais todos eles se refiren a Mende ou á Lonía. Así, hai que pensar que estarían no caixón 109, de título “Foros en pergamino en Belle, Mende y la Lonía”; de feito, nun inventario dos pergamiños de Celanova de 1852 conseguimos recoñecer algún destes documentos, aínda que non se puido verificar en todos os casos debido ás características do referido índice. Tratando da documentación de San Pedro de Rocas, outro dos priorados celanoveses, Duro (1972: 92-93 n. 225) indica que os documentos relativos á granxa de Velle só acostuman levar como signatura un número e non a indicación do caixón e o mazo, tal como acontece co resto dos documentos. Polo demais, aínda restarían algúns documentos sen signatura de arquivo, o que nos impide, por exemplo, valorar en que medida prevaleceron ata hoxe, e algún outro que, por erro do arquivista, clasificou en caixóns non relacionados co noso mosteiro.

Para realizar unha aproximación á mutilación que debeu sufrir o fondo de Naves, contrastamos o número de pergamiños que sinala o Inventario de 1840 para os caixóns citados co número dos que hoxe podemos atribuírllle con total seguridade³⁹ seguindo as signatures de arquivo que se atopan no dorso dos documentos. Deste xeito, comprobamos que dos 123 pergamiños do caixón 114 se conservan 114 e dos 138 do caixón 115 restan 123, o que supón a preservación dun 91 % dos diplomas que de Naves existían no século XIX. Téñase aínda en conta que existen algúns documentos que non presentan signatura, ou ben só unha parte dela, e que moi ben poderían atoparse nalgún mazo destes dous caixóns.

Outro documento importante para a determinación da deterioración sufrida polo fondo de Naves dende a exclaustación ata hoxe é outro “Inventario”, neste caso dos pergamiños de Celanova (AHPO, Facenda, caixa 10.255), do ano 1852⁴⁰. Neste índice, os diplomas están agrupados en conxuntos numerados que oscilan na maior parte dos casos entre as oito e as catorce pezas, encabezados por un número arábigo. O autor límitase a indicar superficialmente de que tipo de documento se trata (foro, doazón, troca), cal é o tipo de ben implicado (leira, viña, casal, lugar) e onde se localiza, unha información que polo xeral se toma do sumario arquivístico das costas do pergamiño, sen referencia ningunha á signatura que tiñan no depósito de Celanova⁴¹. Correspóndenlle a Santa Comba de Naves os diplomas dos grupos 44 ao 64 deste índice, que, unha vez relacionados coa súa cota celanovesa, resulta que recollen as pezas dos mazos C, D, E e F do caixón 114 e as de todos os mazos do caixón 115. E así, segundo este inventario, só se terían perdido dende o momento da exclaustación ata a actualidade once pezas, en tanto que sete pergamiños que aínda se computaban en 1840 xa non se rexistran en 1852. Dos once diplomas aos que acabamos de aludir, nove teñen que ver con Astrés e casualmente conservamos tres destes documentos en copias do XVIII, integrando un caderno sobre este “cotto

³⁹ Unicamente consideramos aqueles pergamiños que presentan unha signatura na que se explicita o caixón en que estaban (v. o Anexo B, esp. o Apartado I). Nalgún caso en que isto non acontece, recorreremos ao Inventario de 1852 para situalo.

⁴⁰ Véxase o Anexo B, Apartado III.

⁴¹ Como exemplo reproducimos as seis primeiras referencias do nº 44 (fol. 10v):

1º. Foro del lugar de Cacabelos.

2º. Id. otro de una leira de viña en donde llaman Cacabelos.

3º. Id. otro del lugar de Cacabelos.

4º. Id. otro de la viña de Cacabelos.

5º. Id. otro de la leira y here[da]d do Candoo, Cacabelos.

6º. Id otro de las leiras do Candendo, Soutelo y Reguenga.

de las Trees, incluso en la jurisdicción del Monasterio de Sancta Comba de Naves” (AHPO, Clero, libro 332)⁴², polo que neste caso a perda se ve atenuada⁴³.

Habrá que concluir que o volume de pergamiños perdidos, se ben é sempre sensible, en calquera medida que sexa, non presenta, nin moito menos, as proporcións que atinxiu o conxunto da documentación da abadía de Celanova. En calquera caso, a mutilación a que nos acabamos de aproximar esténdese dende a chegada dos documentos a Ourense (hai noticia de que no 1842 xa estaban no Archivo de Monasterios y Conventos Suprimidos) ata o ano 1943, en que se crea o AHPO⁴⁴. Xa en Ourense sofre diversos traslados e tamén a fragmentación que presenta hoxe en día: os documentos que se consideraron máis valiosos son reclamados pola Administración e acaban, despois de pasar por varios depósitos, nun AHN que se crea en 1866 para centralizar este tipo de documentación⁴⁵. A maior parte dos pergamiños dos mosteiros extinguidos, no entanto, ficaron en Ourense, na Delegación de Facenda⁴⁶, de onde unha boa parte dos diplomas monacais foi levada para a catedral de Ourense⁴⁷. Alí permanece ata que, anos máis tarde, son descubertos polo arquivista Eladio Leirós. Reproducimos as súas palabras que nos relatan a descuberta dos pergamiños:

La Divina Providencia ha querido que llamase mi atención un enorme arcón que, entre trastos viejos, cubierto por el polvo acaso de siglos, se hallaba arrinconado en la Catedral de Orense. Era fácil darse cuenta de que no estaba vacío; por eso, en presencia del Presidente

⁴² No Anexo C presentamos a transcripción deses documentos.

⁴³ O extravío desta serie de documentos puido moi ben producirse na altura da elaboración deste caderno, ao non ser restituídos ao seu lugar os pergamiños empregados. Asemade, non se pode descartar para outros diplomas perdidos a mesma situación de perda en canto estiveron no Arquivo de Celanova, considerando neste caso que o cómputo do notario que inventariou o arquivo en 1840 non sería demasiado rigoroso.

⁴⁴ Das vicisitudes sufridas pola documentación de Celanova dende a súa incorporación ao Estado infórmanos Gallego (1991: 43-48).

⁴⁵ No caso de Santa Comba de Naves, os diplomas que finalmente acabarán no AHN (mazos A, B e G do caixón 114 no depósito celanovés) xa non aparecen no inventario de 1852 antes citado. Trátase dos documentos reais (mazos A e B) e de sete pergamiños relacionados co couto de Santo Eusebio da Peroxa xunto a cinco pezas que recollen litixios (mazo G).

⁴⁶ Sinala Olga Gallego que no arquivo desta Delegación estaban “en condiciones no muy plausibles, puesto que, al ser documentación cada vez menos utilizada, era arrumbada en total desorden y sin personal cualificado que se ocupase de ella, pues los archiveros profesionales solían estar de paso” (1991: 45).

⁴⁷ Segundo Ferro Couselo “debieron de ser *piadosamente* sustraídos, hará cosa ya de cincuenta y pico de años, por dos clérigos a la sazón muy conocidos, y depositados en la Catedral, por creer que se salvaban allí del abandono y que, en cierto modo, se efectuaba así una restitución” (1973: 184).

del Cabildo, se descerrajaron sus tres grandes cerraduras, y cuando creíamos encontrarlos con una riqueza de vasos sagrados o de ornamentos litúrgicos, para mí, archivero, fue agradabilísima la sorpresa al observar que estaba totalmente repleto de pergaminos, cuya importancia no tardó en hacerse patente al ver la antigüedad de algunos y la procedencia pontificia o regia de otros muchos y por suponerlos inéditos todos ellos (Leirós 1951: I).

2.2. Definición do corpus documental en pergamiño de Naves

Este rápido percorrido polas peripecias históricas do fondo de Naves, que explican por que hoxe atopamos a documentación do priorado espallada por tres depósitos, permítenos agora abordar outro dos puntos importantes para a definición do corpus documental en pergamiño do noso mosteiro. Hai un momento intentamos unha aproximación á situación dos fondos de Naves no arquivo de San Salvador de Celanova na altura da exclaustración. Agora volvemos sobre a clasificación arquivística celanovesa dos pergamiños que actualmente figuran como de Santa Comba nos tres depósitos xa indicados. Tendo en conta esas signaturas (véxase o Anexo A, Apartado I), optamos por excluír da colección diplomática de Santa Comba dous documentos do AHN, relativos á igrexa de San Xes de Francelos e ao mosteiro de Santa María de Ribeira⁴⁸, e un do ACO referente a Santa Baia de Berredo⁴⁹. Velaquí unha das consecuencias de non se ter respectado a organización primitiva dos diplomas de Celanova.

Por outra banda, temos unha serie de pergamiños que decidimos incluír nesta CD só despois de verificar a súa presenza entre os de Santa Comba no Arquivo de Celanova⁵⁰. É o caso dun conxunto de documentos relacionados co couto de Santo

⁴⁸ Trátase dos documentos número 12 e 14 da carpeta 1507. O primeiro deles presenta como signatura “ss^{ta} III]º 9, Sⁿ Gens de Riudauia”, o que nos remite ao cuarto dos caixóns con numeración romana do arquivo, que recolle “Pleitos, querellas, ejecutorias sobre la presentación de beneficios” (Gallego 1991: 69) de diversas igrexas, entre elas a de San Xes. No segundo caso, a signatura, “C. 78 (A) n. 19, Riuera”, remite claramente ao mosteiro de Ribeira, cuxa documentación estaba, entre outros, no caixón 78.

⁴⁹ O número 4727 do Fondo Monacal presenta a antiga signatura “C. 23 n. 3”, que remite ao caixón 23, no que se conteñen foros en pergamiño do partido de Santa Baia.

⁵⁰ Non sempre o lugar que se lle atribuíu a un documento no Arquivo de Celanova é o correcto. É o caso do documento CD 177 (cf. Anexo A, caixón 54, ACO 4101), que o arquivero monástico incluíu entre os do partido de Paizás levado polo topónimo “Frágoas”. Tamén é certo que noutros casos se emenda o erro; como exemplo temos o documento CD 149 (cf. Anexo A, caixón 103, ACO 3461), no que se indica no dorso: “El número 1º [i. e., ACO 4395] pasó al cajón 114 por pertenecer a Santa Comba”.

Eusebio da Peroxa⁵¹, que dificilmente se poderían vencellar ao noso mosteiro á vista da documentación medieval conservada. A este propósito, cómpre ter en conta a seguinte información contida en De la Cueva (1991: 164): “Goza anssimesmo el monesterio de Santa Comba la presentación de algunos veneficios, como San Eusevio, sitto en el arçidiano de Búbal”⁵². Se de Santa Comba pasou a depender a igrexa de Santo Eusebio, parece que en época posmedieval, temos que supoñer que aconteceu igual co couto do mesmo nome. En consecuencia, entendemos que unhas propiedades que pertencían ao bispado de Lugo (CD 7, 18, 91, 92, 129)⁵³ pasaron a mans de Celanova (CD 133, 143, 238, 242) e acabaron baixo administración de Santa Comba. Tanto pola súa vinculación en época moderna a Naves coma pola súa ausencia entre as edicións da documentación de Celanova⁵⁴, decidimos integrar este grupo de documentos dentro da colección diplomática do noso mosteiro.

2.3. Documentación en pergamino publicada

Do corpus de pergamínos que acabamos de delimitar para o mosteiro de Santa Comba, só foi obxecto de edición e publicación un conxunto bastante reducido, con especial incidencia, tal como acontece no caso doutros cenobios, sobre os diplomas reais.

⁵¹ Cf. o Anexo B, caixón 114, mazo G (excepto os números 8 a 13, que teñen unicamente en común o feito de seren preitos). A estes hai que engadir os documentos CD 238 e 242, que foron clasificados xunto cos pergamínos de Louredo (Anexo B, caixón 114, mazo E, nºs 25 e 21, respectivamente).

⁵² En Duro (1968: 168-170) non se menciona entre as igrexas dependentes do mosteiro.

⁵³ A celebración de determinados contratos implicaba a entrega dos diplomas que recollen negocios realizados anteriormente que incidían sobre o mesmo ben, loxicamente para salvagardar os dereitos adquiridos sobre el, de aí que conservemos pergamínos en que non se citan os mosteiros en causa. A esta transmisión documental faise alusión en CD 147, na que se (dimiten) varias propiedades: “por ende que demetía e demetío logo ao dito moesteyro e ao dito prior, en seu nome, tódolos casares e h[e]rdades, áruores e cortinas, et as cartas que lle delo foran feytas, as quaes logo entregou ao dito prior, e as outras que juraua e jurou logo aos santos auangelios que non husase delas máis en algũu tempo nen por algũa maneyra” (147.6-8). Este feito debe estar na orixe da conservación de tantos documentos privados ou referentes a outra institución entre a documentación monástica. José Mattoso considera que “os cartórios conservaram quantidades apreciáveis de contratos puramente civis, quer respeitantes a propiedades que o mosteiro veio depois a adquirir, quer legados por benfeitores, quer confiados à guarda dos monges por leigos pouco habituados a lê-los” (1964: 139).

⁵⁴ Na colección diplomática do mosteiro de Celanova editada por Beatriz Vaquero Díaz, só se inclúe un documento relativo ao couto de Santo Eusebio (cf. Vaquero Díaz 2004b: 9-10), editado sobre unha copia en papel (cf. CD 238).

1. ARTURO VÁZQUEZ NÚÑEZ. Este autor publica en diversos volumes do *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense* (BCMO) fundamentalmente documentación real e en todos os casos se trata de pergamiños do AHN, aínda que nunca indique a procedencia. Especial interese ten o documento que edita en BCMO I (1898-1901: 124-126), tanto polo seu contido, referente á vida interna do mosteiro, coma polo feito de que hoxe estea totalmente ilexible (cf. CD 173). No segundo volume do *Boletín* (1902-1905: 30-31, 155-156, 169-171, 354-356), publica privilexios de Afonso VII, Fernando II, Fernando IV e Afonso X (CD 1, 4, 88 e 100, respectivamente) e no terceiro tomo (1906-1909: 25-28) outro diploma real de Fernando IV (CD 85).

2. *Documentos del Archivo Catedral de Orense* (1914-1922). Trátase dunha colección de documentos do ACO que se foi publicando entre os anos 1914 e 1922 ao mesmo tempo que o BCMO (Duro 1972b: 19), que acabaron conformando un volume de 230 documentos datados entre os anos 886 e 1500. Entre o material editado, transcrito por Manuel Castro e Manuel Martínez Sueiro, atópanse dous documentos que interesan a Naves (pp. 303-311, 312-313; cf. CD 124 e 125).

3. JULIO GONZÁLEZ (1944, 1983). Nas coleccións diplomáticas que integran os seus estudos sobre Afonso IX (1944) e Fernando III (1983), edita tres documentos reais de Naves. Na primeira obra publica dous documentos (pp. 18, 702-703; cf. CD 16 e 85), mais do segundo pergamiño transcribe só o diploma de Afonso IX, que está incluído nunha confirmación de Fernando IV. Na segunda, aparece un só documento (p. 348; cf. CD 100) relativo a Naves, do que, a semellanza do privilexio anterior, só transcribe a confirmación de Fernando III dun diploma de Afonso IX (CD 16), que vai incluída noutra confirmación de Afonso X.

4. XESÚS FERRO COUSELO (1967a [1996]). De entre a escasa documentación en pergamiño de Naves que finalmente permaneceu no arquivo estatal de Ourense, o que foi o seu ilustre arquivista escolleu un documento (pp. 57-58; cf. CD 81) que incluíu no primeiro dos volumes, dedicado á documentación monástica e particular, que editou con documentación medieval relativa ás terras de Ourense.

5. EMILIO DURO PEÑA (1968). No estudo que dedica ao mosteiro de Santa Comba de Naves, no apartado final de “Documentos”, o antigo arquivista da catedral de Ourense publica dous pergamiños (pp. 177-179; cf. CD 11, 17) pertencentes ao fondo monástico do seu depósito.

6. MANUEL RECUERO ASTRAY ET ALII (1998, 2000). Dentro da súa serie de publicacións de documentación real medieval do Reino de Galicia, edita un documento de Naves (CD 1) no volume dedicado a Afonso VII (1998: 179-180)⁵⁵ e outros dous (CD 3 e 4) no correspondente a Fernando II (2000: 297-298, 308-309).

7. M^a BEATRIZ VAQUERO DÍAZ (2004b). Formando parte da súa edición da colección diplomática medieval (dos séculos XIII ao XV) de Celanova, Beatriz Vaquero publica un dos documentos que integran esta colección (pp. 9-10; cf. CD 238). Trátase dun aforamento realizado polo abade de Celanova do casal de Lagariños, no couto de Santo Eusebio; á problemática relacionada cos documentos pertencentes a este couto xa nos referimos máis arriba e a ese lugar remitimos. No caso da edición de Vaquero, baséase nunha copia en papel sen data do ACO.

8. MARÍA JOSÉ PORTELA SILVA (2007). Publica nesta obra, dedicada á documentación catedralicia lucense do século XIV, un documento (pp. 94-95; cf. CD 91) relativo unha vez máis ao couto de Santo Eusebio. A edición parte dunha copia recollida nun tomo do Arquivo da Catedral de Lugo.

9. JOSÉ ANTÓNIO SOUTO CABO (2008b). Edítanse nesta publicación un total de 384 documentos notariais datados entre 1139 e 1270, co obxectivo de, segundo o autor, “oferecer [...] uma base documental sólida que permita perceber o processo que levou à fixação do novo código scriptográfico romance na Galiza e em Portugal” (p. 9). Os diplomas aparecen clasificados en tres grupos: documentos latino-romances, galego-portugueses e galaico-leoneses. Dentro do primeiro conxunto instrumental inclúe un pergamiño de Santa Comba de Naves (pp. 34-35; cf. CD 28); no segundo edita os dous primeiros documentos en galego do noso mosteiro (pp. 66-67, 196-197; cf. CD 31 e 48).

10. ANA ISABEL BOULLÓN AGRELO / HENRIQUE MONTEAGUDO (2009). Dentro desta edición e estudo lingüístico de 55 documentos en galego, que os autores datan entre ca. 1225 e ca. 1260, inclúese un manuscrito de Santa Comba de Naves (pp. 109-110; cf. CD 31).

11. M^a BEATRIZ VAQUERO DÍAZ / FRANCISCO J. PÉREZ RODRÍGUEZ (2010). No segundo volume da súa edición da documentación catedralicia de Ourense publican

⁵⁵ Dada a relevancia para o noso mosteiro do documento que publica, cómpre advertir que, debido a un salto de igual a igual, falta no texto o fragmento “Alias villas Astrees et Vilar cum / suis hominibus, cum rauso et cum omicidio, cum caritel et cum suis terminis et pertinentijs et cum suis directuris” (1.8-9). Ademais, no “Índice toponímico” (p. 252) recóllese “SANCTE COLUMBE MENENDI” como mosteiro por unha interpretación equivocada do documento.

un foro sobre propiedades de Mende (pp. 342-344) que está incluído no preito entre o bispo de Ourense e o notario Gonzalo Pérez do Mato (CD 123, liñas 122-133).

12. M^a ASCENSIÓN ENJO BABÍO (2014, 2018). Edita a documentación do Fondo Catedralicio do ACO do século XIV, entre a que se encontran os pergamiños que aquí numeramos como CD 123 (2014: 204-206, 601-603, 686-687, 690, 692-712; 2018: 221-224, 657-659, 751-753, 755-756, 758-783), as liñas 1 a 41 de CD 124 (2014: 706-708; 2018: 776-779) e CD 125 (2014: 734-735; 2018: 808-809).

13. ANSELMO LÓPEZ CARREIRA (2016). Tamén neste caso é obxecto de edición a documentación catedralicia de Ourense, cun abano temporal en boa medida coincidente (1289-1399), polo que publica documentos xa aludidos no caso da obra de Ascensión Enjo: CD 123 (pp. 566-591) e CD 125 (p. 617).

3. CARACTERIZACIÓN XERAL DA DOCUMENTACIÓN DE SANTA COMBA DE NAVES

Atendemos neste apartado a tres dimensións importantes para a caracterización da documentación dunha colección diplomática como a presente. Aínda que sexa dun xeito introdutorio ou panorámico, realizamos unha aproximación aos *redactores* dos documentos de Santa Comba, ben como á tipoloxía documental dos pergamiños, en termos tanto diplomáticos ou textuais coma en relación co seu carácter de orixinais ou duplicados, e ás linguas en que están redactados. Son dimensións todas elas que acostuman recibir atención na edición de fontes documentais medievais e que se constitúen en parámetros relevantes dende unha aproximación ao documento, entre outras, dende unha perspectiva lingüística⁵⁶.

3.1 Os redactores

Basta unha rápida revisión dos documentos que compoñen esta CD para darnos conta da multiplicidade de redactores que interviñeron na súa elaboración: rexistramos ata 140 redactores diferentes no cómputo dos escribáns que apare-

⁵⁶ En Varela Sieiro (2007: 116-119) chámase a atención sobre a importancia de factores como o redactor ou a tradición documental na abordaxe lingüística da documentación latina de Galicia.

cen subscribindo documentos na nosa CD. Aínda excluindo dende un comezo a documentación pública, fundamentalmente emanada da chancelaría real, encontramos unha ampla diversidade de escribáns debida tanto ao dilatado abano temporal polo que se estenden coma á disparidade dos outorgantes. Así, como documentos de Santa Comba cóntanse non só aqueles que foron outorgados polo prior e convento do mosteiro, senón tamén diplomas que mandaron facer outros autores, mais que acabaron vinculados ao que foi en época medieval o arquivo de Santa Comba e, logo da súa incorporación a Celanova, ao tesouro do mosteiro de San Rosendo. Por este motivo, nesta aproximación á figura do redactor de documentos na nosa CD, reducimos a nosa atención a aqueles pergamiños en que figura o prior e convento do noso mosteiro como *outorgante* ou *autor*⁵⁷: restrinximos, pois, a nosa nómina de escribáns a aqueles que son “rogados” polo noso mosteiro para a elaboración dos documentos. A intención é observarmos de que escribáns se serviron os frades de Naves para pór por escrito os seus contratos.

Dentro deste espectro reducido de redactores, encontramos escribáns de diferente tipo que se ocuparon durante o período medieval da plasmación escrita dos negocios privados de Naves, como por outra parte acontece con outros cenobios⁵⁸. Así, comprobamos como nos documentos máis antigos ou ben non se indica o redactor do documento (CD 2, 5), ou ben aparece o nome acompañado de coñecidas fórmulas como “(qui) notuit” (CD 6, 10, 11) ou “scripsit” (CD 8). Trataríase nestes casos de monxes “scriptores” do mosteiro encargados da redacción de documentos⁵⁹. No caso destes documentos, a validación do negocio escriturado descansa na confirmación polas testemuñas e na subscrición do(s) outorgante(s) (Bono 1989: 489). Mais tamén, aínda durante a primeira metade

⁵⁷ É nestes casos en que o cenobio manda facer o documento, o que nos permite saber a quen recorrían os monxes para a consignación dos actos. Neste sentido, téñase en conta que “en los documentos de reciprocidad como los pactos, las permutas, etc. las partes interesadas hacen a la vez el papel de autor y destinatario” (Marín Martínez e Ruiz Asencio 1991³: XXVI/8), documentos que foron incluídos nesta selección.

⁵⁸ Cada mosteiro presenta algunhas peculiaridades en canto aos escribáns dos que se serve debido, entre outras causas, á súa localización. Para unha situación semellante, neste sentido, á aquí descrita, pode verse o que acontece en Ramirás (Lucas Álvarez e Lucas Domínguez 1988: 159-167) ou Pombeiro (Lucas Álvarez 1992).

⁵⁹ Nalgún caso explíctase o carácter monacal do *scriptor*, como é o caso do documento CD 13, onde se inclúe entre os confirmantes a “Fernando Rudericj, Cellenoue monacho, scribitur et confirmat” (13.26). O feito de que sexa do mosteiro de Celanova (tamén confirma o documento un frade celanovés que detén o cargo de subprior de Naves) remítenos á xa referida influencia da fundación de San Rosendo sobre o noso priorado.

do século XIII, interveñen na redacción dos negocios de Santa Comba escribíans vinculados á curia episcopal ourensá (v. infra), que xa se autodenominan notarios⁶⁰, un bispado que, neste sentido, parece aplicar a nova doutrina da curia pontificia referente á autenticidade documental e á función pública dos tabelións (Lucas Álvarez 1989: 342)⁶¹.

Xa na segunda metade do douscentos, o aparecemento e difusión da obra lexislativa afonsina⁶² implican a creación do notariado público real. Xunto á antes referida lexislación eclesiástica, supoñen unha mudanza importante no estatuto do redactor de documentos: o “scriptor” monástico a que aludimos máis arriba, mera testemuña de calidade do documento (Lucas Álvarez 1975: 225), dá paso á figura do notario, detentor da “fides publica”, que asegura a autenticidade do documento: é na subscrición tabeliónica onde pasa a residir a validez do diploma. Ademais, Afonso X reserva a exclusividade do nomeamento destes oficiais para os soberanos ou para un delegado seu, aínda que permite que “aquéllos que pueden poner iudgadores en ssus logares [...], que bien puede otrossí poner escriuano en estos logares missmos” (Martínez Díez 1985: 367)⁶³. En consecuencia, a designación dos rogatarios corresponderá a bispos e abades nas terras de xurisdición episcopal, como é o caso da cidade de Ourense, e monástica, un privilexio que xa se entendía como consubstancial ao señorío xurisdiccional antes da ordenación legal polo Rei Sabio do tabelionado (Lucas Álvarez 1989: 342-343). No caso do mosteiro de Celanova, contamos, ademais, cunha carta real de Sancho IV,

⁶⁰ Sobre a designación de “notarius”, apunta Bono (1982: 110) que, nesta altura, “aún no es corriente, y sólo es utilizada, por influencia erudita, por los scriptores monásticos y de la Iglesia en Galicia”.

⁶¹ Vázquez Bertomeu (2001: 11), en relación coa emerxencia do notariado público compostelán, indica que “se puede relacionar con el movimiento de estudio y recuperación del derecho romano que, desde Boloña, vive Europa en estos años. Los legistas prestan atención a las cuestiones judiciales y a la redacción de los instrumentos públicos. Un síntoma de este proceso son las decretales promulgadas por Alejandro III. [...] Los comentaristas posteriores [...] coinciden en señalar que un documento público es aquel que ha sido elaborado por una persona (el notario) que juró ejercer su oficio fielmente y que ha sido redactado en pública forma”. Xorde, pois, a figura do “*notarius publicus* como titular de la función pública de conferir autenticidad legal al doc., implantando el *instrumentum publicum* o doc. per se fehaciente, en tanto que es el resultado de dicha función” (Bono 1979: 166).

⁶² No que se refire aos seus tres tratados lexislativos máis importantes, o Rei Sabio dedica especificamente á lexislación sobre os “escriuanos” o Título VIII do Libro I do *Foro Real*, o Título XII do Libro IV do *Espéculo* e o Título XIX da *Terceira Partida*.

⁶³ Na versión portuguesa do *Foro Real* determínase que “enas cidades <e> enas uillas todas seyan postos escriuaos pblcos *que* chamen taballioes iurados, *per* mādado dal rey ou de *quē* el mandar e nō *per* outrē ou de senhor que for da terra” (Ferreira 1987: 144).

outorgada en 1284, na que se lle concede especificamente o nomeamento de notarios ao cenobio de San Rosendo⁶⁴, aínda que non sabemos en que medida ese privilexio sería extensible aos priorados do mosteiro, como é o caso de Santa Comba de Naves.

A existencia de notarios monásticos non supón que Santa Comba non requira a intervención doutro tipo de rogatarios, pois, por unha banda, non todos os actos escriturados se realizan dentro da xurisdición do mosteiro e, por outra, non advertimos a presenza continuada, como se poderá comprobar a seguir, dun escribán propio. Así, o noso priorado recorre a miúdo a tabelións da cidade de Ourense (designados polo bispo, segundo queda dito), ben como a rogatarios nomeados por diversas autoridades, como o papa (notarios apostólicos), o rei (reais) ou a nobreza laica (señoriais)⁶⁵.

3.1.1. *Notarios do mosteiro*

Xa nos referimos, no apartado introdutorio a esta aproximación aos redactores de documentos de Naves, aos “scriptores” prenotariais que nos deixan saber só o seu nome (Petrus Roderici 6.18, Andreas 8.12, Petrus Maurus 10.24, Johannes Iohannis 11.33), en caso de que se deixe constancia do nome do escribán, e que supoñemos frades do mosteiro. Mais xa dende cedo temos escribáns que se identifican como “monachus”, o primeiro deles xa vimos que profesaba en Celanova (v. nota 4). O segundo, Xoán Paz (Johannes Pelagij 28.23, 30.14, 41.a), está documentado na década dos 50 do século XIII e inclúese nos documentos como monxe testemuña e redactor (“qui notuit”) dos diplomas.

⁶⁴ Determina a carta que o abade e o mosteiro de Celanova nomeen “sos jueses et sus notarios en todos los sus cotos segund que lo ovieron ussado de los poner en tienpo del rey don Alffonso nuestro vissavuelo et del rey don Fernando, nuestro avuelo, et del rey don Alffonso, nuestro padre, e en el mio fasta aqui” (Vaquero Díaz 2004a: 113), polo que “el abad del monasterio de Celanova nombraba notarios en la época de Alfonso X (y antes en la de Fernando III, y simples *scriptores* desde tiempos de Alfonso IX de León)” (Bono 1982: 119).

⁶⁵ Para a tipoloxía da figura do notario aquí empregada, que ten en conta a autoridade que o nomea e a xurisdición en que pode exercer, partimos das aproximacións de Bono (1982: 143-172, 193-207) e Vázquez Bertomeu (2001: 17-24), neste último caso en relación coa diocese compostelá.

Mais só na década seguinte⁶⁶ atopamos o primeiro monxe⁶⁷, de nome Xoán Eanes, que se intitula *notario público*⁶⁸ e que autoriza bastantes documentos entre os anos 1266 e 1272 (cf. CD 47, 50, 52, 53, 54, 55, 56, 57, 58 e 59). A partir deste momento, todos os tabelións do mosteiro dos que conservamos instrumentos se denominan monxes e notarios do mosteiro, con escasas variacións na intitución. Son os seguintes⁶⁹:

- Gonzalo Pérez (1289-1303⁷⁰; CD 73, 75, 77, 86).
- Pedro Anes (1312; CD 94).
- Gonzalo Martís (1323⁷¹; CD 97).
- García Pérez (1333; CD 105).
- Ares Pérez (1333-1334; CD 106, 107).
- Vasco Pérez (1339; CD 108).
- Fernando Anes (1349-1358; CD 112, 113, 114, 115, 116⁷², 119, 120, 121, 126, 142⁷³).
- Gómez Eanes (1354; CD 122).
- Fernando Pérez (1361-1362; CD 127, 128).
- Xoán Pérez (1364-1383; CD 130, 140⁷⁴).

⁶⁶ Entre os notarios monásticos habería aínda que incluír a “Johannes Petri, publicus notarius Sancte Collumbe” (35.15), que en 1257 subscribe unha venda de Xil Pérez a Santa Comba, se se identifica co Xoán Pérez, frade de Naves, que figura como testemuña nos documentos CD 34 e 37 (Johannes Petri 34.17, 37.9).

⁶⁷ Probablemente teríamos que incluír na nómina de monxes notarios públicos a Xoán Eanes (1249-1250; CD 25-27), aínda que non explicita o seu carácter monacal, pois un monxe do mesmo nome figura como testemuña de varios documentos datados na década dos 50 do século XIII (cf. CD 32, 34, 36, 37). Algo semellante acontecería con Pedro Eanes (1276-1279), que se presenta como notario público (CD 61) ou xurado (CD 63, 64): non se identifica como frade, mais está documentada unha testemuña do convento dos monxes con ese mesmo nome entre 1269 e 1272 (cf. CD 55-59).

⁶⁸ En CD 47, por exemplo, indícasenos que o documento foi feito “per manum *Johannis Iohannis*, monachi, publici notarij” (47.13).

⁶⁹ Non incluímos ao monxe notario Gonzalo Anes (1375; CD 134), aínda que a redacción do instrumento non é clara sobre a súa adscripción a Santa Comba ou a Celanova. No cenobio de San Rosendo actuou un tabelión do mesmo nome entre os anos 1366 e 1407 (Vaquero Díaz 2004c: 236).

⁷⁰ Aínda subscribe un documento en 1306 (AHPO, Clero, Naves, libro 332, doc. nº 8).

⁷¹ Despois de Gonzalo Martís está documentado en 1326 un monxe notario chamado Gonzalo Eanes (cf. AHPO, Clero, Naves, libro 332, doc. nº 10).

⁷² Non presenta subscripción notarial, mais con toda certeza foi redactado pola man deste notario.

⁷³ Trátase dun traslado de 1390 feito en Ourense por Fernando González, notario público da cidade.

⁷⁴ A pesar de se empregaren sinais diferentes nestes dous documentos, consideramos que foron redactados pola mesma man.

- Pedro Fernández (1433-1439⁷⁵; CD 171, 175, 177).
- Pedro de Salamanca (1491-1494; CD 245, 246, 247, 248, 249, 251, 252, 254).

Aínda poderíamos incluír entre os notarios do mosteiro, mais xa non como monxe, a Afonso Ianes de Argonde, crego de Lugo que actúa como notario do mosteiro nos anos 1480 e 1481 (cf. CD 230⁷⁶, 231, 234, 235, 236, 237) nomeado polo prior e o convento do mosteiro. Como se pode comprobar, obsérvanse hiatos temporais bastante amplos na nómina de monxes notarios, sobre todo no século xv, o que nos fai pensar que a figura do notario non estivo sempre presente no convento dos monxes de Naves, motivo polo que, entre outros, aparecen outros rogatarios nos nosos diplomas.

3.1.2. *Notarios de Ourense*

Como xa se indicou máis arriba, a cidade de Ourense foi durante a Baixa Idade Media de señorío episcopal⁷⁷, polo que, entre as atribucións que este feito supuña para o bispo ourensán, se incluía o nomeamento de notarios⁷⁸. Durante os séculos XIII e XIV o mosteiro de Santa Comba de Naves recorrería a estes tabelións fundamentalmente para a escrituración de asuntos que superan a xurisdición monástica, pois, como se acaba de ver, podemos deducir que neste período contou continuamente o cenobio con monxes notarios propios.

⁷⁵ De Pedro Fernández consérvase un rexistro notarial (AHPO, Clero, Naves, caixa 9902, nº 1) con documentos datados entre 1429 e 1438.

⁷⁶ Este documento redactouno e asinouno o prior Lopo Gómez de Ribadal, con petición ao notario para que o asine.

⁷⁷ En palabras de Gallego (1977: 90): “La ciudad era, al parecer, de señorío episcopal desde el principio del s. XII. La carta puebla del obispo Diego Velasco, hecha con el favor de D^a Urraca y de su hijo D. Alfonso, de D^a Teresa y del Conde D. Fernando, de hacia 1122, y el Privilegio de 15 de mayo de 1131, de Alfonso VII, al mismo D. Diego, concediéndole el señorío de la ciudad, llevaba implícita la dejación de la jurisdicción real, no solo en cuanto al territorio, sino también en lo que atañe al nombramiento de cargos públicos”.

⁷⁸ Tal como nos informa Gallego (1977: 90-91), dá noticia deste privilexio episcopal unha sentenza de Afonso X, do ano 1257, sobre un preito entre o bispado e o concello de Ourense. Inclúense no documento as queixas do concello contra o bispo e o cabido, entre as que se indica: “El Obispo pone su escribano maior en la villa a que llama Chanceler. et defiende que ningun ome della villa que non faga cartas de compras de heredades ni de testamentos de mandas. sino por aquel su Chanceler. et porque y ha muchos notarios otros en la villa no osan escribir ninguna destas cosas sobredichas a ninguno ome del Conceio et escribenlas a los otros omes de fuera de la villa. et aquel Chanceler pide quanto quiere por las cartas et el Obispo no le quiere poner precio notado quanto deba demandar” (DACO [1914-1922]: 181-182).

Estes rogatarios ourensáns denomínanse notarios públicos e/ou xurados da cidade⁷⁹, salvo nuns poucos casos en que ou ben se trata do chanceler ou vicechanceler da cidade, ou ben se fai algún tipo de referencia ao bispo ou á igrexa de Ourense⁸⁰. Neste sentido, segundo Lucas Álvarez (1989: 352), ademais dos chanceleres e vicechanceleres da cidade, existía “una pléyade de notarios y scriptores, que parecen divididos en dos grupos, los que son notarios del obispo, y los de la ciudad, especialmente éstos a partir de la segunda mitad del siglo [XIII]”⁸¹. En todos os casos se trata de rogatarios de creación episcopal, aínda que non se explicita este feito na subscrición notarial; a alusión á designación episcopal “resultaba superflua” (Bono 1982: 118). No entanto, xa no século XIV, acostuman incluír na intitulación unha referencia á autoridade que os nomea. Así, Domingos Núñez indica que é “notario jurado d’Ourense porla jgleia desse lugar” (100.24), en canto Afonso Eanes (CD 103), Fernando Pérez Albelo (CD 136) e Fernando González (CD 141) xa fan referencia ao bispo e á igrexa de Ourense, fórmula habitual entre os notarios ourensáns.

Unha situación un tanto diferente á exposta ata aquí atopámola no século XV. Como xa se viu, existen parénteses temporais importantes nesta época no que se refire á documentación de monxes notarios de Santa Comba, uns períodos en que non contaría con tabelionato propio e recorre a notarios doutras xurisdicións. Vemos así como notarios de Ourense pasan a actuar tamén como notarios públicos no señorío de Naves autorizados polo prior e o convento do mosteiro, deixando constancia por regra xeral dese feito na subscrición. É o que acontece cos seguintes rogatarios:

⁷⁹ É o caso de Xoán Pérez (CD 32), Miguel Eanes (CD 123; documento incluído de 1265), Xoán Martís (CD 60), Afonso Pérez (CD 62), Pedro Eanes (CD 65) e Domingos Eanes (CD 81; “notario d’Ourense”).

⁸⁰ Cf. os casos de Xoán Martís, capelán e notario público do bispo (CD 20 e 22), talvez o mesmo que o notario público de igual nome que redacta unha permuta entre o bispo de Ourense e o prior de Naves en 1230 (CD 17); Pedro Abade, notario público e clérigo do bispo de Ourense (CD 23 e 24), máis tarde chanceler da cidade (CD 39); Gregorio, vicechanceler da cidade de Ourense (CD 29), e Xoán Eanes, notario público da igrexa de Ourense (CD 34 e 36).

⁸¹ Na mesma liña, explica Bono (1982: 155) que os “notarios *auctoritate episcopi* eran diferentes, por razón de su función, de los *notarii episcopi* o *not. s. ecclesiae* afectos a las actividades de la cancillería y de la curia episcopales, pues aquéllos estaban dedicados específicamente a la escrituración *comunal* o entre particulares; sin embargo, esta diferencia esencial quedó en algunas ciudades muy atenuada, pues los notarios de la Iglesia también actuaron en la escrituración entre particulares, y por su parte los notarios públicos de creación episcopal ejercieron muy frecuentemente en asuntos de la Iglesia, ya curiales, ya de cancillería”.

- Gonzalo Fernández (1406; CD 146).
- Lopo Pérez (1408-1420; CD 186⁸², 147, 151, 152, 159, 160).
- Xoán Paz (1441-1463; CD 180, 181, 182, 183, 186, 187, 188, 189, 201, 202, 203, 205, 206, 207, 239⁸³, 208, 209, 211⁸⁴).
- Xoán Telo (1443-1452; CD 184, 192, 193, 194, 197).

Non se esgota aquí a nómina dos tabelións de Ourense que aparecen na documentación de Naves do catrocentos. Xa sen o carácter de notarios públicos nos coutos do mosteiro, están documentados aínda nos pergamiños Nuno Patiño (CD 196), Simón Rodríguez do Souto (CD 263 e 265⁸⁵) e Fernando Paz (CD 265).

3.1.3. *Notarios apostólicos*

Moita menor presenza no conxunto documental que estamos a examinar teñen os notarios apostólicos. Désígnanse como tales aqueles oficiais que reciben o seu título do papa, aínda que este acostuma delegar o nomeamento nun seu bispo ou legado, e en principio poderían actuar en toda a cristiandade (Vázquez Bertomeu 2001: 21). A esta clase de rogatarios pertencen o racioneiro da igrexa de Ourense Xoán López de Arévalo (CD 173), o crego da diocese de Sigüenza García Fernández de Berlanga (CD 212), o crego da diocese compostelá Gonzalo de Magaláns (CD 240) e Ares Fernández de Gradín (CD 243 e 244).

3.1.4. *Notarios reais e señoriais*

Ata agora prestamos atención aos notarios que presentaban unha vinculación evidente co clero, sexa secular ou regular, por pertencer o escribán a ese estamento ou por deber o seu nomeamento a unha autoridade eclesiástica. Atenderemos a seguir a aqueles rogatarios que deben o seu cargo a unha autoridade laica. Xa se indicou que a lexislación afonsina reserva para o soberano o nomeamento destes oficiais, cedendo a súa designación nos territorios de señorío episcopal e monástico. Algo semellante acontece coa nobreza laica no século xv: os reis conceden á emerxen-

⁸² Trátase dun traslado de 1445 feito polo notario Xoán Paz.

⁸³ Trátase dun traslado de 1483 autorizado polo notario Xoán García.

⁸⁴ Trátase dun documento sacado dun rexistro de Xoán Paz polo notario Rodrigo de Camba.

⁸⁵ Trátase dun documento sacado dun rexistro de Simón Rodríguez polo notario Fernando Paz.

te nobreza trastamarista, entre outros favores, a prerrogativa de nomear escribáns (Lucas 1988: 164-165), no noso caso representada polos Sarmiento, adiantados maiores do reino de Galicia. No conxunto documental no que estamos a examinar a figura do notario, recollemos dous casos de notarios que fan referencia ao nomeamento señorial na súa subscrición: Afonso García, notario polos adiantados maiores García Fernández Sarmiento e Diego Sarmiento, e García Fernández de Rendal, notario nas meirindades do Formigueiro e da Peroxa por Bernaldino Pérez Sarmiento, conde de Ribadavia e adiantado maior (cf. *infra*).

Ao repararmos nestes notarios reais e señoriais que figuran en documentos (co)outorgados polo mosteiro de Santa Comba, a situación que se nos presenta mantén semellanzas importantes coa que se expuxo máis arriba en relación coa cidade de Ourense: o recurso a estes tabelións vén impulsado polo feito de que o acto que se consigna excede a xurisdición monástica, mais tamén, durante o século xv, por o cenobio non dispor dun monxe notario. Así, documéntase a intervención de notarios reais que actúan na terra á que pertence o noso mosteiro, a de Búbal⁸⁶, mais tamén dun fedatario de Ourense de designación real: Lopo Fernández subscribe un foro de 1405 (CD 145) como “notario ppúblico da cidade d’Ourense et dos coutos do bispo por noso señor el rrey”. Do mesmo xeito, na centuria do catrocentos figuran unha serie de tabelións que acostuman incluír na súa intitulación⁸⁷ o seu carácter de notarios do señorío monástico de Naves, ou que, en calquera caso, foron requiridos reiteradamente polo prior e convento de Santa Comba. É o caso de:

- Afonso García (1415-1436; CD 154, 155, 156, 158, 163, 164, 165, 166, 167, 168, 174).
- Xoán García (1471-1483; CD 215, 216, 220, 221, 222, 223, 219⁸⁸, 224, 225, 226, 227, 228, 229, 232, 233, 239).
- García Fernández de Rendal (1495-1499; CD 255, 256, 257, 258, 259, 260, 261, 262, 264, 266).

⁸⁶ É o caso de Pedro Domínguez (CD 31: notario de Búbal e Temes), Xoán Ares (CD 71: notario do rei en Orcellón, Castela e Búbal), Lourenzo Rodríguez (CD 82: notario de Castela e Búbal) e Ares Eanes (CD 98 e 99: notario escusador de Durán Carca en Búbal, Castela e O Bolo de Senda; CD 101 e 102: notario de Búbal e Castela, en lugar de Afonso Eanes, notario na meirindade de Orcellón).

⁸⁷ Nas subscricións destes fedatarios é habitual que se indiquen múltiples nomeamentos e xurisdicións, ao tempo que presentan variacións duns pergamiños a outros. Para a intitulación de cada un deles, remitímos aos documentos que aquí se relacionan.

⁸⁸ Trátase dun documento sacado dun rexistro de Xoán García polo notario Francisco Fernández Vicente.

Aínda habería que engadir outros fedatarios de nomeamento real aos que recorre puntualmente o mosteiro durante este século. Son eles Afonso Martís da Costa⁸⁹ (CD 148 e 162), Pascual Pérez de San Tomé (CD 241 e 253) e Pedro Cortido (CD 250)⁹⁰.

Logo desta proposta de aproximación á figura do tabelión na nosa CD, a xeito de conclusión habería que apuntar que Santa Comba de Naves conta durante boa parte da Baixa Idade Media cun notariado propio, exercido por monxes do seu convento, e recorrería a outros fedatarios cando se tratase de autorizar documentos que caerían fóra da súa xurisdición. Ademais, ese notariado propio non tivo continuidade durante todo este período, pois particularmente no século xv require rogatarios doutras xurisdicións para escriturar os seus negocios, que pasan así a actuar como notarios públicos do seu señorío.

3.2. Tipoloxía documental

Ao considerarmos a tipoloxía dos documentos de Naves prestaremos atención a dúas vertentes atendendo ao seu interese dende unha aproximación lingüística, e non só aos diplomas. Así, por unha banda, é preciso ter moi presente, ao valorar os datos que nos fornece esta documentación, o lugar que ocupa o pergamiño na súa tradición documental⁹¹. É ben certo que a maioría dos nosos diplomas son orixinais, mais tampouco son escasos os duplicados (copias simples, traslados autorizados, documentos incluídos) que ocupan unha posición de posterioridade na tradición do documento. Debemos ter presente, do mesmo xeito, que a escrituración dos actos notariais está sometida, segundo impón a lexislación afonsina, a un sistema de tripla redacción: o fedatario redacta unha versión abreviada do

⁸⁹ No ano 1412 (CD 153), o prior redacta un documento que inclúe no final unha petición a este notario para que o autorice ("et rrogamos a Afonso Martís da Costa, notario del rrey et vesíño da çibdade d'Ourense, que posee aquí seu signal" 153.42-43), mais o pergamiño non presenta a subscrición notarial. Por outra parte, na documentación en papel do mosteiro (AHPO, Clero, Naves, caixa 9903, nº 1) figura este notario en escrituras dos anos 1414, 1427 e 1432.

⁹⁰ Non incluímos nesta serie ao tabelión real Rodrigo de Camba, pois a única escritura outorgada polo mosteiro que autoriza (CD 211) é unha pública forma tirada dun rexistro de Xoán Paz (cf. supra) a petición do destinatario do documento.

⁹¹ No referente á tradición dos documentos seguimos esencialmente a Marín Martínez e Ruiz Asencio (1991⁵: XXXI/5-9).

negocio na *nota* que logo escribe por extenso no seu *rexistro*; sobre este redacta o documento definitivo, a *carta* (Bono 1989: 499). Aínda que a forma baixo a que se presentan normalmente os nosos documentos é esta última, atopamos igualmente algún exemplo de redaccións que remiten a estadios anteriores, mais tamén mostramos de documentos “sacados”: un notario diferente daquel que rexistrou o negocio elabora o instrumento público sobre a redacción que se atopa no protocolo deste, situación da que xa se apuntaron algúns exemplos no apartado anterior.

Unha segunda abordaxe tipolóxica dos documentos, pola súa parte, atenderá ao seu contido, á clase de negocio que se escritura, mais tamén ao outorgante do documento. Neste sentido, establecerase unha distinción inicial entre documentos públicos⁹² e o resto da documentación de Naves, para logo abordar as diferentes clases de documentos que constitúen cada un destes grupos.

3.2.1. *A transmisión do documento: orixinais e duplicados*

Como se indicou máis arriba, a inmensa maioría dos pergamiños de Santa Comba preséntanse como cartas dos negocios para os que son chamados os notarios; noutros termos, son públicas formas ou instrumentos públicos. Nalgún caso, porén, semella que o diploma nos transmite un estadio anterior no proceso de elaboración da escritura. Así, en CD 37 temos unha redacción abreviada dun documento de venda, onde só se indica a substancia do negocio e as testemuñas; trataríase, pois, da nota do documento, onde, entre outras partes omitidas, como a data, falta a subscripción do notario, habitual neste tipo de textos. Tamén nos fai pensar nunha escritura non definitiva o caso dun pergamiño que contén dous documentos relacionados, a venda de Sancha Rodríguez a Xil Pérez de parte dun casal en Untes que este, pola súa vez, vende ao mosteiro (cf. CD 46 e 49)⁹³. Aínda que presentan as partes e cláusulas típicas dos documentos deste tipo, carecen en ambos os casos de sinais notariais e, en canto

⁹² Segundo Marín Martínez e Ruiz Asencio (1991⁵: 163), enténdese por tal aquel que “procede de una autoridad pública [i. e., o rei ou o papa] y en forma pública, ya tratando asuntos de derecho general, ya refiriéndose a particulares personas y lugares”.

⁹³ En Lucas Álvarez (1989: 365), en relación con determinados diplomas que conteñen varios negocios, indica que “determinados documentos múltiples, es decir, que se presentan en número plural en el mismo pergamino, aunque con diferentes otorgantes y datas, pueden ser registros incipientes tomados en hojas sueltas y que posteriormente han sido conservados por los centros interesados (monasterios o iglesias principalmente) como justificantes de acciones contractuales”.

á data, omítese o *regnante*⁹⁴. Outro indicio de que non se trata dunha pública forma atópase en que o redactor, logo de ter comezado a escritura do segundo documento, suspende a redacción e recomeza máis abaixo no pergamiño, situación que non se verificaría nunha versión última da escrituración negocial.

A situación máis habitual, no entanto, é que esteamos perante un instrumento público autorizado polo tabelión chamado a escriturar o negocio, isto é, ante *orixinais*. En ocasións encontrámonos mesmo con casos de orixinais múltiples, como acontece cando se conservan ambos os exemplares das cartas partidas (cf. CD 57-58, 63-64, 98-99, 101-102), ou con exemplares case idénticos dun mesmo documento, ben con datas diferentes (cf. CD 156-158, 166-168) ou coa mesma (cf. CD 205-206, 220-221, 248-249, 256-257, 258-259).

Finalmente, un terceiro grupo de pergamiños estaría formado polos documentos que constitúen un duplicado do documento orixinal. Dentro dos diplomas que se poden incluír dentro deste subconxunto documental, diferéncianse diversos tipos de traslados. Por unha banda, teríamos o que se denomina *copia simple*, ou sexa, un duplicado non autorizado por un fedatario. A esta tipoloxía documental só remitimos dúas copias de privilexios reais (CD 1, 84) e un emprazamento (CD 39). Ben máis abundantes son os duplicados que están autorizados pola subscrición dun notario, isto é, os *traslados* (cf. CD 24, 91, 100, 141, 142, 179, 186, 239). Dentro desta categoría, é dubidosa a inclusión de CD 264, pois se ben a subscrición do notario fai pensar nun traslado (“conçertej con el própeo orjjynal” 264.50-51), a ausencia da validación do fedatario que elaborou o documento orixinal fainos pensar nun documento extraído dun rexistro, aínda que non se fai referencia a esta circunstancia.

Sendo así, sería un exemplar máis dos documentos que podemos denominar *sacados*, aqueles que un notario redacta en pública forma sobre o asentamento do negocio no rexistro doutro fedatario, dos que atopamos diversos exemplos na nosa CD⁹⁵. Mais a duplicación aínda pode revestir outra forma, a que presenta unha maior expresión entre os pergamiños de Naves, como é a *inclusión* ou *inserción*, que supón a reprodución completa (ou case completa) dun documento

⁹⁴ Segundo Lucas Álvarez (1975: 228-229), nos diplomas de Oseira o *regnante*, fórmula cronolóxica que contribúe á autenticidade do documento, é unha parte case indispensable da data na documentación desta época, ausente en moí poucos casos.

⁹⁵ É o caso de CD 87, 150, 179, 199, 211, 213, 219, 265. Téñase en conta que CD 179 foi posteriormente trasladado.

dentro doutro. Exemplo da inclusión documental son as *confirmacións* de privilexios reais, nas que o soberano ratifica as mercés concedidas ao mosteiro polos seus antecesores (cf. CD 84, 85, 100, 104, 132, 137, 141). Existen, ademais, outras situacións en que a escrituración dun negocio precisa da inserción dun documento anterior, como é o caso dos poderes ou procuracións (cf. CD 103, 133), o das escrituras que se exhiben para demandar que se cumpra o que nelas se contén (cf. CD 62, 65, 136)⁹⁶, ou aínda o dos documentos que autorizan ou xustifican o negocio en que se insiren (cf. CD 165, 190)⁹⁷. É senlleiro neste sentido o extenso documento CD 123, pois trátase dunha acta dun proceso xudicial onde se inclúe toda a diversa documentación implicada no xuízo⁹⁸.

Aínda en relación coa reprodución de orixinais, habería que engadir que determinados pergamiños constitúen unha copia dunha copia participando dunha ou de varias das tipoloxías de duplicado indicadas. Así, encontrámonos con confirmacións realizadas sobre outra confirmación (CD 100, 117, 132), traslados de documentos sacados (CD 179) e de confirmacións (CD 100, 141), ou con inclusións de confirmacións e traslados (ambos en CD 123).

3.2.2. *Tipoloxía diplomática*

Na abordaxe da documentación segundo o seu contido, xebramos os *documentos públicos*, entendidos habitualmente como aqueles emitidos polo rei e o papa, do resto da nosa documentación. Dentro destes, se reparamos primeiro na *documentación real*, inclúense aqueles diplomas que supoñen a concesión dun *privilexio* ou mercé real, como as doazóns, as delimitacións de couto ou as exencións tributarias (cf. CD 1, 3, 4, 16), ou a súa confirmación (cf. CD 83, 88, 84⁹⁹, 85, 100¹⁰⁰,

⁹⁶ En CD 62 e 136 trátase de diplomas reais, aínda que o primeiro tamén inclúe unha carta do meiriño maior. No caso de CD 65 transcribese unha carta do pescudador Xoán Suárez que o prior de Santa Comba aduce en favor da entrega dunha pescuda.

⁹⁷ No primeiro documento o escudeiro Pedro López de Ramirás alega dous contratos, dos que só se transcribe un, para ser recibido como foreiro de Naves. No segundo caso, para lexitimar un aforamento que realiza o peleteiro Gonzalo Pérez da Silva como procurador do convento dos franciscanos de Ourense, adúcense varios documentos precedendo ao arrendamento (v. o sumario de CD 190).

⁹⁸ Para os diferentes documentos incluídos, véxase o sumario do seu contido.

⁹⁹ Confirma o privilexio de CD 1 e está incluído en CD 123 (l. 85-121).

¹⁰⁰ Confirma o privilexio de CD 16.

104, 117¹⁰¹, 132⁵⁰, 136¹⁰², 137¹⁰³, 141¹⁰⁴). Carácter diferente presentan as *cartas* reais, como a de Afonso X (incluída en CD 62¹⁰⁵), que interesa a Santa Comba por referirse a privilexios quebrantados, ou a que dirixe Xoán I ao adiantado maior Pedro Ruiz Sarmiento e a Xoán Pérez de Nóvoa (CD 139) en relación coas encomendas que estes teñen indebidamente do mosteiro.

Aínda podemos vencellar á institución real¹⁰⁶ certas cartas enviadas por funcionarios seus, como a do meiriño maior Estevo Fernández (incluída en CD 62¹⁰⁷), ou a do adiantado maior Diego García (CD 89) sobre a exención de pagar xantar da que usufrutúa o mosteiro, ou aínda a misiva que envía o pescudador real Xoán Suárez ao seu compañeiro Xoán Arias de Noelle (incluída en CD 65) en relación cunha pescuda realizada sobre os privilexios quebrantados de Naves. Finalmente, podemos tamén acrecentar a este conxunto documental unha interesante carta enviada polo prior e o convento dos monxes de Santa Comba ao rei Fernando IV (CD 82) na que o informan dos prexuízos que causaron no mosteiro e nos seus coutos as confrontacións que se produciron á morte de seu pai Sancho IV.

No que se refire a documentos *pontificios*, entre a documentación en pergamino de Naves só rexistramos unha carta enviada polo papa Inocencio VIII instando aos abades de San Xoán de Poio e Santo Estevo de Ribas de Sil e ao prior de Santa Comba de Naves a devolver ao mosteiro de Santa María de Oseira os bens mal aforados e alleados (v. Anexo A)¹⁰⁸. O outro exemplar de bula pontificia integrado na CD só moi remotamente se pode vencellar a Santa Comba: trátase dunha copia dunha bula do papa Martiño IV, confirmada por Martiño V, que se inclúe nun aforamento dos franciscanos de Ourense do ano 1446 (cf. CD 190).

¹⁰¹ Confirma o privilexio de CD 104.

¹⁰² A confirmación está inserida nunha carta pola que se presenta o documento real ao adiantado maior do reino para que a faga cumprir.

¹⁰³ Confirma o privilexio de CD 83.

¹⁰⁴ Constitúe un traslado de CD 137.

¹⁰⁵ A carta vai inserida, xunto a outra do meiriño maior, nun documento que testemuña a entrega ao mosteiro de Santa Comba, por parte de dous porteiros, das propiedades que lle usurpa o bispo de Ourense.

¹⁰⁶ É claro que os casos que comentamos a seguir non encaixarían no carácter de documentos públicos no sentido que definimos no inicio deste apartado.

¹⁰⁷ Cf. a nota 105.

¹⁰⁸ Entre a documentación en papel pódese aducir unha bula de Paulo II (AHPO, Clero, Naves, libro 332, doc. nº 6), dirixida ao prior de Santa Comba, ao deán de Tui e ao chantre de Ourense, na que manda que sexan recuperados os bens perdidos e revogados os contratos lesivos para o mosteiro de San Rosendo de Celanova.

Nun segundo subconxunto agrúpanse os pergamiños que denominaremos *privados* ou particulares, onde os outorgantes principais son o prior e o convento do mosteiro, mais non só (bispo de Ourense, abade de Celanova, leigos etc.). Abranguen un amplo espectro de clases documentais, onde, porén, sobrancean os contratos de foro. Para a abordaxe da diversidade tipolóxica documental¹⁰⁹, constituíronse catro grandes bloques temáticos. No primeiro inclúense aqueles negocios que teñen que ver coa *administración e xestión patrimonial*; no segundo recóllense as *adquisicións de patrimonio*; nun terceiro bloque abordamos os diferentes tipos de documentos cuxo asunto ten un carácter *litixioso* e, por fin, nun cuarto subconxunto clasificamos fundamentalmente as *cartas de poder*¹¹⁰. Dentro de cada grupo subdivídense os diferentes pergamiños segundo a clase de negocio que recollen, cuestión para a que tivemos moi en conta a designación que se utiliza no propio documento para a denominación do acto consignado, sempre que esta estivese explicitada (cf. Tato 1999: 30).

3.2.2.1. *Administración do patrimonio*

A asuntos relativos á xestión do patrimonio remite un amplísimo conxunto documental, tal como, polo demais, acontece cos pergamiños que conservamos doutras institucións monásticas. E aquí sobrancea o tipo documental do *foro* (incluído o *sobreforo*), outorgado na maior parte dos casos polo prior e o convento de Santa Comba, do que, na súa diversidade, atopamos un total de 160 exemplos¹¹¹. O mesmo carácter enfitéutico, ademais de semellanza estrutural, presentan tres contratos que supoñen o *recibimento por foreiro* do destinatario dos bens, uns bens previamente adquiridos a quen os tiña aforados do propietario¹¹².

¹⁰⁹ A única pretensión desta clasificación é mostrar a diversidade dos negocios e asuntos consignados nos diplomas de Santa Comba de Naves, coa conseguinte variación no seu teor. Tivemos en conta principalmente, aínda que utilizándoas con liberdade, varias propostas de clasificación, tales como as que se realizan, sobre conxuntos documentais de carácter diverso, en Justo Martín e Lucas Álvarez (1991: XXXV-XL), Fernández de Viana *et alii* (1996: 307-309), Tato Plaza (1999: 30-32) e Vázquez Bertomeu (2001: 69-101).

¹¹⁰ Esta distribución correspóndese en gran medida coa proposta en Justo Martín e Lucas Álvarez (1991: XXXVII).

¹¹¹ Cf. docs. CD 5-6, 8, 10-11, 13, 15, 18, 20-21, 23, 25-28, 30, 32, 34, 36, 41, 43, 47, 50, 52-56, 60-61, 63-64, 73, 77, 97, 106-109, 112-116, 119, 122-123 (incluído, l. 122-133), 126-128, 130, 138, 140, 144-146, 150-156, 158-160, 162-164, 166-171, 174-194, 197, 199-203, 205-211, 213, 215-216, 219-266.

¹¹² Cf. docs. CD 142, 165, 196.

Relacionados co fenómeno foral, en concreto con cuestións relativas ás propiedades obxecto de cesión, aínda haberá que aducir outros tipos documentais como o *pacto* (CD 2) sobre unha herdade para que os outorgantes, que consideramos arrendador e arrendatario, ben como os seus sucesores, non fagan cesión dela a outras persoas; ou a *demitición* (CD 91, 147), que supón a devolución (parcial no exemplo de CD 147) ao propietario dos bens aforados, tal como o *recibimento* de propiedades aforadas, incluído en CD 174, implica a súa recuperación polo propietario por incumprimento das condicións do contrato. Coa pretensión de manifestar a renuncia a exercer posibles dereitos sobre determinadas propiedades como aforante, realízanse as *quitacións* (CD 48, 51, 68, 70), que tamén están presentes naqueles contratos que implican a *troca* dun ben aforado por outro (CD 71, 94), pois efectúase ao mesmo tempo un aforamento e unha quitación. Noutros casos, o asunto do documento incide, con intención de beneficiar ao receptor, sobre a renda dun aforamento, ben para confirmala (CD 105) ou ben para reducila (CD 120, 121)¹¹³, ou sobre unha das prestacións vencelladas ao foro, como é o caso da *partición* (CD 22)¹¹⁴.

A situacións ben diferentes das anteriores aluden outros dous documentos que atinxen ao contrato foral. Un deles consiste nunha *confirmación* dun foro (CD 125)¹¹⁵, ao paso que no outro se concede, por parte do prior de Santa Comba, unha *licenza* (CD 148) a dous cidadáns de Ourense para subaforar propiedades do mosteiro.

Fechamos o grupo de documentos relacionados coa xestión patrimonial con dous *arrendamentos* (CD 129¹¹⁶, 143), que supoñen tamén unha cesión temporal de propiedades, mais en forma que semella diferente da do foro¹¹⁷. En ambos os casos a cesión ten como obxectivo o pagamento dunha débeda.

¹¹³ En ambos os casos xustifícase esta redución “por moyto seruíço e ajuda que uós, o dito Gonçaluo Pérez, fezestes ao dito moesteyro, aquí e en casa de nosso señor el rey, gāanando a confirmaçõn dos nossos priuilegios” (120.13-14).

¹¹⁴ En concreto trátase dunha exención do pagamento da partición. Sobre este tributo, que pode gravar a división dunha herdade ou a súa transmisión, véxase Ríos Rodríguez (1993a: 155-156).

¹¹⁵ O bispo de Ourense, D. Xoán de Cardalhac, confirma o aforamento realizado polo prior e o convento de Naves ao cóengo Afonso Pérez de Santa Mariña.

¹¹⁶ O arrendamento propiamente dito vai precedido dun *requirimento* (“ffronta”).

¹¹⁷ Justo Martín e Lucas Álvarez (1991: XXXIX-XL) cifran a diferenza entre *foro* e *arrendamento* na duración, moito máis curta no segundo caso.

3.2.2.2. *Adquisicións patrimoniais*

Dentro da documentación relacionada co acrecentamento do patrimonio destacan as cartas de *compravenda*, das que conservamos un total de 25¹¹⁸, na súa maioría adquisicións realizadas polo mosteiro. En menor número, pero cunha importante diversidade interna, están representadas as cartas que incluímos no grupo das *doazóns*. Entre os 16 documentos¹¹⁹ que conformarían o conxunto diplomático das *doazóns*, entendidas en sentido amplo, atopamos situacións ben diferentes. Se deixamos a un lado aquelas cartas que se designan explicitamente como “doazón”¹²⁰ ou “traspasamento”¹²¹, podemos compor un grupo de documentos en que o acto escriturado se denomina habitualmente como “pacto” ou “enprazamento” e que implican unha *doazón* cunha ou varias contrapartidas de diverso tipo (pagamento de renda anual, concesión de propiedades, retención dos bens doados en usufruto) que teñen sempre un carácter vitalicio, non hereditario¹²². Aínda como *doazón* podemos considerar o “contrapto” (CD 195) realizado por Leonor González co notario Diego Díaz, polo que aquela entrega ao tabelión todos os bens que herdou de súa nai e seu irmán para pagar o que lle debe e en troca dunha renda anual. En terceiro lugar e en menor medida, tamén están representadas na nosa CD as *permutas* (“permutationem siue concambium”, “cambium”, “promutación et cambio”, “concánbeo”), cun total de 5 exemplos (CD 12, 17, 79, 133, 214).

Por outra parte, conformando un grupo particular dentro do que consideramos incrementos patrimoniais, encontramos na CD escasos exemplos de documentos que se insiran no ámbito sucesorio. Así, unicamente se localiza un *testamento* (CD 190.41-68; incluído), o mesmo ca unha *manda* (CD 81)¹²³ e unhas *partillas* (“partición”, CD 149).

¹¹⁸ Cf. docs. CD 14, 19, 33, 35, 37, 38, 40, 42, 44, 45, 46, 49, 67, 72, 74, 78, 80, 90, 93, 95, 96, 110 (incluído en 123.138-160), 131, 198, 217.

¹¹⁹ Cf. docs. CD 7, 9, 39, 57, 58, 59, 66, 69, 75, 87, 92, 103, 165, 195, 204, 218.

¹²⁰ Cf. docs. CD 66, 69, 87, 165, 218. Os documentos 66 e 87, aínda que non se autodesignan explicitamente como *doazóns*, son diplomaticamente homologables aos restantes.

¹²¹ Cf. doc. CD 204.

¹²² Estes documentos axústanse en boa medida ás características atribuídas por Ríos Rodríguez (1993b) aos *prestimonios*, designación que atopamos nalgún dos documentos (cf. CD 7, 9) para definir a concesión vitalicia.

¹²³ Damos esta designación ao documento ao tratarse, segundo indica o notario, dunhas “cláusolas [...] do testamento da dita Moor Aras, que foy feyto per mjn” (81.24-25), tiradas a pedimento do prior de Santa Comba.

3.2.2.3. Documentos de carácter litixioso

Entendemos o “carácter litixioso” dos documentos que incluímos neste grupo nun sentido amplo: engloba todo aquel documento cuxo asunto principal está relacionado cunha disputa, habitualmente asociada a dereitos sobre propiedades, mais non só¹²⁴. Por iso, xunto á documentación propiamente xudicial, incluímos aqueles documentos que implican unha solución extraxudicial¹²⁵ a un conflito, como acontece coas *avinzas*, representadas na nosa CD por nove documentos¹²⁶. O mesmo carácter presenta a *arbitraxe*¹²⁷ recollida en CD 212.

Xa no ámbito *xudicial*, o tipo documental predominante é a *sentenza*, ao que remiten un total de sete pezas¹²⁸. Dentro deste conxunto sobrancea o documento CD 123¹²⁹, que, ademais do ditame do xuíz, supón a publicación da *acta do proceso* nas súas diferentes partes¹³⁰. Con todo, a documentación xudicial non se limita ás sentenzas, pois aínda temos o caso dun *mandato* (CD 118), moi semellante diplomaticamente ao tipo anterior, polo que o vigairo do bispo de Ourense, Beltrán Beltrán, lle recoñece ao mosteiro a exención de pagar polo peixe pescado no río Miño e se ordena aos recadadores do prelado ourensán que non lle reclamen nada por iso a Santa Comba. Aínda no mesmo ámbito xudicial incluímos un *requirimento* (CD 157), que recibe o nome de “fronta et rrequirimento et protestaçon” (l. 25)¹³¹, ou a presentación de testemuñas para demarcar propiedades que se contén en CD 172¹³².

¹²⁴ Neste sentido, sirva como exemplo o caso do documento CD 65, que recolle o testemuño notarial dunha disputa entre o mosteiro de Naves e un pescudador real en relación co envío dunha pescuda ao rei.

¹²⁵ A opción por esta vía atopámola xustificada nestes termos: “por nos quitarmos de pleito e de juízo e de contenda e de custas e danos e traballos que ontre nós poderían acaecer sobr’ esta rrazón” (111.14-15).

¹²⁶ Cf. CD 24, 29, 86, 98-99, 101-102, 111, 134. Téñase en conta que no caso dos documentos CD 98-99 e 101-102 se trata dos dous exemplares da carta partida.

¹²⁷ Tomamos a designación de Vázquez Bertomeu (2001: 80-81), onde se describen con detalle as características deste tipo documental.

¹²⁸ Cf. CD 31, 76, 123, 124, 135, 161, 173.

¹²⁹ O documento CD 124 constitúe unha versión abreviada deste.

¹³⁰ Inclúe este preito (l. 21-29), entre outros documentos, a petición do demandante Gonzalo Pérez do Mato do nomeamento dun xuíz por parte do bispo de Ourense, por o prelado ourensán ser parte no xuízo.

¹³¹ O arrendamento que recolle CD 129 vai precedido, como se indicou máis arriba, dun requirimento.

¹³² Entraría dentro da clase textual a que Vázquez Bertomeu (2001: 73) atribúe os nomes de “partición” e “apeego”.

3.2.2.4. Outros tipos documentais

A este apartado remitimos os poderes ou *procuracións*, que na nosa CD se encontran en número de catro e sempre inseridas dentro doutros documentos¹³³. Vencellamos aínda a este grupo unha carta incluída en CD 190 (l. 68-71) que constitúe unha *licenza* outorgada por frei Filipe de Astorga, “mijnstro e sieruo de los frayres menores en la proujnçia de Santiago” (198.68-69), aos franciscanos de Ourense para que poidan nomear procuradores.

3.3. As linguas

O conxunto dos instrumentos de Naves están redactados, de xeito semellante ao que acontece con coleccións documentais doutras institucións galegas, en diversas linguas distribuídas por períodos cronolóxicos diferentes¹³⁴. Así, asistimos, como se pode apreciar no Cadro I¹³⁵, a un período de escrita latina que chega ata finais do século XIII, onde xa se ensaian solucións gráficas para a representación de formas romances que logo serán retomadas. Na segunda metade do mesmo século, a *scripta* latina vai deixando o seu lugar na prosa instrumental a un sistema escrito do romance galego que presenta fronte ao sistema anterior, unha elevada variación interna (variación, con todo, que non é allea a outras escritas románicas). Dende esa altura, a inmensa maioría da documentación redáctase en galego, marcando unha certa presenza o castelán contra o final do século XV, unha presenza que substituirá practicamente por completo o galego en época moderna¹³⁶.

¹³³ Cf. CD 103 (l. 6-30), 123 (l. 4-20), 133 (l. 4-24), 190 (l. 72-80).

¹³⁴ Sobre as linguas empregadas na literatura instrumental galega na Baixa Idade Media, é de referencia o traballo de Lorenzo (2004b), pois toma en consideración un amplísimo repertorio documental e bibliográfico.

¹³⁵ Na primeira columna indícase a lingua dos documentos, evitando na medida do posible atribuírles a relativa etiqueta de “híbridos”. Así mesmo aparecen discriminados aqueles textos que inclúen un ou varios instrumentos, indicándose entre parénteses a lingua ou linguas dos diplomas incluídos. No que atinxe ás referencias numéricas, os díxitos entre parénteses fan referencia a documentos non orixinais (para os diferentes tipos de duplicados, véxase o apartado 3.2.1). Sobre a problemática adscrición lingüística dalgúns documentos, téñanse en conta as precisións que se realizan máis abaixo. Ademais, non se contemplan aquí as subscricións notariais en lingua diferente da do documento.

¹³⁶ Do período que vai de 1500 a 1547 conservamos 26 pergamiños, dos que só tres están en galego e outros tantos considerámoslos xa híbridos.

	S. XII	1200- -1249	1250- -1299	1300- -1349	1350- -1399	1400- -1449	1450- -1499	Total
Latín	8 (1)	15 (1)	39 (1)		1			63 (3)
Galego			13	26 (1)	20 (1)	46 (3)	55 (7)	160 (12)
Castelán				4 (1)	4 (1)	1	8	17 (2)
Galego (lat.)					1			1
Galego (cast.)			1		1			2
Galego (lat. e cast.)					1	1		2
Castelán (lat.)				1 (2)				1 (2)
Híbridos							1	1

Cadro I. A lingua dos documentos de Santa Comba de Naves

Encontramos, pois, que o emprego do galego na escrita instrumental se encontra “flanqueado, premido, entre o latín, fala de cultura que cede traballosamente o paso ao romance na poesía e nos documentos, e o castelán, que chega como lingua oficial” (Filgueira 1982: 127). Do uso das diferentes linguas/escritas nos diplomas de Naves ocupámonos a seguir, atendendo especialmente aos procesos de transición no emprego dunha *scripta* para outra¹³⁷.

¹³⁷ O emprego do termo “transición” pode dar idea dun gradualismo que, se ben está presente en certo sentido nas dúas substitucións escriptolóxicas citadas, non dá conta da complexa realidade destes feitos. Estamos con Montegudo (2007: 296) cando di que “é enganoso concibir a evolución dos sistemas de escrita só ou fundamentalmente en termos de deriva diacrónica espontánea e puramente gradual, análoga á dos sistemas lingüísticos (nin sequera neste caso tal modelo é, en rigor, aplicable). En realidade, aquela evolución está marcada por cesuras, momentos críticos que se traducen en bruscas aceleracións do ritmo evolutivo ou viraxes inopinadas na súa orientación. Estes saltos cualitativos de importancia decisiva, que dificilmente teñen explicación nunha perspectiva puramente evolutiva (dunha deriva gradual e espontánea, queremos dicir), adoitan ser efecto da intervención efectiva dun daqueles centros [con capacidade para crear un sistema de escrita e con poder para implantalo]”.

3.3.1. Do latín ao galego

Como se pode verificar no Cadro I, conservamos un total de sesenta e tres documentos orixinais en latín, ao paso que as copias aparecen en número de tres exemplares. Levan data do século XII os documentos orixinais CD 2-9, ben como a copia CD 1¹³⁸. Na centuria seguinte, na súa primeira metade, tamén se usa exclusivamente o latín (cf. CD 10-25, dos que só CD 24 constitúe un duplicado)¹³⁹, en canto que na segunda metade do douscentos emerxe a documentación en romance ao pé dos instrumentos latinos, que son, porén, maioritarios, situación que se tratará con máis vagar no apartado seguinte.

Temos pois que ata mediados do século XIII todos os pergamiños de Santa Comba están escritos en latín, situación que se verifica, salvo escasas excepcións¹⁴⁰, na xeneralidade da documentación medieval galega. Con todo, os textos latinos xa presentan formas romances¹⁴¹, ben en forma de palabras illadas (sobre todo, elementos onomásticos), ben en fragmentos arromanzados máis ou menos extensos¹⁴², treitos estes que acostuman manifestarse na parte dispositiva do documento¹⁴³, ou sexa, onde fundamentalmente se consigna o negocio obxecto de escrituración¹⁴⁴. Estas formas ou treitos romances, que se ben, como tradicionalmente se vén apuntando, podemos vencellar á impericia dos

¹³⁸ Este instrumento tamén está incluído en CD 84 e 123, o mesmo que un privilexio de Afonso IX de 1188 en CD 85.

¹³⁹ Insírese tamén neste período un privilexio de Fernando III, do ano 1231, que confirma e inclúe o diploma real CD 16 (incluídos ambos en CD 100, en confirmación de Afonso X).

¹⁴⁰ Segundo Gutiérrez e Cabana (2007: 131), para o período que abrangue da segunda metade do século XII ata 1250, contamos cun total de 10 documentos en romance, concentrados no período 1231-1250, xunto a outros 39 de carácter híbrido.

¹⁴¹ No traballo pioneiro de Veiga Arias (1983) recóllense numerosos exemplos de elementos románicos en textos latinos que testemuñan certos aspectos fonéticos do romance. Cunha perspectiva máis abrangue, abórdase a cuestión do galego no latín en Lorenzo (2003). Véxase tamén o traballo máis recente de Monteagudo (2016).

¹⁴² Exemplos de romanceamento na *dispositio* documental poden verse, por exemplo, en Lorenzo (2004b: 33-37), en Gutiérrez e Cabana (2007: 148-149) ou, para instrumentos portugueses, en Martins (1999: 495-497).

¹⁴³ É o fragmento do documento menos sometido a fórmulas estereotipadas, a máis variable do texto, polo que é “aí, onde o texto escrito, por veces, não reproduz palavras ou frases feitas, que desde mais cedo emergem novas tendências de representação gráfica que escapan às coordenadas scriptográficas latino-notariais” (Martins 1999: 495).

¹⁴⁴ Segundo Souto Cabo (2003a: 333) estes estarían presentes “em particular na definição da(s) matéria(s) obxecto de transacção. Assim acontece quando se procede à delimitação ou descrição de espaços geográficos ou na referência e enumeração de elementos materiais concretos como, por exemplo, espécies de pagamento ou tributo. Para além dos topónimos, amiúde coincidentes com substantivos, os elementos romances máis assíduos são os substantivos, os adjectivos, os artigos, as preposições e os advérbios. Em muito menor medida ocorrem formas verbais ou pronomes”.

escribáns¹⁴⁵, tamén encontran xustificación en que a “necesidade de precisión propia deles [dos documentos notariais] esixía o rexistro exacto de nomes de lugar ou de persoa ou de certos substantivos que na súa forma latina poderían mover a confusión (caso de *leira* ou *larea* no canto de *glarea*) ou porque, aínda que escritos en latín, estes diplomas tiñan que ser comprensibles, polo menos parcialmente, para persoas que só coñecían o romance, o que explica que as formas románicas ou arromanzadas sexan especialmente frecuentes nas partes dispositivas” (Mariño 1998: 86).

Nestas manifestacións do romance ensáianse diferentes solucións gráficas que en boa medida logo se empregarán, ou que xa se empregaban¹⁴⁶, na escrita do vulgar. Damos algúns exemplos deses elementos romances¹⁴⁷, centrando o interese naquelas solucións que testemuñan algúns dos trazos máis salientables da nova escrita¹⁴⁸ e da pronuncia romance, o cal nos permitirá verificar a existencia dunhas tendencias de introdución do romance na escrita latina. Así, para o ditongo [ej] adóptanse as solucións <ei> e <ey>¹⁴⁹ que ocorren nalgúns substantivos¹⁵⁰ e, sobre todo, elementos onomásticos, fundamentalmente topónimos¹⁵¹:

¹⁴⁵ Para Lorenzo (2003: 163) estes redactores non terían dificultades no emprego de “fórmulas jurídicas comunes, que máis o menos se adecuan a los principios de la lengua latina medieval, sino cuando tienen que pasar a lo más particular y concreto, es decir, a nombrar a las personas que intervienen en la compra-venta, fuero, etc. o que actúan como testigos, cuando tienen que escribir los topónimos o establecer los límites de las heredades, etc. Entonces es cuando no saben hacerlo en latín y escriben las formas en romance o latinizan de mala manera su propio romance”.

¹⁴⁶ En palabras de Veiga Arias (1983: 299), “en los documentos aparecen de forma irregular los que después serán grafemas normales de las lenguas gallega y castellana, lo cual nos induce a postular la existencia de escritos, por modestos que fuesen, en lengua gallega”.

¹⁴⁷ Privilexiamos na exemplificación as atestacións recollidas en documentos orixinais. Así mesmo excluímos desta o documento CD 39, unha copia que presenta un elevado grao de interferencia da escrita romance.

¹⁴⁸ Expoñente máximo da presenza de elementos románicos nun documento latino é CD 39, unha copia con innúmeras interferencias da escrita romance que, tal como se acaba de sinalar, excluímos da exemplificación que se presenta a continuación.

¹⁴⁹ Neste último caso representa un hiato en elementos como o topónimo Lama Seyda (37.6) ou o hidrónimo Seyme (17.6,18,20,22).

¹⁵⁰ É o caso das numerosas ocorrencias da palabra *leira*, nas súas diferentes variantes (leira 32.8,14,15-16, 41.8; leiram 32.2,5,7,10, 41.3,5; leiras 41.10[2]; leire 32.9; leyra 17.9, 25.8, 19.7, 25.9, 43.8; leyram 19.3,5,8,10, 23.3,7, 25.6,7,8,10, 27.3,4,5[2],10,11, 40.4; leyras 17.5, 25.8,12,13, 40.3,5,7; leyre 17.19, 25.9; leyris 17.5, 40.12), aínda que tamén se documentan testemuños latinizantes (larea 61.5, laream 18.3, 50.3). Menor presenza temos de formas romances de *meiriño* (meyrino 23.19, 34.15, 35.12, 38.19, 40.13, 42.9, 43.21), con algunhas ocorrencias monotongadas que debemos explicar por contaminación (merino 63.14, 64.15). Aínda presenta o ditongo románico algún outro substantivo, como as designacións de certas prestacións señoriais (meitiga 11.16, dereyturis 35.8).

¹⁵¹ Clasificamos entre os nomes de lugar aqueles elementos toponímicos que forman parte de nomes propios de persoa; para estas ocorrencias, no entanto, indicamos a cadea onomástica da que fan parte. Tendo en

Beiro (1.13, *Fernandus Martini* de Beiro 19.b) – Beyro (*Johannes Martini* de Beyro 21.28-29, 29.5, 84.12, 123.97), *Sancti* Saluatoris de Eires (6.13-14), *Sancte* Marie de Felgeira (7.14), Castineiro (8.4), *Sanctum* Johannem de Riqueixo (11.4-5) – *Sancti* Johannis de Requeyxo (17.4), Alueiros (12.b), Amoeyro Inferiorj (17.8), Freixedo (19.4) – Freyxo (84.8)¹⁵², Nugueyra (23.7), Rodeyro (*Munio* Fernandi de Rodeyro 23.20), Carreyral (25.2), Cebeyra (25.10), Outeiro da Felgeira (28.4), Outeiro da Pena Lubusome (28.5), Auteyro de Auelaenda (38.6), Peneirada (41.3), Eyroaas (*Petro Petri* de Eyroaas 45.2), Uillari de Astreis (45.3) – Astreis (*Martinus* Didaci de Astreis 45.17), Peyçeyra (45.4-5), *Queyma* Sapos (47.3), Cerdeira (50.3), *Gustey* (*Iohannes* Fernandi de *Gustey* 53.8), Loureyro (72.4).

Atéstase tamén un importante número de ocorrencias a grafía <ou> para representar o ditongo galego correspondente¹⁵³; máis unha vez, os nomes de lugar son hexemónicos entre os testemuños¹⁵⁴:

Quouuas (6.5), Outariz (17.7-8,8-9,14[2],19, 78.5), Penouzoos (17.8), Souti Papi (17.13), Coussum Uetus (17.17), Rouzoos (24.15) – Roucoos (57.10, 58.11, 59.6,7) – Rouçoos (*Sancti* Ciprianj de Rouçoos 72.4, 84.12), Outeiro da Felgeira (28.4), Outeiro da Pena Lubusome (28.5), Souto (28.5), Louredo (35.3) – *Sancte* Marie de Louredo (35.4), Fundo de Soutelo (54.9), Loureyro (72.4).

Resultado dos fenómenos de lenición románicos son os abundantes hiatos que caracterizan a lingua medieval. Se reparamos nas formas que testemuñan a perda dun *n* intervocálico, advírtense diferentes solucións, pois a consoante nasal pode simplemente estar ausente na forma romance ou ben representarse mediante un <n> posposto ao hiato ou en forma de trazo sobre o mesmo. Esta terceira

conta isto, son escasas as formas antroponímicas romances que manifestan o ditongo, tanto prenomes (*Reimundus* 1.a, *Reimundus Iohannis* 1.b, *Reymundo* 13.b; *Heimar* 11.b) coma apelidos (*Martinus* Fereiro 28.25, *Johannes* Porteyro 79.16).

¹⁵² Ao igual que se indicou máis arriba en relación a *meiriño*, tamén deste topónimo hai ocorrencias monotongadas: Freixedo (*Pelagius Martini* de Freixedo 15.21-22, 40.a, *Petrus Fernandi* de Freixedo 44.14), Frexijdu (23.3).

¹⁵³ Tampouco son escasas as falsas latinizacións de palabras que inclúen o ditongo, como é o caso de topónimos que inclúen as palabras *outeiro* (*Autario* de Auelaneda 19.3-4,6; *Auteyro* de Auelaenda 38.6; *Autarium* de Gato 63.8-9, 64.8-9), *souto* (*Sautopapi* 29.4,5; *Sautu* de Palmas 34.3) ou certas formas do nome de lugar *Outariz* (*Aucteriz* 1.7, *Auctariz* 32.3, *Auterit* 84.8, *Auterit* 123.93). Documentábase tamén a redución do ditongo nas formas *goiosa* (11.20) e *goyosa* (21.15).

¹⁵⁴ Só recolleemos unha atestación nun nome común, *chousa* (11.15), o mesmo que, para a antroponimia, acontece co apelido *Touro* (*Alfonsus* Touro 41.19).

posibilidade é a que se manifesta máis tardiamente e, sobre todo, en copias. Exemplos¹⁵⁵ de cada unha desas solucións podémolos atopar na toponimia¹⁵⁶:

Meleens (14.3), *Quínteelam* (17.5), *Conchaada* (17.15), Freixeedo (19.4) ~ Frexijdu (23.3) ~ Frexeedo (*Pelagius Martini* de Frexeedo 15.21-22, 40.a, *Petrus Fernandi* de Frexeedo 44.14) ~ Freyxento (84.8), Meendj (20.3), *Mandraes* (24.4, 56.3) ~ Ponte ad *Mandraes* (*Johannes Martini*, dictus Sordo, de Ponte ad *Mandraes* 79.1-2) ~ Ponte de *Mandraes* (79.9) ~ *Mandrães* (84.12), Pena do Muogo (28.4), *Sancti Petri* de Garauaes (37.6), Auteyro de Auelaenda (38.6), Lobaens (Lupo Lupi de Lobaens 38.a), Seagoga (42.3), Maceeda de Limia (*Johannes Petri* de Maceeda de Limia 74.16) ~ Francos de Maceeda ([...] *Iohannis* de Francos de Maceeda 74.17), San Jullão (84.8).

É igualmente peculiar aos falares máis occidentais da Península Ibérica a queda do *l* en posición intervocálica. Testemuñan esa perda, tamén neste caso, fundamentalmente elementos de tipo toponímico¹⁵⁷:

Astrees (1.8, 4.4, 21.3) ~ Uillari de Astreis (45.3, *Martinus* Didaci de Astreis 45.17) ~ Has-trees (84.8, 123.94)¹⁵⁸, Uilla Soaa (15.3), Penouzoos (17.8), Ueea (*Fernandus* de Ueea 19.b), Rouzoos (24.15) ~ Roucoos (57.10, 58.11, 59.6,7) ~ Rouçoos (*Sancti* Ciprianj de Rouçoos 72.4, 84.12), Trouoedo (24.20), Saas (25.4,11, *Johannes Petri* de Saas 25.b), Lama Seyda (37.6), Eyroaas (*Petro Petri* de Eyroaas 45.2), *Pen nauigja* (*Dominicus Iohannis* de *Pen nauigja* 51.20-21), Saa (54.3), Casa Soa (*Petrus Alfonsi* de Casa Soa 74.16), Paacos (79.6).

¹⁵⁵ Exclúense da exemplificación formas como *Uilla Soaa* (15.3) e *Eyroaas* (45.2), actualmente Vilasoá e Eiroás, onde Veiga Arias (1983: 213), partindo de casos análogos (os actuais Figueiroá ou Cabreiroá), defende que o hiato homorgánico derivaría do sufixo *-ana*. Outros autores supoñen para este tipo de toponimos a existencia dun desprazamento acentual característico da área lucu-auriense (cf. Navaza 2006, s.v. *Baralloá*, *Bouzoás*, *Figueiroá*, *Maceiroás* etc.), polo que a secuencia <aa> sería índice dese dislocamento da tonicidade. Pola súa parte, para Dieguez Gonzalez (2002²: 12), “tendo em conta que os documentos medievais apresentam regularmente as grafías –oáá e –uáá nestes vocábulos, podemos deduzir que o á final tónico resulta da crase da vogal final com a de um ditongo crescente [wa] tónico, proveniente da ditongaçom do Ő do sufixo [latino –ŎLA]”.

¹⁵⁶ Máis unha vez, non de xeito exclusivo, pois contamos con formas como *lageas* (28.4-5), *alfonsiins* (57.6, 58.7) ou o alcume *Cadēa* (Marina Didaci, dicta Cadēa 51.2; Petri Cadēa 51.7). A forma patronímica *Martint* (41.a) atesta mesmo a crase do hiato.

¹⁵⁷ Fóra do ámbito dos nomes de lugar, recolleemos como testemuño desta perda apenas certas formas do substantivo *freguesia* (figlisia 57.10, 58.11; fijglisia 59.3), ben como o patronímico *Paiz* (13.a[3]).

¹⁵⁸ Cf. a forma *Astrelies* (*Martino Pelagii* de *Astrelies* 6.2).

Atendemos, por último, á representación das sibilantes nestas formas romances, centrando a atención nas africadas predorsodentais¹⁵⁹. Verifícase unha vez máis que a gran maioría das atestacións das grafías empregadas con este valor, fundamentalmente <z> e <-t>¹⁶⁰, nolas proporcionan os elementos onomásticos¹⁶¹, neste caso con preponderancia para os apelidos patronímicos¹⁶².

Grafía <z>

Topónimos: Aza (Garcia Garciat de Aza 1.a), Salzedum (6.6), Zemoram (16.b)¹⁶³, Berzido (3.b), Dezia (7.14), Outariz (17.7-8,8-9,14[2],19, 78.5) - Aucleriz (1.7) - Aucrariz (32.3), Penouzoos (17.8), Azzageedo (17.17), Zurili (Johannes Iohannis de Zurili 19.a), Allariz (Johannes Iohannis de Allariz 20.20, 21.24) - Alliariz (29.22), Rouzoos (24.15), Johanne Lupi de Astariz (24.25), Ual do Bezero (28.6), Ual de Gomez (41.3), A Chaugazosa (41.6).

Patronímicos: Ruderigiz (1.a) - Rudriguiz (1.b), Fernandiz (4.b), Guterriz (16.b), Menendiz (2.3,4-5,21[2]), Munniz (3.a, 11.b, 27.3, 85.11) - Muniz (21.26) - Moniz (28.25), Gumez (3.b) - Gumiz (4.b) - Gomiz (16.b), Aluariz (4.b, 46.b), Luppiz (4.b), Ramiriz (4.b), *Pelaiz* (11.3,31,a,b) - Paiz (13.a[3]) - *Pelaiz* (15.20, 21.1) - *Pelaiz* (18.20), Osoriz (14.1,7,12[2]), Saluadoriz (14.3,b, 21.28), Diaz (14.d, 15.21, 26.b), Aanz (15.22)¹⁶⁴, Nuniz (18.22) - Nuniz (37.13), *Martiniz* (28.2,22,24) - *Martiniz* (30.13), *Uiuianiz* (30.2-3).

¹⁵⁹ As atestacións das palatais xordas son escasas. Con todo, para a africada palatal xorda encontramos o dígrafo <ch> no substantivo *chousa* (11.15), no apelido *Chafortin* (Martinus Chafortin 21.27) e nalgúns topónimos (*Conchaada* 17.15, *A Chaugazosa* 41.6, *Chanaria* 63.3, 64.3); para a fricativa emprégase <x> no caso dos substantivos *pixotario* (21.29) e *rexellj* (22.13), ben como no topónimo *Requeixo* (*Sanctum Johannem* de Riqueixo 11.4-5, *Sancti Iohannis* de Requeyxo 17.4) ou nas diversas formas, indicadas máis arriba, do nome de lugar *Freixedo* - *Freixendo*.

¹⁶⁰ Só en testemuños tardíos ou copias aparecen outras solucións, como <ç> (*Peyçeyra* 45.4-5, *Sancti Ciprianj* de Rouçoos 72.4, Rouçoos 84.12; *Johannis Pelagij*, dicto Maça 123.126; *Laurentius Iohannis Caroço* 123.132) ou <c> (*Roucoos* 57.10, 58.11, 59.6,7; *Paacos* 79.6), con este valor.

¹⁶¹ Fóra dos nomes propios só podemos citar os casos de substantivos como “alferit” (1.a) ou “zapatarius” (19.c). A grafía <z> mesmo chega a empregarse tardiamente nunha forma verbal como *rezepisse* (78.10).

¹⁶² Segundo os datos de Boullón (1999: 54), as terminacións -t e, sobre todo, -z son as máis usadas para o patronímico na documentación medieval latina.

¹⁶³ Emprégase a mesma grafía no adxectivo correspondente a este topónimo: “zamorensis” (1.a).

¹⁶⁴ Segundo Rivas Quintas (1991: 372), este patronímico remite ao prenome *Iohannes*.

Outros antropónimos: Colazo (Petro Iohannis dicto Colazo 25.2, Petro Iohannis dicto Colazo 34.2), Azenda (44.1), Zancade (Iohannis Zancade 63.4) ~ Zancade (Iohannis Zancade 64.4).

Grafía <t>

Topónimos: Auterit (84.8) ~ Auterit (123.93).

Antropónimos: Froilat (1.a), Fernandit (1.a, 84.16) ~ Ffernandit (1.b), Garciat (1.a), Petrit (1.b[2]), Goterrit (1.b), Quintiat (12.b), Suarit (30.12, 41.17), Martint (41.a).

Mais a presenza romance nos documentos latinos, tal como xa se adiantou, non se limita ao aparecemento de formas illadas, pois tamén se recoñecen nos pergamiños secuencias máis ou menos extensas cun alto grao de romanceamento. Os escasos exemplos que recollemos nos diplomas de Naves encóntranse, como se indicou máis arriba, na parte dispositiva do documento, e están relacionados nomeadamente coa localización e delimitación de propiedades, así como con cláusulas ou condicións de cesión dos bens obxecto do negocio¹⁶⁵. Neste sentido, destacan os textos redactados polo monxe notario Xoán Paz, especialmente CD 28¹⁶⁶:

jllam hereditatem de Pena Longa quomodo diuidit per ipsa petra et inde ad Pena do Muogo et inde ao Outeiro da Felgeira et inde alas lageas de Felgeira et inde alo Outeiro da Pena Lubusome et inde reditur superlo Souto et uadit alo marco do Ual do Bezero; jn alia parte quomodo diuidit *connos* de Caneto perla Pena Lobusome et uadit ao Cancelo et reditur sursum quomodo diuidit *con Petro Arie* (28.3-7).

Desque leuardes fructu, detis II IJ solidos in die *Sancti* Martinj agnuatim (28.12-13).

Et debet esse laborato usque XVJ agnos quo fuerit laboradoiro et persuir per hereditatem *Sancte Columbe* (28.14-15).

¹⁶⁵ Tal como se indica en Gutiérrez e Cabana (2007: 147-150), é nestas partes do documento onde se manifesta con maior frecuencia o romanceamento.

¹⁶⁶ Gutiérrez e Cabana (2007: 136-137) catalogan este documento entre os híbridos latino-romances e transcriben o fragmento “hereditatem de Pena Longa... *con Petro Arie*” (*ibid.* 148), comprendido entre as liñas 3 e 7 do pergamiño.

unu[m] terenum na Costa in testa da Senara Doniga *sicut* enmarcada (30.3-4).

tria casialia (*sic*) quod abeeo em Louredo su synum *Sancte Marie* de Louredo, que dicta tria casialia uocantur Rrua Cega et Pujtelle et Njno de Cam et sunt decyma Deo (35.3-5)

Verifícase, pois, que nos documentos latinos de Santa Comba, tal como vén sendo apuntado para outros conxuntos documentais, se inclúen numerosos testemuños de escrita románica. O elemento romance, á parte de presentarse en ocasións en forma de fragmentos compactos dentro do diploma, acostuma manifestarse nos elementos onomásticos (sobre todo, na toponimia), ao paso que os nomes comúns do vulgar están relacionados habitualmente coa explotación da terra (*leira, chousa*), o pagamento de tributos (*meitiga, dereyturis, goiosa, alfonsi-ins*) ou con cargos e profesións (*zapatarius, pixotario, alferit, meyrino*; apelidos de referencia profesional como *Fereiro* ou *Porteyro*).

3.3.2. Emerxencia e xeneralización do romance galego

Se ben, como xa se viu, a documentación escrita en latín nos ofrece testemuños de formas romances que mesmo apuntan para a existencia dunha tradición de escrita do vulgar, a scripta románica non se implantará nos diplomas de Santa Comba de Naves ata a segunda metade do século XIII. A emerxencia e xeneralización do romance na documentación do occidente peninsular foron obxecto de numerosos estudos e investigacións nos últimos tempos¹⁶⁷. Tense verificado un renovado interese polas primeiras manifestacións escritas da lingua no ámbito instrumental¹⁶⁸, con novas achegas

¹⁶⁷ No referente á edición de diplomas do período de emerxencia, destacan dúas contribucións polo número de textos achegados. A primeira é da responsabilidade de Souto Cabo (2008a), que edita 384 documentos, datados entre os anos 1139 e 1270, distribuídos por tres conxuntos: documentos latino-romances (26 documentos), galego-portugueses (346) e galaico-leoneses (12). A outra, de Boullón e Monteagudo (2009), recolle e estuda 55 documentos en galego do período ca. 1225 a ca. 1260.

¹⁶⁸ De determinados tipos textuais, como a poesía lírica ou o sermón, propicios para os primeiros ensaios da escrita romance (Monteagudo 2004: 58), non se conservan mostras orixinais. A posibilidade apuntada da existencia dun sermonario en galego a mediados do século XII (Monteagudo 1994: 171), a imaxe das *Homilies d'Organyà* para o catalán, resulta da interpretación errónea dunha referencia a un homiliario da biblioteca da mitra compostelá que se di “de littera gallega”, unha vez que a de “letra galega” era unha das designacións da hoxe coñecida como visigótica e non ten relación ningunha coa lingua en que o libro estaba escrito (Santos 1994: 69, 72 nota 2). Aceptou a hipótese Mariño (1998: 84, 141, 186) e, despois da rectificación de Monteagudo (1999: 112 e 2004: 58), aínda se recolle en Freixeiro (2006: 19).

dende Portugal¹⁶⁹, non exentas de polémica sobre a identificación lingüística dos textos propostos¹⁷⁰, e, en menor medida, dende Galicia, mais que, en calquera caso, deseñan un panorama ben diferente daquel ata hai pouco existente¹⁷¹. No caso da documentación galega, contributos recentes viñeron sobre todo a descartar instrumentos que se consideraban da primeira metade do século XIII (cf. Lorenzo 2004b: 37-39)¹⁷², aínda que tamén se aducen novos pergamiños como integrantes da primitiva produción galega¹⁷³.

¹⁶⁹ Entre as edicións de documentos son de destacar os traballos de Martins (sobre todo, 1999 e 2001), onde se postula a “Noticia de Fiadores de Paio Soares Romeu” (1175) como a primeira manifestación escrita do portugués, e Souto Cabo (2003a), que chama a atención sobre o “Pacto de Gomes Pais e Ramiro Pais”, para o que propón unha data de redacción entre os anos 1169 e 1173, datación contestada en Martins (2007: 162 nota 1), que o considera de 1175. Sobre a cuestión pódese ver a síntese de Castro (2004: 121-125).

¹⁷⁰ Emiliano (2003) contesta o carácter portugués da “Noticia de Fiadores de Paio Soares Romeu” (1175), a quen se responde en Martins (2004), o mesmo que Souto Cabo (2003a: 336-337, 339-341). Para Lorenzo (2004b: 33) estes e outros documentos do século XII aducidos por Martins e Souto Cabo “ou ben son documentos híbridos latino-romances, ou ben son frases romances incrustadas en documentos latinos”. En sentido parecido exprésase Monteagudo (2007: 293): “os testemuños en foco poderán considerarse todo o máis precursores da escrita romance, pero non textos plenamente romances no senso que se adoita empregar a este termo —textos escritos en galego-portugués”.

¹⁷¹ Consecuencia deste novo panorama, inventarios de primeiros documentos en romance poden atoparse en Boullón (2004; documentos galegos editados anteriores a 1260), Souto Cabo (2004: 588; documentos galegos e portugueses ata 1250) e (2006; documentos galegos ata 1260 e portugueses ata 1270), onde se realiza unha extensa crítica do elenco de Ana Isabel Boullón, Martins (2007: 183-184; documentos portugueses ata 1255) e Monteagudo (2007: 310-311; documentación das áreas galego-portuguesa e ástur-leonesa anterior a 1250 e documentos galegos anteriores a 1255). Véxase tamén a revisión de Souto Cabo (2014).

¹⁷² Dende a súa publicación por Romaní (1989), víñase considerando o Testamento de Estevo Pérez como o máis antigo texto en galego, ao datalo en 1230, unha datación que se mantén no posterior estudo do documento de Souto Cabo (1996). A rectificación da data do instrumento, que Tato Plaza (2004) sitúa no ano 1260, non estivo exenta de polémica (cf. Lorenzo 2003: 162 e 2004b: 37-38; Souto Cabo 2004: 586-587 e 2006: 55-57). O mesmo autor (Tato Plaza 1997) tamén excluíu do repertorio de documentos máis antigos dous diplomas de Oseira, presuntamente do ano 1229. Sobre o caso do Foro do Burgo de Castro Caldelas, datado inicialmente en 1228, véxanse Monteagudo (2005), Souto Cabo (2006: 28-35), Monteagudo (2007: 311, 304-305); en Monteagudo (2008: 266) confirmase unha datación ca. 1250 nestes termos: “atendendo a todo o conxunto de elementos de xuízo que levamos manexado (diplomáticos, paleográficos, scriptolingüísticos e históricos), estimamos que o traslado do orixinal latino debeu de ser efectuado contra os finais do reinado de Fernando III en Galicia e León ou nos primeiros do seu fillo Afonso X. Aínda que en teoría puido facerse en calquera momento a partir de ca. 1230, os elementos que levamos barallado apuntan claramente cara os arredores de 1250”.

¹⁷³ De maneira que, tendo en conta unicamente instrumentos orixinais e sen problemas de identificación lingüística, en Galicia hoxe coñecemos como primeira manifestación escrita en galego un documento do mosteiro ourensán de Melón (Lorenzo 2003: 162 e 2004b: 38), unha compravenda de 1231 (ed. en Souto Cabo 2003b: 812-813, 2004: 596, 2008a: 51 e 2008b: 182-183).

De calquera das formas, continúa vixente a afirmación de que a xeneralización da escrita galega se produce na segunda metade do século XIII, podendo aínda apuntarse “o ano 1255 como o fito que marca unha nidia mudanza de rumbo na emerxencia da escrita en romance galego [...], pois nese ano rexistramos non menos dunha ducia de documentos plenamente romances” (Monteagudo 2007: 306-307). Precisamente dese ano é o primeiro documento en galego de Santa Comba, unha sentenza ditada polo xuíz Oveco Luz en relación co pagamento dunha loitosa ao mosteiro de Naves. Con todo, só contra o último cuarto do século se afirma o romance galego nos pergamiños do mosteiro, como se pode comprobar no Cadro II¹⁷⁴, á semellanza do que acontece noutras coleccións diplomáticas monásticas¹⁷⁵.

	1250/1259	1260/1269	1270/1279	1280/1289	1290/1299	Total
Latín	17 (1)	10 (1)	8	1 (1)	3	39 (3)
Galego	1	1	2	6	3	13
Gal. (cast.)	0	0	1	0	0	1
Cast. (lat.)	(1)	0	0	0	0	(1)

Cadro II. As linguas dos documentos da segunda metade do século XIII

¹⁷⁴ As diverxencias cos datos do Cadro I débense a que incluímos agora unha copia do século XIV dun privilexio en castelán confirmatorio doutros en latín (CD 100), ben como dous documentos latinos incluídos en CD 123 (l. 122-133) e 190. Non se integra neste repertorio, pola súa parte, o documento CD 93, datado entre os anos 1297 e 1312.

¹⁷⁵ Tendo en conta os diplomas de nove cenobios galegos do período de 1256 a 1285, Souto Cabo (2002a: 442) computa “242 romances sobre un total de 574. Isto supom 42% de documentos em galego-português para o período em análise, pasando de 3% no primeiro segmento [de cinco anos] a 86% no último”. En Portugal, pola súa parte, é máis serodia esta xeneralización do romance, como se pode comprobar na documentación de Santa María de Alcobaça, onde “o uso do latim continua a ser maioritário, no mínimo, até ao final do século [XIII], particularmente nas cartas emanadas directamente do convento” (Souto Cabo 2002b: 370)

- 1250-1259 (CD 26-79). *Latín*: CD 26-30, 32-38, 39 (copia), 40-44. *Galego*: CD 31. *Castelán (latín)*: CD 100 (copia).
- 1260-1269 (CD 45-55). *Latín*: CD 45-47, 49-55, 123 (incluído; liñas 122-133). *Galego*: CD 48.
- 1270-1279 (CD 56-66). *Latín*: CD 56-61 (57 e 58 fan carta partida), 63-64 (fan carta partida). *Galego*: CD 65-66. *Galego (castelán)*: CD 62.
- 1280-1289 (CD 67-73). *Latín*: CD 72, 190 (incluído; liñas 7-18). *Galego*: CD 67-71, 73.
- 1290-1299 (CD 74-79). *Latín*: CD 74, 78-79. *Galego*: CD 75-77.

Da observación destes primeiros documentos en romance galego, é posible tirar algunhas conclusións sobre as motivacións da mudanza escriptolingüística nos instrumentos notariais, obxecto de atención tamén pola investigación sobre as primeiras manifestacións da lingua, que ten apuntado para a importancia dunha tradición de escrita relacionada coa lírica¹⁷⁶, ben como para a existencia de determinadas tipoloxías diplomáticas favorecedoras do uso do romance¹⁷⁷. Neste sentido, parece existir consenso entre os diferentes autores na relevancia que se outorga a un impulso extra galego¹⁷⁸, da corte real, como factor decisivo no emprego

¹⁷⁶ Sobre a relevancia dunha tradición de escrita relacionada coa produción lírica na emerxencia do romance na escrita instrumental, tense chamado a atención tanto dende Portugal (Martins 2001: 38-44 [texto reproducido con alteracións en Martins 2004: 518-521]) coma dende Galicia (Boullón 2005: 50-51, Monteagudo 2007: 298-304), aínda que tamén se ten apuntado que “se trata de tradicións diferentes en orixe e [...] sen claros puntos de conexión” (Souto Cabo 2008b: 181).

¹⁷⁷ Sobre todo no que atinxe a documentos portugueses (cf. Souto Cabo 2003a en relación coa primitiva produción portuguesa do século XII, e 2003b para documentos da primeira metade do século XIII), véñense vinculando as primeiras manifestacións documentais en romance a determinados tipos diplomáticos, menos suxeitos a modelos formulísticos latinos e favorecedores do emprego do romance, que se designan conxuntamente *documentos de proba* (fronte aos documentos dispositivos), cuxo obxectivo é “consignar e perpetuar a memoria de un acto jurídico (oral ou escrito) ou dar testemuño de factos que possam vir a ser obxecto de tratamento jurídico”, polo que “dispensam a subscrição por notário e testemunhas” (Martins 1999: 497). Esta distinción entre documentos probatorios e dispositivos presenta “escasa utilidade para os textos producidos no territorio galego” (Monteagudo 2007: 309), pois, como sinala Souto Cabo (2008b: 173) en relación co máis antigo instrumento en galego (unha compravenda do mosteiro de Melón datada en 1231), “non parece que teña existido calquer tipo de coarctada diplomática que xustifique o recurso ao (novo) modelo escritural romance, até ese momento practicamente inédito en territorio galaico. A carta, en correspondencia coas exixencias diplomáticas propias dunha compravenda, reúne todos os requisitos da documentazón dispositiva”.

¹⁷⁸ Monteagudo (2007: 275-276) entende “o proceso de emerxencia do romance na escrita como un caso de propagación dunha innovación que en liñas xerais avanza gradualmente do oriente cara ao occidente e do norte cara ao sur. A súa orixe remota hai que sinala no ámbito cultural franco, mentres que a súa

e xeneralización do romance. Esta influencia da chancelaría real manifestarase na adopción do vulgar por determinados redactores de instrumentos¹⁷⁹. Parece, en efecto, que a lingua do documento depende en boa medida do rogatario que interveña¹⁸⁰, coadxuvando a variable “autor”, tendencialmente non relixioso.

Así, ata a adopción definitiva do galego na escrituración dos negocios do mosteiro, que podemos datar en 1289 (CD 73) co notario monástico Gonzalo Pérez¹⁸¹, os redactores dos primeiros documentos romances son ou ben notarios da terra de Búbal¹⁸², ou ben notarios públicos e/ou xurados da cidade de Ourense¹⁸³. No primeiro caso, trátase de funcionarios nomeados polo rei, polo que o emprego do romance se debería á incidencia dos usos e orientacións lingüísticas da curia real¹⁸⁴. Ademais, é de salientar a extracción laica do (co)outorgante destes instrumentos; só en 1287 (CD 71) aparece o prior e o convento do mosteiro como autor. Para o caso dos tabelións de Ourense, hai que notar que se trata de fedatarios da cidade e non da curia episcopal¹⁸⁵. Os notarios da cidade, pois, parecen ser máis permeables á lingua vulgar cós vinculados ao bispo e a igrexa de

difusión na área centro-occidental da Península Ibérica se produciu dunha banda por contacto entre as rexións xeograficamente próximas, e doutra a través do intercambio duns centros culturais con outros, a comezar polos que recibiron un influxo máis forte da cultura ultrapirenaica. [...] no noso caso o avance se produciu a partir [do] centro da península, desde a área castelá (en senso lato) cara ao oeste, afectando antes ao dominio astur-leonés e inmediatamente despois ao galego-portugués”.

¹⁷⁹ Xa Lucas Álvarez (1989: 374-375) advertía de diferenzas importantes na escolla escriptolingüística “según se trate de notarios episcopales o reales y concejiles. Los primeros mantienen el uso del latín hasta finales del siglo XIII; los monásticos quedan en un punto intermedio entre los episcopales y los reales, y éstos con los concejiles utilizan con preferencia o exclusividad el gallego desde su creación”.

¹⁸⁰ No mesmo aspecto incide Montegudo (1997: 310) ao chamar a atención para “o contributo dos notarios de concello e os notarios de designación real” na emerxencia do romance galego neste período.

¹⁸¹ Trátase do primeiro monxe notario que emprega a escrita galega. Despois desta data o latín só aparece en documentos cuxo autor non é o prior e o convento de Naves (cf. CD 74, 78, 79).

¹⁸² Con intitulación parcialmente diferente: Pedro Domínguez, notario de Búbal e Temes (CD 31), e Xoán Ares, notario público (CD 67, 68) ou do rei (CD 69, 71) en Orcellón, Búbal e Castela.

¹⁸³ É o caso de Martiño Pérez (notario xurado de Ourense; CD 48, 70), Afonso Pérez (notario público e xurado de Ourense; CD 62) e Pedro Eanes (notario xurado da cidade de Ourense; CD 65, 66).

¹⁸⁴ Xa “durante a década de 1240 [no orixinal, por erro, 1940] culmina o proceso de ascensión do romance a idioma oficial da chancelaría de León-Castela. [...] Ás portas da metade do século, o castelán impuxérase de xeito practicamente completo e irreversible na documentación oficial da monarquía castelán-leonesa” (Montegudo 2007: 280).

¹⁸⁵ Aínda que Lucas Álvarez (1989: 372) defende que os tabelións da curia do bispo e os “notarii publicii” das cidades episcopais manteñen unha mesma fidelidade á escrita latina, se reparamos nas subscricións do elenco de rogatarios de Ourense que inclúe o autor no mesmo traballo (pp. 414-422), notarase como os casos de notarios que empregan o galego son sempre aqueles que non expresan na subscrición unha vinculación ao bispo ou á igrexa de Ourense.

Ourense, feito que se debe atribuír a que predominantemente se ocupan de escriturar negocios non eclesiásticos¹⁸⁶. E tamén neste caso os (co)autores presentan un perfil non relixioso, sendo de destacar a intervención de funcionarios rexios en máis dun instrumento (porteiros en CD 62, pescudadores en CD 65).

Mais a escrita romance, como se pode comprobar nos datos do Cadro II, non está representada neste período unicamente polo galego. Aínda que de xeito moi exiguo, tamén conservamos mostras de romance castelán que respectan a un par de documentos. Un dos casos é o dun privilexio confirmatorio de Afonso X de 1255 (CD 100), conservado en traslado autorizado de 1325 (con subscripción en galego), que inclúe o texto en latín da mercé concedida por Afonso IX e confirmada por Fernando III. Por outra parte, en castelán están dúas cartas incluídas nun documento en galego de 1278, unha do propio Rei Sabio e outra de Estevo Fernández, o seu meiriño maior en Galicia (CD 62). Como xa se sinalou, na curia real o emprego do romance castelán xa estaba normalizado, polo que non é de estrañar o emprego do romance centro-peninsular por parte do rei ou dun oficial seu¹⁸⁷.

En fin, parece deducirse destas primeiras manifestacións da escrita galega que a expansión da expresión en romance, a partir dun impulso procedente dos usos da chancelaría rexia, se desenvolve nos seus comezos nun medio laico, tanto da man de fedatarios nomeados pola curia real coma de notarios da cidade de Ourense. Do mesmo xeito, as escasas manifestacións do romance centro-peninsular están relacionadas coa corte, con autores como o propio rei ou un cargo de nomeamento rexio. Como se verá no apartado seguinte, durante moito tempo as excepcións ao emprego da escrita galega encontran igualmente a súa explicación en que se deben a autores non galegos.

3.3.3. *Do galego ao castelán*

Á entrada do século XIV o galego xa está plenamente instalado como lingua instrumental en Santa Comba de Naves¹⁸⁸ ao ser asumido, tal como se indicou no

¹⁸⁶ Hai tamén casos de redactores que empregan latín e galego, como o notario de Ourense Domingos Eanes, que usa o latín en dous documentos (CD 74, 78) e logo xa o galego (CD 81).

¹⁸⁷ Existen abundantes exemplos de emprego do castelán na segunda metade do XIII en documentos respectantes ao reino de Galicia, sobre todo no caso de diplomas reais e, en menor medida, en instrumentos vinculados a individuos non galegos (cf. Lorenzo 2004b: 82-84, 86-87).

¹⁸⁸ E en todo o Reino, pois durante este século “os docs. orixinarios de Galicia son practicamente unilingües en galego” (Monteagudo 1985: 95).

apartado anterior, polo monxe notario Gonzalo Pérez, práctica que continuarán, é claro, os seus sucesores. Chega mesmo a empregarse a lingua nunha comunicación de 1302 dirixida á corte¹⁸⁹, na que se informa a Fernando IV de que o prior e o convento de Santa Comba “aújam perdudo quanto aújam pellas gerras que foron della morte de uosso padre rrey don Sancho” (82.5)¹⁹⁰.

Os diplomas procedentes da chancelaría real, no entanto, están sempre redactados en castelán, para alén de, fronte ao que ocorría na centuria anterior, ter unha maior expresión en relación co conxunto de pergamiños de Naves do trescentos. Unha presenza debida a que o mosteiro recorre sucesivamente, para a confirmación dos seus privilexios, a Fernando IV (CD 83, 84¹⁹¹, 85, 88), Afonso XI (CD 104), Pedro I (CD 117), Henrique II (CD 132) e Xoán I (CD 136¹⁹², 137, 141¹⁹³), a quen tamén acoden para queixarse das encomendas indebidas a que está suxeito o cenobio (CD 139). Fóra das cartas rexias, neste século os restantes exemplos de emprego do romance centro-peninsular están, unha vez máis, relacionados coa curia real. É o caso dunha carta enviada por Diego García, adiantado maior de Galicia, ao meiriño de Orcellón, Búbal e Castela en relación cos privilexios reais de Santa Comba (CD 89), ben como o dun documento en que María Fernández, ama da raíña María de Molina e da súa filla a infanta Isabel, lle restitúe ao electo e ao cabido de Lugo propiedades que tiña desta igrexa no couto de Santo Eusebio (CD 91)¹⁹⁴.

¹⁸⁹ Constituiría este diploma unha excepción ao panorama deseñado por Monteagudo (1994: 178) cando indica que “nos documentos de circulación interna, a práctica máis habitual era o uso do galego, servindo o castelán soamente como lingua de relación coa corte”. Mariño (1998: 186), aínda recoñecendo o castelán como lingua habitual nestas comunicacións, informa sobre unha queixa en galego que o cabido da igrexa de Ourense dirixe a Henrique III en 1394.

¹⁹⁰ Recóllense no documento varios testemuños dos danos causados ao mosteiro e aos seus coutos, depoimentos estes que consigna Lourenzo Rodríguez, notario real nas terras de Castela e Búbal, da man do xuíz Fernando Eanes de Garabás, a quen piden os frades de Naves que “de meu offisio que eu que o enquerresse per vn uosso notario e que elles que o enviaríam aa uosa merçé” (82.10), “teméndose [os monxes] per que vollo elles assý enviassen querrellar dello non creerdes per súa sinpres paráuo” (82.9).

¹⁹¹ Tamén aparece incluído en CD 123 (l. 85-121).

¹⁹² Está incluído nun documento en galego.

¹⁹³ Trátase dun traslado coa subscrición notarial en galego.

¹⁹⁴ Este segundo diploma consérvase como traslado coa subscrición notarial en galego.

Os escasos exemplos de emprego do latín nesta centuria remítenos a negocios que se circunscriben ao ámbito eclesiástico, con autoría episcopal¹⁹⁵, se deixamos a un lado os privilexios e confirmacións en latín incluídos nos diplomas reais que acabamos de citar. Así, D. Xoán de Cardalhad, bispo de Ourense orixinario da occitana Carcin (López 1933-1935: 39), emprega o latín para confirmar un foro realizado polo prior e o convento de Naves a un cóengo seu (CD 125)¹⁹⁶, o mesmo que o titular da sede lucense, frei Pedro López, nunha procuración concedida a Lourenzo Pérez, racioneiro de Ourense, para unha permuta co mosteiro de Celanova (incluída en CD 133, l. 4-24).

O uso predominante do galego continúa durante o século xv, aínda que xa se aprecian sinais nos documentos que preludian o proceso de substitución da lingua polo romance central, ao paso que o latín practicamente desaparece: as únicas mostras de escrita latina proceden da curia pontificia¹⁹⁷. Para alén dos dous documentos escritos en castelán, debido á procedencia non galega do redactor¹⁹⁸, ata ben entrado o século o romance de Castela maniféstase principalmente nas subscricións de “escrivanos” do rei¹⁹⁹, mais non só²⁰⁰, que no resto do documento

¹⁹⁵ É o caso de CD 84 (inclúe privilexio de Afonso VII; cf. CD 1) e 85 (inclúe privilexio de Afonso IX). O primeiro dos documentos tamén está incluído en CD 123 (l. 85-121), pergamiño en que ademais se copia un foro en latín de 1265 (l. 122-133), trasladado en 1353 con subscrición tamén en latín, que xa consideramos no apartado anterior.

¹⁹⁶ Do mesmo bispo temos unha procuración en galego en CD 123 (l. 4-20).

¹⁹⁷ Unha delas está incluída en CD 190: o traslado, realizado en Compostela en 1431, dunha bula do papa Martiño IV (1283) confirmada por Martiño V (1428); a outra é de 1485 e debida ao papa Inocencio VIII (v. Anexo A).

¹⁹⁸ Un deles é o documento CD 173 (1436) que, subscrito polo notario apostólico Xoán López de Arévalo, recolle o “mandamiento e sentencia” ditado polo bispo de Ourense, D. Diego Rapado, sobre a administración e funcionamento interno do mosteiro de Santa Comba. No segundo caso trátase dunha carta (incluída en CD 190, l. 68-71) enviada por frei Filipe de Astorga, “mijnstro e sieruo de los frayres menores en la proujñia de Santiago” (190.68-69), aos frades franciscanos de Ourense.

¹⁹⁹ Exemplos de notarios de nomeamento real que subscriben en castelán son Rodrigo Fernández da Somoza (CD 198), no ano 1454, ou Xoán García (CD 215-218, 220-229, 232-233, 239), entre 1471 e 1483. Como antecedente da validación en castelán, é de interese sinalar que o notario real Afonso Martís da Costa emprega na súa subscrición, xa en documentos dos anos 1410 e 1426, castelanismos como “escrivanos” (148.20, 162.19), “Gallysja” (148.20), “çibdat” (148.20, 162.20), “testigos” (148.21, 162.20) ou “verdat” (148.22, 162.21).

²⁰⁰ O notario apostólico García Fernández de Berlanga, crego da diocese de Sigüenza e cóengo da igrexa de Ourense, subscibe en castelán unha “carta de conpromjns” de 1464 entre o cabido de Ourense e o mosteiro de Santa Comba (CD 212), mentres emprega a mesma lingua cun fragmento intercalado en galego na validación do traslado dun documento de 1441 (CD 179). Xa contra a fin do século, en 1496 (CD 263), o notario público de Ourense Simón Rodríguez do Souto fai o mesmo para validar un afora-

empregan o galego, con maior ou menor grao de interferencia do castelán²⁰¹, sexan eles mesmos ou escribáns ao seu servizo os que redactan o instrumento. Esta situación de duplicidade lingüística pódese verificar nos contratos autorizados por Xoán García, tanto nos documentos que “fixo escribir” (CD 216-218, 220-222, 224-229, 233)²⁰² coma nos que el mesmo redactou (CD 215, 223, 232²⁰³).

O peso da tradición instrumental en galego aínda se fai sentir en notarios non galegos, como o tabelión real Pedro de Jaén, que redacta un texto en 1469 (CD 214) que xa podemos considerar híbrido, ou no notario monástico Pedro de Salamanca, primeiro monxe de Naves que emprega o castelán nos documentos que subscribe entre 1491 e 1494 (CD 245-249, 251-252, 254), aínda que adoptando a miúdo fórm(ul)as galegas. Se reparamos na cláusula penal dos documentos validados por este último, poderase apreciar a incidencia do galego na súa escrita (destacamos as formas exclusivamente galegas dos fragmentos).

E es puesto e otorgado entre nós, las ditas partes, que qualquier de nós, las ditas partes, [que] contra lo susodicho quisier yr e lo non cumplir o gardar, que peyte ha dita parte por nonble de pena dyes mjll maravedys vellos de boa moneda e á vós del rrey otros tantos; e a dita pena pagada e por esta nostra carta e las cosas en ella contenjdas queden firmes e valederas durante lo dito tempo. E que esta carta non valga sy non fuere firmada de my, o dyto prior (245.22-25)

Et [he] posto e otorgado que cualquier de nós que contra esto for o pasar o ansy non complyer o guardar, que peyte de pena e postura, jnterese á parte guardante mjll maravedis vellos de pena e á voz del rrey otros tantos; e a dita pena pagada o non, esta carta e todas las cosas en ella conteúdas finquen firmes e valan en seu tempo e tenor. E que esta carta non valla saluo sy for firmada de my, o dito prior (251.30-33).

mento de Santa Comba, ao igual que acontece con dous documentos sacados, no século XVI, polos tamén notarios de Ourense Francisco Fernández Vicente (CD 219) e Fernando Páez (CD 265).

²⁰¹ Da crecente influencia da lingua castelá son testemuño ben expresivo os documentos do notario Xoán García. A título de exemplo, repárese nos castelanismos, nalgún caso formas híbridas galego-castelás, que se empregan en CD 217 (entre parénteses indícase a liña): sepan (1), el (2), herencia (4), rregidor (4), çibdad (5,31), fasta (7), preçio (9,26), presenza (11), testigos (11,31), florines (11), rrayales (11), donaçion (13), es (14), alianaçion (18), general (27,28), duda (29), yuso (29).

²⁰² No caso de CD 239, que tamén subscribe, estamos perante un traslado.

²⁰³ Neste último documento non se explicita se o redactor é o propio notario ou un escribán seu, mais consideramos que o escribiu a mesma man que os anteriores.

A incorporación da lingua da corte á documentación de Santa Comba prodúcese, en consecuencia, fundamentalmente durante a segunda metade da centuria do catrocentos, da man de redactores non galegos ou de notarios que manifestan na intitulación o seu carácter de “escrivanos” do rei, mais respectando, en maior ou menor medida, os usos lingüístico-diplomáticos do reino galego. A situación que se verifica na mudanza de século, coincidindo coa reforma beneditina²⁰⁴ e a incorporación do priorado a Celanova, é ben diferente: coa asunción por parte dos superiores de Celanova, a comezar polo reformador dos mosteiros beneditinos galegos, frei Bernardino de la Torre, da titularidade de Santa Comba e como outorgantes dos seus contratos, o castelán instálase de xeito case definitivo nos pergamiños do priorado²⁰⁵. Con todo, aínda despois da anexión a Celanova se redactan algúns documentos que presentan unha configuración lingüística xa coñecida: o castelán restrinxido á fe do notario e o resto do texto fundamentalmente en galego, cun elevado grao de interferencia romance central nalgún caso. De 1513²⁰⁶ data o que consideramos o último documento en galego de Santa Comba²⁰⁷.

²⁰⁴ Segundo López Ferreiro (2008: 25-50), a reforma das institucións monacais galegas foi impulsada polos Reis Católicos, por medio das xestións realizadas nese sentido polos seus embaixadores xunto da curia papal. Así, como consecuencia da embaixada de Diego López de Haro, gobernador de Galicia, a quen en 1493 os monarcas encargan especialmente que procuren “la reformacion de los monasterios del reino de Galicia, y facultad para remover sus personas y poner otras en su lugar” (*ibid.* p. 39), o papa Alexandre VI encomenda no ano seguinte ao prior de San Benito de Valladolid a reforma dos cenobios bieitos do reino. Isto supuxo a introdución en Galicia dun dos “organismos novos impostos desde fóra (Audiencia, «Santa Hermandad», Gobernadores, Correxedores, Inquisición, Congregación monástica de Valladolid, etc.), nutridos maiormente con funcionarios estranxeiros e contando co curso dos sectores autóctonos intermediarios e subalternos” (López Carreira 2005: 426).

²⁰⁵ A reforma, “impulsada desde San Benito de Valladolid con el apoyo eficaz de los Reyes Católicos” (Duro 1977b: 71), abre un período, entre os últimos anos do xv e comezos do xvi, no que os presidentes-reformadores impoñen o castelán. Ao igual que en Naves, na abadía de San Rosendo, a instalación do castelán coincide coa morte en 1494 do abade Lopo Gómez de Ribadal, que tamén fora prior de Santa Comba, a quen substitúe Diego de la Plaza (cf. Vaquero Díaz 2004b). A partir dese momento, tanto o noso priorado coma outras fundacións bieitas galegas van ser presididas habitualmente por foráneos, como é ben sabido.

²⁰⁶ ACO, Naves, nº 5697.

²⁰⁷ Na documentación medieval, no referente á permanencia do galego, encontramos un “panorama moi heteroxéneo, pois nalgúns lugares a produción en galego non pasa de finais do século xv, noutros chega á primeira década do xvi, noutros á segunda, noutros ata 1528, 1529 ou 1532 e mesmo, ocasionalmente, ata 1553, 1591 ou 1596” (Lorenzo 2004b: 68).

A documentación de Naves espella, pois, o emprego de tres sistemas de escrita que, coas precisións que se viñeron apuntado, se presentan sucesivamente, con características comúns nos procesos de transición, mais tamén especificidades. No paso do latín ao romance, a escrita adaptaciónse á realidade lingüística galega, que xa facía sentir a súa presenza na escrita latina. Na substitución do galego polo romance central opera a influencia dos usos lingüísticos da curia real, que se manifesta nos notarios de nomeamento rexio, ben como o importante continxente de cargos e funcionarios foráneos que se instalan en Galicia nos finais da Idade Media.

4. NORMAS DE EDICIÓN DOS DOCUMENTOS

A multiplicidade de redactores e linguas presente nos pergamiños de Santa Comba de Naves ao longo dos catro séculos que cobren, unha heteroxeneidade, por outra parte, común a calquera colección diplomática de institucións monásticas galegas, necesariamente repercute sobre as normas de edición adoptadas. A nosa pretensión foi establecer uns parámetros editoriais que servisen, con adaptacións ás características particulares de cada un dos escribáns e *scriptas*, a toda a documentación, coa intención de manter unha certa unidade e coherencia interna na edición da CD. Neste sentido, tamén se tivo moi presente que o obxectivo fundamental é presentar un texto que cumpra coas esixencias da investigación nos diferentes campos aos que pode interesar.

Divídese a abordaxe dos criterios empregados para a edición dos diplomas de Naves en dous niveis. Por un lado, explíctase como se procedeu á ordenación e datación dos documentos, ao igual que se refiren os elementos tidos en conta para a elaboración do resumo do contido e as informacións de arquivo e bibliográficas referentes a cada peza documental. Por outra parte, no relativo á transcripción dos documentos, indícanse os criterios observados e a concreción destes no que se refire ao tratamento das grañas, desenvolvemento de abreviaturas e puntuación, disposición e anotación do texto en galego, castelán e latín.

4.1. Normas de presentación

A edición de cada un dos documentos da CD de Santa Comba de Naves consta das seguintes compoñentes²⁰⁸:

I. *Número de orde*. Cada documento leva un número arábigo de orde, establecido segundo a súa data. De se conservaren varios orixinais do documento (caso, por exemplo, das cartas partidas), edítanse os diversos exemplares con números diferentes. Procédese do mesmo xeito cando un mesmo pergamiño contén varios documentos: edítanse separadamente con diferente número de orde (cf. CD 46-49, 195-196, 204-205, 217-218), agás no caso dos documentos “incluídos”²⁰⁹. En ambos os casos faise mención desas situacións na información de arquivo (v. infra).

II. *Data*. Indícanse os elementos da data, reducidos ao calendario actual, que se explicitan na edición de cada documento por esta orde: ano²¹⁰, mes, día do mes, día da semana e lugar de expedición. Se o pergamiño recolle varios documentos con diferentes datas ou o asunto escriturado ocorreu en varios días, refírese cada unha delas separadas por unha *barra oblicua*.

Por outra parte, empregamos as *parénteses rectas* cando o documento carece de data ou o estado do documento non permite a súa lectura, ao tempo que se indican en nota as referencias que se tiveron en conta para situar cronoloxicamente o texto (en moitas ocasións, o período durante o que temos documentado o prior que outorga a carta). De maneira semellante se procede cando existe contradición entre a data e outras referencias cronolóxicas do texto. Tamén se coloca

²⁰⁸ Para os aspectos relativos á presentación dos documentos temos en conta principalmente o que se indica en Commission (1984: 23-42, 55-58) e Costa (1993³: 19-42), aínda que, como se verá, en diversos puntos optamos por solucións diferentes.

²⁰⁹ Sobre os documentos inseridos, en Commission (1984: 58) indícase que non deben ser editados separadamente, pois non se debe conceder “une existence indépendante á ces actes dont la valeur historique est intrinsèquement liée á l’acte auquel ils se trouvent matériellement joints”.

²¹⁰ Na datación pola era hispánica o ano comezaba o día un de xaneiro, un modo de datación que se mantivo ata 1383. Logo, coa adopción da era cristiá, dependendo do estilo empregado, o ano podía comezar en diferentes días. Así, cando se emprega a fórmula de “ano do nacemento” hai que pensar que o ano comezaba no 25 de decembro, polo que ao reducir as datas comprendidas entre o 26 e o 31 de decembro haberá que restar un ano ao indicado no pergamiño. Este estilo vigorou ata comezos do século XVII (Cappelli 1969³: 17). Este comezo anticipado do ano vese claramente nos rexistros notariais, aínda que os editores non reparan neste feito ao reducir a data. Véxase, por exemplo, o que acontece en Ferro Couselo (1967 [1996]: 247-248). Tendo presente isto mesmo tamén se resolve o problema que atopa Tato Plaza (1999: 35) para explicar a localización de determinadas notas supostamente fóra de lugar pola súa cronoloxía. Sobre este asunto pode verse Domínguez Sánchez (2002).

entre paréntesis rectas o día da semana se o escribían se enganou no seu cálculo²¹¹ e indícase este feito en nota.

Úsanse ademais as *paréntesis curvas* cando o documento é unha copia. Se aparece tamén a data do traslado, esta irá colocada antes da da copia, coas consecuencias que disto se derivan en termos de ordenación cronolóxica dentro da CD.

En canto ao *lugar* onde foi dado o documento, non se indicará tanto se non aparece no texto coma se se trata do propio mosteiro de Santa Comba de Naves.

III. *Sumario*. No resumo do documento, ademais de se advertir no comezo, cando é oportuno, sobre o feito de a carta ser unha copia ou traslado, inclúese normalmente información relativa aos outorgantes²¹² do contrato, o tipo de asunto que recolle (aforamento, venda, avinza, sentenza...) e o ben implicado²¹³. Se o diploma inclúe ou fai referencia a un documento editado noutro lugar da CD, remítese a ese lugar.

IV. *Información arquivística e bibliográfica*. As referencias de arquivo dos pergamiños (v. Índice de pergamiños) van precedidas pola letra *A* no caso dos orixinais ou de *B* de se tratar dun duplicado²¹⁴. Despois da identificación arquivística engádense, cando procede, informacións de diverso tipo que o vencellan a outros da CD: a inclusión do documento noutro(s) da CD, o carácter de carta partida (cando se conservan as dúas partes), a existencia no pergamiño de máis dun documento. Por outra banda, achégase información bibliográfica relativa ás *edicións* existentes, aos *rexestos* recollidos en catálogos documentais, así como ás *referencias*

²¹¹ É a situación máis habitual na nosa documentación, o que implica o avance nun día, aínda que tamén se dá algún caso de cómputo dun día menos. En Saraiva (1943: 44-65) analízanse e explícanse estes desvíos na contaxe nun día máis ou menos.

²¹² Para os prenomes en latín e galego damos a correspondencia actual en galego, no caso de que exista, para o que seguimos a Ferro Ruibal (1992). Canto aos apelidos, procedeuse de maneira semellante, mais, para o caso de certos patronímicos que hoxe presentan diversas solucións, optouse polas formas actualmente máis frecuentes non castelanizadas (sobre a castelanización dos apelidos galegos, véxase Boullón 1997), como no caso de *Paz* (sobre este apelido véxase Navaza 1991). Entre as formas modernas do patronímico de *Martíño* (v. Boullón 2006: 248-254) escollemos *Martís* tendo en conta as atestacións medievais e modernas. Co patronímico de *Xoán* (cf. Boullón 1996: esp. 382-386) operamos da seguinte maneira: das formas latinas damos sempre como correspondencia *Eanes*, por ser o resultado máis conservador do apelido, ao tempo que trasladamos as ocorrencias en galego como *Eanes*, *Ianes* ou *Anes*, tendo en conta a forma do manuscrito. No caso de *Ares - Aras* respectamos a forma do documento.

²¹³ De maneira excepcional, achegamos un resumo máis amplo en casos como o de CD 82, polo interese do documento e o mal estado de conservación do pergamiño.

²¹⁴ Para os diferentes tipos de duplicados, véxase o apartado 3.2.1.

máis ou menos extensas ao documento principalmente en estudos dedicados ao mosteiro de Santa Comba e, en xeral, ao monacato no medievo galego.

V. *Texto do documento e notas*. No apartado seguinte explícanse os criterios seguidos na transcripción e disposición do texto de cada documento.

Antes de pechar este apartado, cómpre advertir que non foi posible editar todos os diplomas de Naves, pois no caso de oito documentos (CD 60, 83, 159, 173, 227, 230, 237, 263) o estado de conservación impedía a transcripción. Para estas cartas elaborouse un rexesto en que se procurou coleccionar o maior número de datos posibles do texto, indicándose na información de arquivo a lingua en que estaban escritas. Ademais, transcríbese na medida do posible o texto da data e da subscripción notarial.

4.2. Normas de transcripción

Ao considerarmos os criterios seguidos na transcripción desta CD, imponse a definición dunhas opcións estratéxicas ou principios xerais que guían a edición, as cales condicionarán as decisións tácticas, isto é, as solucións concretas que se adoptan²¹⁵. As opcións tomadas veñen determinadas polo tipo de texto que se edita e o público ao que se dirixe: unha colección diplomática medieval privilexia como destinatarios aos investigadores de diferentes campos, coa intención de constituírse nunha fonte fiable de datos. Así, a presente edición vén impulsada principalmente pola intención de fornecer un conxunto documental que satisfaga as esixencias da investigación desde unha aproximación lingüística, sen que isto impida o seu emprego por estudosos doutras áreas, como poden ser a historiografía ou a diplomática. Por este motivo, o principio director da transcripción foi o de presentar un texto respectuoso co manuscrito, mais complementariamente cunha intención actualizadora que evite na medida do posible a introdución de “ruído”, de elementos, ao noso entender, non significativos que dificultan a recepción²¹⁶.

²¹⁵ Empregamos aquí os termos “estratexia” e “táctica” editoriais tal como os entenden Castro e Ramos (1986).

²¹⁶ Este tipo de edición vén recibindo a designación de “interpretativa” (Lorenzo 1988a: 13), que en Tato Plaza (1999: 70) se define como “a edición crítica de testemuño único”.

Para os parámetros concretos que se derivan destes principios editoriais, tomáronse como punto de partida as orientacións establecidas en Lorenzo (1988b), onde se avoga por un respecto escrupuloso das grafías dos textos, ao tempo que se defende o desenvolvemento das abreviaturas e unha tendencia modernizadora no que atinxe a outros aspectos editoriais (unión e separación de palabras, uso de maiúsculas e minúsculas, puntuación, acentuación). Agora ben, ao abordar a edición dun conxunto documental tan heteroxéneo coma o presente, que inclúe manuscritos que van do século XII ata finais do século XV, con sistemas de escrita que representan tres modalidades lingüísticas, a aplicación destes criterios vaise manifestar de xeito parcialmente diverso na documentación, con adaptación ás diferentes realidades textuais. Por isto, na explicación e exemplificación das normas seguidas nesta edición, vaise dividir a exposición polas diferentes linguas presentes na CD. Loxicamente, estas normas non só se aplican aos documentos, senón tamén ás formas e treitos nunha lingua diferente á aquela en que está escrito o documento.

En fin, cremos que, en relación coas normas que a seguir se presentan, podemos facer nosas as palabras recollidas en Commission (1984: 37):

Le principe général qui doit guider tout éditeur est le respect du texte. Il ne peut opérer ni addition, ni retranchement, ni altération de quelque nature que ce soit sans en tenir le lecteur averti. Toutefois une édition ne saurait être la reproduction pure et simple du document; elle n'est en rien comparable à un fac-similé. Elle doit donc être pleinement intelligible. Dans le cas le plus simple, il faut, tout au moins, tenir compte des habitudes modernes en matière d'alinéas, de ponctuation, de majuscules, etc., et il va de soi que toutes les abréviations doivent être résolues.

É claro que a partir destes principios xerais, ben como doutros que se poidan adoptar, pódense derivar diferentes tipos de normas de transcripción, como se constata nos diferentes tratamentos editoriais que reciben os diplomas medievais²¹⁷. De calquera maneira, sexan cales sexan os criterios seguidos nunha edición documental con preocupacións lingüísticas, sempre deben estar explícitos e

²¹⁷ Outras propostas normativas para a edición de diplomas medievais galegos, como as de Lucas Álvarez (1949) ou Fernández de Viana (1998), cun punto de partida semellante ao noso, diverxen en máis dunha ocasión cos criterios de transcripción que aquí se seguen.

ser aplicados co imprescindible rigor, para que o receptor, o investigador, poida valorar adecuadamente os datos que lle fornece.

4.2.1. Documentos en galego

Constitúen, como xa se viu, o continxente documental máis amplo da CD, polo que partimos dos textos en galego no establecemento das normas editoriais. Os parámetros para as outras linguas defíniranse por contraste coas do galego: unicamente se indicarán para o latín e o castelán as diverxencias fronte aos criterios que neste apartado se explicitan²¹⁸.

4.2.1.1. As grafías

A orientación conservadora desta edición maniféstase claramente no referente á transcripción das grafías, pois mantéñense en todos os casos tal como están nos manuscritos. Agora ben, é necesario apuntar algunhas precisións a esta afirmación, sobre todo en relación coa diferenciación de determinadas grafías, pois en ocasións presentan realizacións que ofrecen dúbidas sobre a súa adscripción a unha ou outra letra²¹⁹.


Representación de , <u>, <v>

Respéctase sempre a grafía do texto, aínda que, en documentación do século xv, encontramos problemas para diferenciar de <v>, pois “aparece unha grafía intermedia entre *b* e *v*, que se asemella máis a un *b*, sen ser idéntica á representación normal desa consoante” (Lorenzo 1988b: 79) que presenta problemas de transcripción. Para os casos de efectiva igualación gráfica optouse por empregar o *b* mais sempre se procurou manter diferenciadas as realizacións das dúas le-


²¹⁸ As ocorrencias cítanse acompañadas polo número do documento e o da liña ou a letra da columna (a, b, c; se só hai unha columna no documento atribúeselle a letra *a*); se a palabra está no sinal, indícase con *m* e con *s* se forma parte da sinatura. Cando aparecen varias formas idénticas na mesma liña ou columna, indícase o número delas entre corchetes.

²¹⁹ Entendemos por realización as diferentes formas ou trazados que pode adoptar unha mesma grafía ou letra. Na transcripción empregamos unha serie determinada de grafías, de letras, que reproducen un espectro máis ou menos amplo de realizacións nos manuscritos.


tras²²⁰. A título de exemplo, podemos prestar atención aos documentos do notario Afonso García, onde, xunto a realizacións claras de *b* e *v*, aparece unha grafía intermedia formalmente próxima do *b* cuxas ocorrencias atribuímos a unha ou outra letra tendo en conta, fundamentalmente, a inclinación do hastil. É claro que, sendo este o único elemento que nos permite diferenciar ambas as grafías, a adscripción a unha ou outra letra é complicada en moitas ocasións, polo que deberá considerarse que o tabelión emprega predominantemente esta realización intermedia (v. Lámina I).



Barreiro (154.3)




bõa (154.16)




vosa (154.4)




saber (154.10)



vosas (154.19)



vso (154.8)




obligamos (154.29)



ben (154.26)



Vaasco (164.5)



conbento (164.54)




biñas (164.20)



vaan (164.8)




reçebou (172.32)




vêes (164.54)




viño (164.24)



aberes (172.43)



vedranas (172.18)



vedrañas (172.33)

Lámina I. Grafías , intermedia e <v> no notario Afonso García

²²⁰ Para Maure (2006: 158) “sempre que exista un risco que distinga con criterios obxectivos as dúas grafías, penso que na transcripción debería respectarse o grafema <v> aínda que apareza con hastil e coa base redondeada”.

Representación de <i>, <j>, <y>

Non acostuman presentar dificultades de atribución as diferentes realización das grafías <i>, <j> e <y> que se empregan na transcripción dos manuscritos, aínda que en ocasións poden existir problemas de diferenciación. É ben expresivo o caso do notario García Fernández de Rendal (v. Lámina II), no que a graffa <j> presenta tres realización: unha alta, con valor consonántico²²¹, e dúas longas, de referencia vocálica. Unha destas formas do *i* baixo, con caído recto, é empregada unicamente no hiato *ij*, ao paso que a outra, cun bucle á esquerda, está moi próxima ás realizacións da letra <y>. Para xebrar as realizacións dunha e outra graffa, tense en conta a presenza ou ausencia da copa característica do trazado do <y>.



Lámina II. Realizacións das grafías <j> e <y> no notario García Fernández de Rendal

²²¹ Chamou a atención sobre esta graffa e o seu valor Fernández López (1996, 1999), de quen tomamos a designación, que a caracteriza como “una «j» larga que se eleva por encima del renglón” (1996: 115).

Representación de <s>, <ss>, <z>, <ç>

As grafías <s>, <ss>, <z> e <ç> aparecen representadas nos documentos por múltiples realización que non se conservan na transcripción²²². É o caso do *s* alto e do de dobre curva, que se transcriben por <s>, conservándose en todos os casos a duplicación do <s> alto, que nalgúns casos presenta problemas de diferenciación a respecto do simple²²³. Entre as realización da letra <s> cóntase a que “presenta aspecto parecido a una sigma medial” (Millares 1983³: I, 194) e que chegou a confluír con realización tamén sigmáticas da grafía <z>, produto dun trazado rápido, dunha cursivización desta grafía. Estes alógrafos sigmáticos, ao igual que as outras posibilidades xa apuntadas, considerámoslos sempre como realización de <s>²²⁴, ao contrario do que defende Millares (1983³: I, 228) que propón transcribir por *z* “lo mismo dentro que en fin de dicción, y siempre con sujeción a la ortografía de la época”²²⁵. Excluimos, pois, as realización sigmáticas do abano de posibilidades da letra <z> sempre e cando non se distinguan das de <s>. Nas Láminas de III ilústrase o que consideramos realización de <s>, fundamentalmente sigmáticas, onde un criterio fonemático ou “ortográfico” nos levaría a transcribir *z*, ben como das diferentes realización que presenta <z>²²⁶.

²²² Entre as realización do <ç> incluímos o chamado “zeta visigótico”. Quen tentou deixar constancia na transcripción de ambas as grafías non pode deixar de recoñecer a dificultade da discriminación “a partir de certa altura” (Maia 1997: 25). Pola súa banda, Souto Cabo (2002b: 374) considera que “a discriminação entre <ç> e <ç> é, em muitos casos, uma hipótese de trabalho mais do que uma realidade gráfica”, ao paso que, para Monteagudo (2008: 206-207), “aínda que a distinción entre os dous grafos ofrece unha información interesante desde un punto de vista paleográfico, a súa relevancia propiamente grafemática é nula; a pesar do cal coidamos que os editores de textos galegos dese período deberan prestarlle máis atención”.

²²³ Neste sentido procedemos do mesmo xeito que Clarinda Maia ao transcribir “por *f* simples quando apresentava a base unida e por *ff* geminado quando oferecia base dupla” (1986:25). A orixe desta duplicación parte dun trazado do *s* alto en que “desde el caído de la *f* surge por su lado izquierdo una ascendente paralela al caído en busca de la línea del renglón” (Millares 1983³: II, XVIII). Algo semellante aconteceu coas letras *fe ff* (*ibid.* II, XVII), polo que na transcripción seguimos idéntico criterio de diferenciación.

²²⁴ Así o entende Maure (2006: 160-161), que, neste sentido, apunta que “hai que respetar as formas gráficas dos manuscritos orixinais e non proxectar neles os coñecementos que se poidan ter da evolución fonolóxica da lingua dos textos” (*ibid.* 351).

²²⁵ Referíndose a estas realización, Maia (1986: 25) fala dunha “letra σ , semelhante ao sigma grego”, que transcribe “como *s* quando o seu valor é o de sibilante surda e manteve-a quando representa a sibilante sonora”.

²²⁶ Sobre as diferentes formas das grafías <s> e <z> na escrita documental, véxase o que se expón en Millares (1983³: I, 194-195, 227-228).

Pechamos o apartado dedicado aos problemas de transcripción de graffias cunha nota relativa á conxunción *et*. Para a representación da conxunción copulativa, xunto, entre outros signos, ao emprego do sinal tironiano (transcrito sempre *e*), utilízase a miúdo <Et>. Durante o período medieval obsérvase que o *t* “tiende, con las naturales vacilaciones, a reducirse de tamaño, [...] y ese grupo primitivo se va transformando en un símbolo convencional, en el cual se mantiene por rutina [...] el rasguillo representativo originariamente de la *t*, confundido luego quizá con el trazo intermedio de la *E*” (Millares 1983³: II, XXII), o que implica que na súa representación se aproxime á maiúscula *E* e se empregue co valor desta. Aquí lerase *et*, e non *e*, sempre que se recoñeza ese “rasguillo representativo originariamente de la *t*” no trazado da conxunción²²⁷, mesmo cando se emprega na escrita doutras palabras²²⁸.

4.2.1.2. *Desenvolvemento das abreviaturas*

Adóptase como regra xeral o desenvolvemento de todas as abreviaturas *sen ningunha indicación*. Cando é posible máis dunha expansión da abreviatura ou presenta interese deixar constancia de que se trata dunha forma abreviada da palabra (por contraste coa forma plena), indícase o *desenvolvemento en cursiva* e este realízase tendo en conta o rexistro da mesma palabra por extenso no propio documento ou noutros documentos do mesmo escribán ou notario²²⁹, recorrendo en último caso á forma plena máis habitual en textos doutros autores do mesmo período. En certos casos, pola peculiaridade ou inadecuación da abreviación, apúntase en nota a forma contraída da palabra. Unha terceira situación afecta aos *nomes propios*, pois para estas palabras indicamos sempre o desenvolvemento en cursiva²³⁰.

²²⁷ Millares Carlo (1983³: II, XXII) adopta o criterio de “representar con *et* los casos en que se manifieste deliberadamente la intención de consignar la *t*”. Para Tato Plaza (1999: 52) é máis correcto ler como *e* estas formas reducidas de *Et*.

²²⁸ Este criterio conservador lévanos mesmo á transcripción “e(t)u” (164.52,72, 165.8,9,13,15[2],21, 166.54,62, 167.18,27, 174.44,53) do pronome persoal tónico.

²²⁹ Téñase en conta que o tabelión, ademais de redactar el mesmo os documentos, pode ter ao seu servizo un ou varios escribáns (nun traslado realizado por Xoán García figuran como testemuñas “Fernán Áluares e Juan de Brandeso e Antonjo Soares, escriuanos, criados de m^j” 239.37), polo que é un parámetro que debemos ter en conta á hora de resolver as abreviacións.

²³⁰ Na exemplificación son tratadas conxuntamente as formas onomásticas, sen discriminar entre topónimos e antropónimos.



voz (99.3)



juízo (99.14)



Núñez (99.7)



Nuñes (99.20)




ffezeron (99.8)



Peres (99.24)

Lámina III-A. Realizaci3ns de <s> e <z> (CD 99)




trese (106.15)



cosina (106.16)




uoses (106.22)




Nunes (106.2)




Peres (106.13)



Lopes (106.29)



uozes (106.14)



Vaasco Pérez e (106.28)

Lámina III-B. Realizaci3ns de <s> e <z> (CD 106)



juízo (111.4)



juízo (111.14)



uoses (111.14)



uozes (111.11)

Lámina III-C. Realizaci3ns de <s> e <z> (CD 111)



Lámina III-D. Realizaci3ns de <s> e <z> (CD 123)



Lámina III-E. Realizaci3ns de <s> e <z> (CD 124)

A estes principios xerais cómpre facerlles algunhas matizacións e comentarios que expomos a seguir en relación cos diferentes procedementos braquigráficos. Dividimos a abordaxe da braquigrafía dos manuscritos por tres tipos de abreviacións, segundo o procedemento empregado na redución da palabra: o trazo xeral de abreviación, os sinais abreviativos xunto coas modificacións de letras e a sobreposición literal²³¹.

4.2.1.2.1. Sinal xeral de abreviación

O indicador braquigráfico máis empregado é o chamado *sinal xeral de abreviatura*, consistente nun trazo colocado sobre a palabra que adopta diversas formas²³² e múltiples valores nos manuscritos. O tratamento editorial deste sinal variará segundo as funcións que se lle atribúan en cada caso. Así, o trazo marca en moitas ocasións a elisión dun *e*²³³, situación que non se sinala na edición²³⁴:

açumbres, aiades, alcalde, alfayate, allegar, ante, áruores, auangelios, auedes (aueðs), auyades, casares, de, del, deuedes (deueðs), diades, façades, firme, firme(s), fontes, fraires, grandes, he, jures, lles, martes, meatade (meatað), mes, moller ~ muler ~ muller, monte(s), moradores, morte, nome, ome ~ home, outorgante(s), paredes (pareðs), parte, pleito, pobradores, possades, presente (preseñt), priores, puge, saber, sigentes (sigenñs), soares, sobre, sodes, teedes (teeðs), tenades (tenaðs), terra, thenor, vijnte, voontades.

²³¹ A mesma división tripartita dos procedementos abreviativos utilízaa Vaquero Díaz (2002) no seu tratamento das abreviaturas na escrita gótica cursiva documental. No referente a terminoloxía e tipoloxía braquigráfica, seguimos fundamentalmente a Santos (1994).

²³² Na escrita gótica cursiva documental, segundo Vaquero Díaz (2002: 337), a forma do sinal “é considerablemente variada, indo dende a máis estendida, que consiste nun trazo lixeiramente cóncavo e que cubre practicamente toda a palabra, ata as menos frecuentes nas que aparece como un bucle, unha espiral, unha cuña ou incluso como unha imitación do signo utilizado para abreviar *er* ou da diérese que marca a existencia de dúas vocais contiguas”.

²³³ Esta é a interpretación que facemos dos castelanismos “condiciones” (condiçioñs 150.15) ~ “condiçioñes” (cōdiçioñs 150.21-22), pois no mesmo documento aparece “condiçioñes” (150.19). Si marcamos a resolución en “dízemo” (*dizmo* 213.13) atendendo ás diferentes formas coas que ocorre a palabra. Valor diferente ten en *venderēs* (*venderedes* 164.35), que indicamos en nota, fronte ao que acontece a miúdo coa SNP da P5 dos verbos, como se pode ver nos exemplos.

²³⁴ A exemplificación relativa ás abreviacións ten un carácter representativo e non exhaustivo, a non ser que se indique o contrario.

Álvarez - Áluares, Anes - Eanes - Yanes, Ares²³⁵, Bartholomeo, Berea, Binforte, Domés, Estéueez - Estéuees, Fonte Dónega, Eynés - Ynés, Fonte Ferrada, Fonte Fría, Gómez - Gomes, Gonçaluez - Gonçalues, Ingrés, López - Lopes, Migeel - Mjgell²³⁶, Maçeenda de Montes, Morete - Morete, Mugares, Naues - Nabes, Núnez - Nunes, Ourantes, Ourense²³⁷, Palmés, Paradela, Peres²³⁸, Ponte Asarandón, Ponte da Villa, Rodríguez - Rrodrigues - Rrodrigues - Rodríguez - Rrodriguez - Rrodrigues, Sabadelle, Sanches, Sóvrela Lama, Suares, Untes - Vntes - Huntés.

Constitúe excepción a esta norma o caso da palabra *igrexax*, que xorde normalmente abreviada²³⁹. Do mesmo xeito, cando a abreviación afecta aos resultados do sufixo latino -BĪLE, xulgamos conveniente indicar o desenvolvemento en cursiva, dada a variedade de formas que poden presentar estes adxectivos. Nalgunhas, poucas, ocasións úsase con outro valor diferente de *e*; nese caso resolvemos seguindo os criterios xerais establecidos, recorrendo en último caso ás formas doutros adxectivos en *-ble* do mesmo notario. Indicamos as diferentes resolucións acompañadas das ocorrencias por extenso da mesma palabra, de existiren, ambas referidas por orde de aparición.

- *husáuel* (128.9), *vsáuel* (208.15). *Forma plena*: *vsáuyl* (133.46).
- *móujles* (142.19, 146.24, 149.4,28), *móueles* (144.17, 180.20, 181.26), *móujlles* (147.27, 151.36), *mobles* (150.17,22, 160.30, 169.10,14, 183.26, 184.23, 186.24, 187.17, 188.20, 189.12, 190.99, 191.20, 192.18, 193.16, 194.22, 195.31, 197.20, 199.20, 200.7, 201.32, 202.23, 203.27, 204.7, 207.21, 208.31, 215.25, 221.35, 241.19), *móuelles* (152.30-31), *múvilles* (153.28), *múbiles* (156.30, 158.29), *móbeles* (176.18,23, 228.32, 239.28, 236.26, 264.37), *móbeles* (182.13, 244.29), *móbelles*

²³⁵ Sen abreviar temos *Ares* e *Aras*.

²³⁶ Na solución para a primeira forma (*migēl* 76.17, 101.35, 102.30) temos en conta *Migueel* (71.20), así como para resolver “*Migueell*” (*miḡll* 62.44, 82.41, 90.23,24, 103.61) e “*Miguel*” (*miḡl* 80.21). Canto á segunda, desenvolvemos as ocorrencias máis recentes de *mjḡll* (202.3, 215.4, 264.10) segundo *Mjgel* (229.6).

²³⁷ O trazo está implicado noutras abreviacións deste topónimo, tales como *ourēs* (Ourense), *ourēn* (Ourense), *ourēse* (Ourense), *aurēse* (Aurense), *oureñs* (Ourense), *ouřs* (Ourense), *ourñs* (Ourense), *oureēs* (Ourense). Sen abreviar temos as formas *Ourense* (68.3, 153.39), *Ourense* (80.22).

²³⁸ Moi raramente ocorren as formas *přs* (Peres 264.4) e *přes* (Peres 264.6).

²³⁹ Son escasos os testemuños sen abreviar: *ygleia* (66.20), *jḡlleia* (82.30), *jḡlleias* (82.37). Acostuma abreviarse mediante trazo que resolvemos normalmente como *e* (*eyḡlia*, *eḡlia*, *eḡllia*, *yḡlia*, *jḡllia*, *iḡlia*, *jḡlia*, *jḡlja*, *iḡllia*, *yḡlja*), mais que tamén pode ocorrer co valor de *ei* (*yḡla*, *jḡla*, *iḡlla*, *yḡlla*). Aínda pode ocorrer contraída coa vogal final sobrescrita, *ig^a* - *jg^a*, que se resolve “*igleia*” - “*jgleia*”.

- (250.16), móveles (255.36, 262.12,21). *Formas plenas*: móuil (31.14, 67.5), móuill (76.8), móueles (162.15), móuelles (170.19,24-25), móbeles (178.22, 206.15, 218.3, 232.32, 235.29, 243.35, 266.23), mobles (179.20, 185.25, 205.15, 209.19, 217.22, 219.31, 220.28, 225.33, 233.33, 240.27), moble (220.16, 221.21), móvelles (234.31), móvele (255.24), móveles (256.21, 256.22, 258.14, 259.14, 260.29, 261.39).
- semelláuel (144.12, 169.9, 177.16, 180.13, 181.17, 182.8, 183.15, 186.19, 187.10, 188.12, 189.9, 206.10, 207.18, 208.20, 209.12), semelláuile (145.30), semellable (150.13), semelláuelle (152.20), semellábele (199.16, 201.20, 236.18, 239.18), semelábele (235.24), semalláuel (203.19, 205.10, 210.16). *Formas plenas*: semelláuell (109.22-23,28), semelláuyl (122.9), semelláuelle (151.23), semelláuel (153.33, 185.19, 202.15-16), semelláuil (162.11), semelláuale (175.14, 184.17, 192.13, 193.12, 197.16), semellable (179.16, 211.15,17, 213.15, 215.19, 216.37, 219.22, 220.20, 221.26, 222.28-29, 223.26, 224.22, 225.25, 226.12, 228.22, 229.43, 231.24, 232.20, 233.25, 240.19, 241.13, 253.21, 265.17), semellábel (191.15, 238.14), semellábile (234.26), semeláuelle (243.24), semelable (244.19), semelláballe (250.13), semellávele (255.27, 256.13, 257.13, 258.18, 259.19, 261.28, 262.16, 266.25), semellábele (260.20).
 - estáuel (149.22), estábele (190.78, 195.24). *Formas plenas*: estáuil (96.24, 103.24, 110.34, 123.16,155-156), estáuyl (105.3), estáuele (148.17), estable (198.49, 218.3).
 - rrendables (190.75,77,82,90,94,96,98).
 - rrazonábele (195.5), rrazonablemente (195.6).
 - *Outras formas plenas*: comunauilmente (71.9-10), agradábeles (212.32) amigábeles (212.35,101,109) - amigábele (212.37) - amigabelemente (212.49), venerábeles (212.110), posíbile (212.159-160), benerable (217.2).

Outra das funcións habituais do trazo sobreposto remite á abreviación dunha *consoante nasal*, caso en que o resolvemos en cursiva. Ademais dos raros casos en que vale por unha consoante en posición explosiva²⁴⁰, acostuma empregarse para representar unha consoante nasal implosiva, tanto en posición interior coma final de palabra. En ambos os contextos optamos por unha resolución convencional por *n*²⁴¹, agás en CD 108, onde o monxe notario Vasco Pérez emprega unicamente a

²⁴⁰ Cf. os casos de “Munio” (62.45), “dézima” (81.10), “canónicos” (149.24, 218.33), “canónigo” (199.34, 212.104, 215.29, 224.37, 225.40).

²⁴¹ Ao considerar a posibilidade de desenvolver segundo o uso predominante no documento de <n> e <m>, encontrámonos con que ambas se empregan en maior ou menor medida; o realmente maioritario é precisamente o emprego da abreviación, aínda que a situación pode variar de redactor para redactor

grafía *m* en posición final e desta maneira se desenvolve o sinal. De xeito análogo, perante unha letra de referencia bilabial, transcríbese como <m> só no caso de ser ese o uso predominante no documento (cf. CD 48, 65, 66, 70, 81, 92, 108)²⁴². En coherencia con isto, calquera tipo de abreviación en que estea implicada unha consoante nasal implosiva vaise transcribir en cursiva²⁴³. No caso do trazo sobrepuesto, está implicado na elisión de diversos fragmentos con nasal (v. Lámina IV), nomeadamente na abreviación dos adverbios en *-mente* e adxectivos en *-mento*.

Noutras palabras que a miúdo xorden abreviadas por suspensión ou contracción, o trazo sinala a elisión de secuencias de moi diverso tipo. Trátase de vocábulos que ou ben se atestan por extenso na CD con múltiples formas, ou ben contan cunha presenza tan exigua que non se consegue ter certeza sobre o seu desenvolvemento. Deixamos constancia, por iso, da ocorrencia abreviada da palabra mediante cursiva²⁴⁴.

- *Abreviatura de crego*. A forma reducida *cl̄igo* transcríbese “clérigo”, conscientes de que admite desenvolvementos alternativos, como por exemplo “*créligo*”. A palabra aínda aparece abreviada como *cl̄go* (clérigo 143.31,32). Só temos un testemuño da palabra por extenso: *clergo* (175.20).
- *Abreviatura de graza*. Entendéndoa como abreviatura por contracción, resólvese *ḡra* normalmente en “*graça*”, coa alternativa “*graçia*” cando o redactor a use por extenso²⁴⁵. A esta segunda forma remite igualmente a abreviatura *ḡria* (*graçia* 240.1)²⁴⁶.

e en diferentes épocas. En calquera caso, estamos con Lorenzo (2004a: 454) cando afirma que se pode “discutir se se debe elixir *m* ou *n*, pero é preferible escoller calquera das dúas consoantes a deixar un til que se interpreta falsamente como vocal nasal”.

²⁴² En CD 31 non hai exemplos por extenso; resolvemos o único caso abreviado como “*Coumba*” (l. 3). O mesmo ocorre en CD 91, na parte galega do texto, e así transcribimos tamén “*setembro*” (l. 12).

²⁴³ Exclúese o caso da palabra *amen*, que, de harmonía coa opción adoptada para os textos latinos e coas ocorrencias por extenso da palabra, se transcribe sempre “*amen*” nas abreviaturas *am̄* e *amē*.


²⁴⁴ Non consideramos que fose relevante para as formas *b̄po* - *ōbpo* (bispo - obispo) e *b̄pado* - *ōbpadado* (bispado - obispado), exceptuándose coma sempre as situacións en que fan parte de elementos onomásticos (A Fonte do Bispo 190.46, Outeyro de Bispos 211.7). Si resolvemos en cursiva e indicamos a forma do manuscrito en nota cando a primeira abreviación é usada co valor da segunda: “*b̄spado*” (168.2), “*ob̄spado*” (192.24).

²⁴⁵ As transcrisións “*graça*” - “*graçia*” remiten á abreviatura por letra sobrescrita *gr̄a*, o mesmo que o caso puntual de “*graçia*” (*gr̄ia* 233.1).

²⁴⁶ Ademais de *graça* e *graçia*, testemuñase por extenso unha forma como *gr̄çea* (255.1, 256.1, 258.1, 259.1, 260.1, 261.1, 262.1), usada polo notario García Fernández de Rendal xunto a *graça* (257.1, 266.1) e que nunca abrevia a palabra.




firmemente (86.10)



conpridamente (111.12)



solamente (164.18)



erdamento (67.4)



a pidimento (124.42)



paramento (122.6)



emenda (86.17)



jten (123.59)



tempo (128.34)



a monte (127.11)



setembre (136.1)




seruentes (158.13)




Santa (106.1)




de Santiago (190.73)



preguntado (123.207)



sentença (123.42)



instrumento (190.111)

Lámina IV. Elisión de segmentos con nasal implosiva mediante trazo

- *Abreviatura de caendas ~ quendas.* A abreviatura *k̄las* desenvólvese como “*caendas*” (48.15), o mesmo ca *k̄ls* (*caendas* 66.17, 70.8), anotando a forma do manuscrito²⁴⁷. Tamén se informa en nota da contracción *k̄l̄nas* (*quendas* 238.10), que ocorre xa no século xv e se resolve de xeito análogo á forma abreviada *q̄ndas* (*quendas* 190.93, 233.17).
- *Abreviatura de marabedí(s).* Palabra que ocorre normalmente abreviada, adóptanse as resolucións *morauidil* / *moraujdil* e *morauidís* para as diferentes abreviacións, habitualmente sinaladas co trazo xeral, mais tamén coa sobreposición de letras, en documentos e redactores dos que non hai testemuños por extenso: *m̄r* (*morauidís*, *morauidil*), *m̄r* (*morauidís*, *morauidil*), *m̄rid*^b (*morauidil*), *m̄rjd*^b (*moraujdil*), *m̄rl* (*morauidil*), *m̄rs* (*morauidís*), *m̄r^as* (*morauidís*), *r̄* (*morauidís* 133.46). Constitúe excepción a esta norma o caso da abreviación *m̄ri* (*morauidí* 211.12,18,24), que entendemos como abreviatura por contracción. Pola súa parte, para os documentos do notario Xoán García resolvemos como “*maraujdís*” a abreviación *m̄rs*, en función dos testemuños da forma de singular da palabra (*maraujdil* 175.8, 217.10, 221.17-18, 228.13). Nalgúns pergamiños deste tabelión tamén se emprega a forma *marabidil* (220.14, 222.19), polo que nestes documentos se resolve a abreviatura de acordo con esa forma (*marabidís* 220.13,30, 222.18,20,40). O singular da palabra tamén pode aparecer representado por unha abreviatura por contracción, como *marauj̄l* (*maraujdil* 216.21), *m̄ri* (*maraujdí* 219.16) ou *m̄ari* (*maraujdí* 233.16). Do mesmo xeito, en CD 250 ocorre a forma *marabydil* (250.9), segundo a cal se desenvolven as abreviacións *m̄r* (*marabydil* 250.16) e *m̄rs* (*marabydís* 250.18).
- *Abreviatura de soldo(s).* A representación abreviada está constituída por un ou dous *s* altos cortados por un trazo que os cruza en diagonal de dereita a esquerda. Esta sigla resólvese tendo en conta o valor que teña no texto, de plural (*ssoldos*, *soldos*) ou de singular (*ssoldo*). A mesma abreviación coas letras *sl* resólvese “*soldos*” (80.13) cando corresponde a un plural e “*soldo*” (111.22) cando vale por singular.
- *Abreviatura de testemuña(s) e testemuño.* Tratamos ambas as palabras conxuntamente en termos de desenvolvemento, a non ser que un mesmo escribán empregue solucións diferentes para cada unha delas. Se o redactor escribe a palabra de diversas maneiras, escóllese no desenvolvemento aquela testemuñada

²⁴⁷ Seguimos neste punto as indicacións que se dan en Lorenzo (2004a: 457-458).

no propio documento ou, de non ser o caso, a máis empregada. Cando non se atestan ocorrencias por extenso do mesmo notario, adóptase a forma máis habitual en documentos do mesmo período²⁴⁸.

- *Testimuyas* (tes̄s 48.18), *testimuyas* (t̄s 70.10, 76.45, 77.30, 134.5,21), *testimuyas* (t̄s 122.13, 136.2,33, 146.31, 149.33,35), *testymuyas* (t̄s 140.41, 171.30), *testimuyo* (ts° 149.36), *testymuyo* (ts° 171.32, 177.29), *testymuyas* (t̄s 175.20, 177.26, 200.18), *testimuyo* (testiño 241.24). *Formas plenas*: *testimuyas* (73.12, 75.25, 96.12,26, 133.52, 136.35, 146.28, 153.37), *testimuyo* (73.15-16, 75.31, 77.36, 86.20,28, 122.14, 134.24, 146.31, 253.36), *testy(uy)muyo* (140.44), *testymuyo* (175.22, 200.19-20).
- *Testimũya* (t̄s 62.47), *testjmũyas* (t̄s 191.23). *Formas plenas*: *testimũyas* (62.1,44, 178.28, 239.32), *testimũyo* (62.47, 178.30, 239.35), *testjmũyas* (191.25), *testjmuyo* (191.26).
- *Testemuyas* (t̄s 67.19,20, 68.25, 69.26, 71.19,21, 90.21,25, 93.11.20, 98.23, 99.23, 100.28, 101.35,36, 102.30,31, 107.30, 119.15, 121.19, 124.36,37,39,40,49,50,60,62, 126.21, 130.30), *testemuyas* (t̄s 170.30). *Formas plenas*: *testemuyas* (65.1-2,18[2],37, 66.19, 69.24, 86.22, 111.33, 123.1, 124.1,35,36,37, 135.1,61, 170.28), *testemuyo* (65.18,40, 66.26, 107.33, 119.20, 121.24-25, 124.36,47, 126.25, 130.33, 135.63, 170.31, 176.30), *testemuio* (133.56), *testemuyos* (135.30,31).
- *Testimoyas* (t̄s 81.19, 184.31), *testimoyas* (t̄s 95.13,30, 103.4,60), *testimoyo* (testiño 186.28, 199.37), *testimoyo* (ts° 184.32, 192.25, 193.22, 194.31, 197.28, 250.22), *testimoyo* (testim° 238.22). *Formas plenas*: *testimoyo* (81.26, 95.35, 136.37, 236.36), *testimoyas* (160.34, 184.29).
- *Testemoyas* (t̄s 92.25,28, 94.8, 97.15, 106.28, 108.24, 110.22,41, 127.31, 128.24, 131.25, 141.50, 142.22,32), *testemoyas* (t̄s 129.2, 138.30, 143.31, 144.20,23, 145.43, 147.3,33, 148.3,18, 151.41,44, 152.34,37, 160.40, 162.18, 190.66,108,109, 195.48), *testemoyo* (ts° 144.23, 147.34, 148.22, 151.45, 152.37, 154.41, 155.35, 156.39, 157.26,27,34, 161.64, 162.21, 163.46, 164.76, 165.25,54, 167.29, 168.78, 169.18, 172.88, 174.58, 181.34, 182.16, 186.31, 189.15, 190.112), *testemoio* (testiño 190.68),

²⁴⁸ É o que acontece en CD 48, 70, 76, 90, 93, 98-99, 101-102, 129, 131, 138, 143, 144, 148, 162, 179. Para CD 116 óptase pola solución “*testemũyas*” (l. 25) que emprega o monxe notario Fernando Anes, pois, aínda que non presenta subscripción notarial, o documento con total certeza foi redactado por el. Noutros documentos en que se emprega a forma *testigos*, por extenso ou abreviada, adoptamos unha resolución semellante para as diversas abreviacións de *testemuño*: *testiño* (testimoyo 199.37), *testem°* (testemoyo 242.27), *ts°* (testimoyo 250.22).

- testemoyas* (t^os 190.111), *testemoyo* (testem^o 242.27), *testemojo* (test^o 255.44, 257.30, 259.32, 260.39, 262.30, 266.51). *Formas plenas*: *testemoio* (82.63), *testemoyo* (91.11, 92.31, 94.10, 97.19, 106.31, 108.28, 110.44, 124.68, 127.34-35, 133.58, 142.24, 145.48, 160.42, 187.23, 188.27, 195.49, 196.26, 201.39, 202.30, 203.34, 204.13, 205.19, 206.19, 207.26, 208.40, 209.25), *testemoyas* (124.69,75, 147.31, 190.67,79, 195.47), *testemoyos* (157.26), *testemojo* (256.29, 258.30, 261.50, 264.51).
- *Tistimuyas* (t̄s 105.18). *Formas plenas*: *tistimuyo* (105.23).
- *Testemūyas* (t̄s 112.34, 123.11,54,80,82,83,149,159,161,162,163,165,167,168,219, 220[2],221,222,224,225,235,236,250,257,264), *testemūyas* (t^s 113.22, 114.22, 115.28, 116.25, 120.19), *testemūyo* (ts^o 123.163,169,186), *testemūya* (t̄s 123.166,184), *testemūya* (ts^a 123.214). *Formas plenas*: *testemūyas* (87.25, 123.22,28,80,220,248), *testemūyo* (87.31, 112.37, 113.25, 114.27, 115.32, 120.23, 123.20-21,29,160,161,162, 165,169,216, 232,256), *testemūya* (123.188,202,206).
- *Testigos* (t^os 148.21, 162.20, 190.79, 192.22,24, 193.19,21, 194.28,31, 195.8,43, 196.11, 197.25,27, 198.51, 212.86,95,100,172, 213.24, 214.34, 216.56, 218.39,45, 219.36, 223.39, 226.19, 231.41, 233.38, 234.33,36,38, 235.37, 236.32, 238.21, 244.38, 250.20,21, 255.41,44, 256.25, 257.26,30, 258.26,29, 259.27,31, 260.35,38, 261.45, 262.26,30, 264.50, 266.45,50; t^os 242.23,27, 243.51). *Formas plenas*: *testigos* (178.30,32, 182.15, 195.12, 198.22,49, 199.31, 201.36, 215.29, 217.11,29,31, 220.33, 221.40, 222.43, 224.36-37, 225.39-40, 228.38, 229.61-62, 232.37, 235.34, 236.35, 240.32, 243.44, 244.35, 256.29, 264.46, 265.28), *testigoos* (200.15, 241.22,24, 253.32,35).
- *Testemōyas* (t^s 154.37,41, 155.34, 156.35,38, 157.29,33, 161.56,62, 163.42,45, 164.70,75, 165.1,23,25,52,54, 166.61,65, 167.26,29, 168.72,78, 169.17,18, 172.4,18,33, 62,80,87, 174.52,57, 179.23, 180.22,24, 181.33, 182.16, 183.31, 186.26,27,29, 187.21, 23, 188.24,26, 189.14,15, 196.26, 201.38, 202.28,30, 203.31,33, 204.11, 205.17,18, 206.17,18, 207.25,26, 208.37, 209.23,24, 210.26,28), *testemōias* (t^s 158.35). *Formas plenas*: *testemōyas* (155.31, 157.3, 161.2, 181.28, 196.24), *testemōias* (158.38), *testemōyo* (180.25, 183.24).
- *Testimōyas* (t^s 211.29), *testimōyo* (ts̄o 211.34). *Formas plenas*: *testimōyas* (185.28,30, 239.34), *testimōyo* (185.31, 231.28).
- *Otras formas plenas*: *testemoyon* (128.26), *testimoñjas* (150.26), *testimonjo* (150.30, 179.32, 240.36, 243.53, 244.39), *testimjojo* (234.41), *testimonjas* (240.35).

- *Outras abreviaturas.* Con moita menor presenza ca as abreviacións anteriores, importa chamar a atención aínda sobre outras palabras que se resolveron en cursiva ben por admitiren máis dun desenvolvemento, ou ben para deixar constancia da súa ocorrencia en forma breve pola súa peculiaridade.
 - *Alcalde.* Desenvólvese *atld* en “*alcalde*” (195.39) segundo a forma por extenso máis habitual (cf. *alcalde* 161.3,17,38,41, 198.37; *alcalde* 217.17; *alcalde* 218.18).
 - *Apostólica.* Abreviado na contracción *áplica* (*apostólica* 179.28, 240.34), presenta por extenso formas como *apostóligo* (243.50) - *apostólligo* (244.37), *Apostólliga* (243.50-51, 244.37).
 - *Capítulo, título, tódolos.* Nas abreviacións *capítulo* (*capítulo* 190.73) e *títulos* (*títulos* 195.20) márcase a resolución á vista da variación na representación da postónica velar como vogal media ou pechada. Non é o caso da abreviación análoga, mais infrecuente, *toḏlos* (*tódolos* 127.26, 128.11,21).
 - *Diocese.* Non existen testemuños por extenso²⁴⁹. A abreviatura *diōc* transcríbese como “*diocese*” (179.23)²⁵⁰.
 - *Instrumento.* Non contamos con formas sen abreviar do mesmo redactor para *jnst̄rm* (*instrumento* 190.111), da que na CD se atestan formas como: *esturmento(s)*, *estru-*
mento - *estruamentos*, *estormento* - *estormento*, *estromento*, *jnstromentos* - *jnstro-*
mentos, *instrumento*.
 - *Letrados.* Para *frados* lemos “*leterados*” (190.79,106, 195.44[2]), aínda que con base nas formas por extenso tamén se podería transcribir “*letrados*”.
 - *Mil.* Resólvense en cursiva as inhabituais abreviacións *m̄l* (*m̄l* 82.5,39,45,64), *m̄ll* (*m̄ll* 82.43, 91.11)
 - *Muller.* Abreviado *m̄lr* (67.1) - *m̄llr* (71.4, 171.4,13,25), transcríbese “*moler*” / “*mo-*
ller” de harmonía coa solución maioritaria coa vogal átona sen inflexionar.
 - *Portugueses.* A transcripción da suspensión *poṛt* (*portuguesa* 95.14, 96.10) ten en conta as formas “*putrugeses*” (156.17), “*putrugeses*” (158.18) - “*putrugeses*” (163.22).
 - *Postromeira.* Nunha ocasión aparece reducida como *postroṛā* (*postromeira* 234.22).

²⁴⁹ En subscricións notariais en castelán ou con castelanismos de García Fernández de Berlanga úsase “*dió-
cesi*” (179.28, 212.179).

²⁵⁰ Do mesmo xeito se procede coas abreviacións *dioc* - *djoc*, co sinal indicador de suspensión, que se resolven respectivamente “*diocese*” (195.21, 196.1, 199.32, 212.11,103, 231.44, 240.34, 265.1) - “*djocese*” (235.36, 236.34). Presenta a variante *dic* co mesmo trazo e un sinal abreviativo en forma de oito deitado por cima (*diocese* 226.1). Ademais, chamamos a atención en nota sobre a forma *dioxā* (165.2), que lemos “*diocese*”.

- *Terreo*. Para a contracción *tr̄ro* (*terreo* 190.46,82), sen formas por extenso no mesmo notario, existen múltiples posibilidades de desenvolvemento á vista dos testemuños da CD: *tarr̄eo(s)*, *tarreo(s)*, *terreo(s)*, *terr̄eos*, *tereo*, *terreyos*.
- *Tesoureiro*, *zapateiro*. Esporadicamente abreviadas *çapāt* (*çapateyro* 62.44), análoga á latina *zapāt* (*zapatarius* 19.c), e *th̄ro* (*thesoureyro* 92.26).
- *Vinte*. Nunha única ocasión aparece abreviado *v̄nt* (*vijnte* 168.70).

Unha situación semellante á que verificamos en palabras abordadas máis arriba, habitualmente abreviadas e con ampla variación nas formas por extenso, maniféstase en relación coa *antroponimia*, de aí a opción pola indicación sempre en cursiva dos segmentos elididos²⁵¹. Relacionamos a seguir as diferentes solucións adoptadas para estes elementos onomásticos, abordando conxuntamente, de ser o caso, prenome e patronímico.

- *Afonso*: *alf̄ōn* (*Alfonso*), *aff̄ōn* (*Affonso*, *Affonso*) ~ *Af̄ōn* (*Afonso*, *Afonso*), *aff̄ōm* (*Affonso*) ~ *af̄ōm* (*Afonso*). Os desenvolvementos “*Affonso*” ~ “*Afonso*” realízanse só cando así se escribe o nome por extenso.
- *Domingo*: *dom̄go* (*Domingo* 82.47), *d̄go* (*Domingo*). Recórrese á resolución con *j* (*Domjngo*) se se emprega na forma sen abreviar para esta última abreviatura. Por outra parte, proba da vinculación desta abreviación a *Domingo* (fronte a *Diego*) atopámola en CD 151, onde o nome do destinatario do diploma, Domingo Anes, está escrito *dom̄go* (*Domjngo* 151.2,32) e *d̄go* (*Domjngo* 151.45). Para o patronímico *Domínguez* resolvemos “*Domínguez*” (*dom̄īḡz*), “*Domingues*” (*dom̄īḡs*), “*Domínguez*” (*dom̄īgez*), “*Domjnges*” (*dom̄jges*), “*Domínguez*” (*d̄ōz*), “*Domingues*” (*d̄ḡs*); a solución “*Domínguiz*” para *dom̄īḡz* (65.37, 66.19,20) ten en conta “*Domínguiz*” (*dom̄īguiz* 65.19, 66.21).
- *Estévez*: *esteūs* (*Estéuees* 123.209), *est̄* (*Estéuees* 135.18, 171.1). Non hai testemuños por extenso dos mesmos notarios. Son escasas na CD as formas sen abreviar: *Stéueez* (48.21), *Estéueez* (70.11), *Estéuēes* (148.4, 215.29), *Esteues* (155.36).
- *Fernando*. Para alén da sigla *ff* (*Ffernán*), o nome presenta múltiples abreviacións que remiten a *Fernán* ou *Fernando*: *ferr̄na* (*Fernán*), *fernād* (*Fernand*), *fferr̄n* (*Ffernán*),

²⁵¹ Incluímos nesta situación a invocación *j̄hs* (*Jhesus* 212.1), *ih̄ūs* (*Ihesus* 255.1, 264.1), que aparece no encabezamento do documento, ou a forma *b̄p̄ta* (*Baptista* 190.46) na referencia cronolóxica “día de Sant Johán Baptista”.

feṛn (Fernán), ferṛn (Ferrnán), ffeṛn (Ffernán), ffrṛna (Ffernán), ffrṛa (Ffernán), frṛa (Fernán), ffrṛn (Ffernán), ffrṛ (Ffernán); ferṛndo (Ferrnando), fferṛndo (Ffernando), ferṛndo (Fernando), ffrṛndo (Ffernando), frṛndo (Fernando), ffrṛnd (Ffernando), frṛado (Ferrnando). Maior variación aínda ofrece a redución do patronímico *Fernández*: fr̄z (Fernández), ffr̄s (Ffernandes), ffeṛn (Ffernández), ffeṛz (Ffernández), ferṛz (Ferrnández), feṛs (Ferrnandes), ffrṛz (Ffernández), frṛz (Ferrnández), ffr̄s (Ffernandes), ffr̄s (Ffernandes), fr̄s (Ferrnandes), ffrṛnādz (Ffernández), fferṛnādz (Ffernández), ffrṛnādez (Ffernández), ffrṛn̄z (Ffernández), frṛn̄z (Fernández), ffrṛns (Ffernandes), ffr̄s (Ffernandes), fr̄s (Ferrnandes), ferṛs (Fernandes), ffeṛns (Ffernandes), ferṛn̄z (Fernández), ffrṛn̄s (Ffernandes), frṛnāḏs (Fernandes), ffrṛnāḏs (Ffernandes), ffeṛn̄s (Fernandes), fr̄s (Fernandes), ferṛs (Fernandes).

- *García*. É escaso o uso do trazo na abreviación deste elemento: *gṛia* (Garçía 240.6[2]).
- *Gonzalo*: gonçluo (Gonçaluo). O patronímico *González* está abreviado *goṅs* (Gonçalues), *gonçlz* (Gonçaluez), *gonçlus* (Gonçalues), *gonçals* (Gonçalues), *gōçals* (Gonçalues).
- *Xoán*. Alén da sigla (*Johán*), ocorre habitualmente abreviado *joh̄n* (Johán) ~ *ioh̄n* (Iohán).
- *Martiño*. Aparece abreviado como *mārt* (Martín), *m̄rt* (Martín), *m̄jno* (Martjno), *m̄jn* (Marj̄n). O patronímico *Martís* non se documenta por extenso, polo que adoptamos unha resolución convencional para as abreviacións *mārt* (Martíiz, Martíis), *m̄r* (Martíiz), *mārz* (Martíiz), *m̄z* (Martíiz), *m̄s* (Martíis)²⁵², *m̄rt* (Martíiz, Martiis), *m̄r̄s* (Martíis), *m̄r̄z* (Martiíiz). No desenvolvemento con *s* ou *z*, para aquelas formas reducidas que non integran a letra, aténdese ao comportamento do notario con outros patronímicos.
- *Núñez*: n̄s (Nunes).
- *Rodríguez*: rroḏz (Rrodriguez), roḏz (Rodríguez), rrōz (Rrodriguez), rrodr̄z (Rrodriguez).
- *Sebastián*. O patronímico ocorre abreviado en *sauasch̄z* (Sauascháez 92.26).
- *Vázquez*: uq̄iz (Uaásquiz 65.18)²⁵³.

²⁵² Esta abreviatura pode configurarse tamén con outros sinais abreviativos (*m̄⁷s*, *m̄⁸s*) con idéntico desenvolvemento.

²⁵³ Ademais doutras abreviaturas deste patronímico que abordamos noutros lugares, habería aínda que apuntar algunhas abreviacións ocasionais ás que remiten transcricións como “*Vasques*” (232.38), abreviado por suspensión co trazo característico deste tipo braquigráfico, e “*Vasques*” (*v̄^s* 234.36), que se desenvolve segundo a forma do mesmo notario “*Vasques*” (235.34).

Cando existe un *desaxuste* entre a abreviatura e a forma desenvolvida da palabra, o que supón a alteración dunha ou máis letras da abreviación no seu desenvolvemento, debido normalmente ao emprego de certas abreviaturas latinizantes, ademais de empregar o itálico na resolución, anótase a forma abreviada da palabra²⁵⁴. É o caso das abreviacións *archo* (arçidiago 92.5,6,25)²⁵⁵, *dāt* (dada 118.22), *fcta* (feyta 143.19,29), *mōn* ~ *mōm* (moeda)²⁵⁶, *mōn* (moesteyro 120.14)²⁵⁷, ben como o de certas formas reducidas dos patronímicos *Eanes*²⁵⁸, *Miguez*²⁵⁹, *Paz*²⁶⁰ e *Vázquez*²⁶¹. Para outras situacións prescínlese da indicación en nota por ser redundante respecto da resolución en itálico. É o caso das formas *sco(s)* e *sca* ~ *ssca*, que ocorren xunto a *sō* e *sā* (*santo*, *santa*) e que transcribimos “*santo(s)*” e “*santa* ~ *ssanta*”, do mesmo xeito que en *sciago* (*Santiago* 65.11,19,22); débese entender, pois, que as palabras *Sancta* (241.1[3], 253.1[2],15,31) e *Sancthomé* (241.23, 253.33) aparecen así por extenso no manuscrito.

Para outras abreviaturas desaxustadas, en fin, optamos polo desenvolvemento sen indicación de ningún tipo, como en *dco(s)* e *dca(s)*, coa variante moito menos

²⁵⁴ Neste sentido, cabería a posibilidade de interpretar a abreviatura *nro(s)* ~ *nra* como influencia da escrita latina ou castelá. No entanto, resolveuse en “*noestro*” (48.17, 153.36, 217.15, 250.21, 253.33, 265.28), “*noistros*” (*nros* 241.23, 255.42,44, 256.27,28, 257.28,30, 258.27,29, 259.29,31, 260.36,38, 261.47,50, 262.28,30, 266.47,50), “*nostra*” (264.48), entendéndoa como forma peculiar do posesivo que acompaña case sempre á palabra *señor(es)* ~ *señora*.

²⁵⁵ Cf. no mesmo documento “arçidiago” (92.25). Non se indica en cursiva, no entanto, o desenvolvemento das abreviacións *arçidgo* (124.48,67, 133.52) e *arçidgado* (124.61,62), en vista das ocorrencias sen abreviar de “arçidiago” (123.181,182,200,201,210,213,233,250,255[2],258, 124.62,67,70, 129.10,16,36, 133.2) e “arçidgado” (123.249[2]).

²⁵⁶ Resólvense de acordo coa solución maioritaria sen abreviar. De igual maneira se procede coas abreviacións *mor^t* ~ *mom^t* (moeda).

²⁵⁷ É claro que o desenvolvemento ten en conta as formas do notario sen abreviar, do mesmo xeito que na resolución doutras abreviaturas desaxustadas nas que non se emprega o sinal xeral: *mom^t* (*mosteyro* 216.20,56,59, 221.24,28[2],31, 225.20,22,29,39,40, 233.13,27[2]); *moesteyro* 223.15,19,23,24,29[2]), *mom^o* (*mosteyro* 217.2,21, 218.12,13,16,19,28[2],36,43), *m^{no}* (*mosteyro* 238.1).

²⁵⁸ Trátase das abreviaturas *iohis* (*Eanes* 65.17,19,36,37), *iōh* (*Eanes* 66.22), *johñes* (*Eanes* 82.12), *johañs* (*Eanes* 123.248), *iohñs* (*Eanes* 124.61).

²⁵⁹ Na abreviación híbrida latino-romance *mīglls* (*Miguees* 134.22). Atéstanse as formas sen abreviar *Miguéez* (69.5), *Migéez* (73.12, 75.27), *Miguéez* (129.4,42), *Migéez* (129.6,9,29), *Mjgees* (129.17), *Migées* (129.18,26), *Migees* (129.37).

²⁶⁰ É o caso de *płz* (*Páez* 66.23, 70.2, 71.20, 87.7), *płs* (*Paes* 82.12, 123.180,196,207), *płls* (*Paes* 135.16,20), *płlz* (*Páez* 135.18). En documentación latina aparece *Paiz* (13.a[3]) xa no ano 1221; en textos romances están ben documentadas as formas *Páez* ~ *Paes* e, dende o ano 1364, a solución con hiato homorgánico (*Paas* 130.31) que no século xv se xeneraliza como *Páaz* ou *Paas*.

²⁶¹ Referímonos ás formas *ullz* (*Uaásquez* 96.7), *uills* (*Uaasques* 138.1), *vlls* (*Vaasques* 149.1[2],2,4,5,14,20,31,35)

frecuente *dċto* - *dċta(s)*. Resólvense *dito(s)* - *dita(s)* ao igual que *dċo(s)* - *dċa(s)*, polo que as ocorrencias de *dicto(s)* - *dicta(s)* dos textos galegos corresponden a formas por extenso no manuscrito: *dicto* (31.11,13, 241.6,8,24, 253.3,17,26,27 [2],28[2],31[2],32), *dictos* (253.35), *dicta* (241.23, 253.26,27,34[2]), *subssodictas* (253.28). A mesma solución adoptamos para *iĥu xĥo* (Ihesu Cristo) - *jĥu xĥo* (Jhesu Cristo), que non se encontra por extenso²⁶².

O trazo sobreposto aínda aparece na edición transcrito como *til* en caso de que apareza sobre <n>, indicando a palatalidade da nasal, ou de que represente a nasalidade vocálica²⁶³. Con este último valor, se ocorre sobre unha vogal tónica duplicada, o til colócase sobre a primeira delas²⁶⁴. Xunto a este valor de marcador da nasalidade vocálica, en certas palabras poderíasele atribuír unha segunda función ao trazo sobrescrito. Entendemos que existe esta dupla funcionalidade en palabras como “*canpāa*”, “*çentċo*”, “*gāañados*” - “*gāanando*” - “*gāañar*”, “*ninhúa*” - “*nĥnhúa(s)*” - “*nĥnhũu*” - “*nĥnhún*”, “*pertċeçen*” - “*pertċeçían*”, “*pervċeron*”, “*Valançāa*”, que presentan un único trazo para cubrir toda ou boa parte da palabra. Aquí transcribimos como til e ao mesmo tempo desenvolvemos a consoante nasal ou colocamos o til sobre <n>, segundo os casos, indicando a situación en nota²⁶⁵.

Para outras palabras en que igualmente se podería pensar nun dobre valor, optamos na transcripción pola resolución como consoante nasal. É o caso de “*auijnça*”²⁶⁶, “*cóongo*” - “*cóongo(s)*”, “*conteen*”, “*Meén*” - “*Meendo*” - “*Meéndez*”, “*Meende*”²⁶⁷, “*perteenças*” - “*perteençsas*” - “*perteençsas*”, “*teen*”, “*teença*”. Do mesmo xeito, en formas verbais de terceira persoa de plural con nasal palatal na sílaba final, resolvemos o trazo como nasal implosiva (*poýnan*, *ponan*, *tenan*, *tijnan* - *tinan* - *tynan*, *venan*), o mesmo que en “*quinentos*” ou “*quinón*”. Pola

²⁶² Indicamos en nota, porén, as variantes *iĥu xĥo* (Ihesu Cristo 238.18, 244.35) e *jĥesu* (Jhesucristo 143.30).

²⁶³ Nalgúns casos o trazo concorre con outro procedemento de indicación da nasalidade vocálica, como en *algūna* (66.16), *vāna* (103.4,65) - *uāna* (109.22), que transcribimos “*alguna*”, “*vna* - *una*”, ou da palatalidade da nasal, como en *coziñha* (115.12-13), que se leu “*cozínha*”. En ambas as situacións anótase que a palabra leva un trazo sobreposto.

²⁶⁴ É o que acontece en *bōoa*, *Casdenāao*, *Castelāao*, *Chāao*, *chāao*, *Çibrāao*, *çidadāao*, *condiçōoes*, *curmāao*, *Feramontāao* - *Faramontāao* - *Faramontāao*, *Giāao* - *Jjāao*, *ymāao(s)* - *hirmāao*, *Julliāao*, *Jusāao*, *māao* - *māao*, *Maranāao*, *pessōoa*, *sāao*, *Ssauaschāao* - *Ssauaschāao*.

²⁶⁵ Tratamos da mesma maneira o caso de “*tċedes*” (*teċds* 121.7).

²⁶⁶ Na forma *avīnça* (134.6) anótase que leva un trazo sobreposto.

²⁶⁷ Interesan tamén a este parámetro editorial outras abreviacións do mesmo topónimo como *mċed* (*Meende* 149.5,14[2]), *mċe* (*Mende* 153.11), *mċede* (*Mende* 213.11,17).

súa banda, cando o sinal pode valer por til de nasal *e*/ou de vogal, como en “quinōos” ou “Maranáao”, privilexiase a segunda opción²⁶⁸.

Unha última posibilidade no tratamento deste trazo sobreposto remite á súa *eliminación* cando non lle atribuímos ningún valor lingüístico, mais deixando constancia en nota da súa presenza no manuscrito. É de sinalar que, no referente ao emprego do sinal expletivo, a documentación manifesta un incremento progresivo do uso desde os primeiros documentos en galego ata os máis serodios. Partindo dun conxunto representativo da numerosa casuística deste trazo na CD, indicaremos algunhas motivacións que explican o seu emprego. Así, apuntan para unha influencia da escrita latina formas como *años*²⁶⁹, *comō*, *costumē*, *daño(s)*, *dōna*, *ē*²⁷⁰, *engaño*, *mīll-mjll-mjll*, *nomē*²⁷¹. Noutros casos, o emprego innecesario do trazo encóntrase vinculado á representación de determinadas grupos literais, como é o caso do dígrafo *ch* (*achado*, *acharia*, *achou*, *chāmadōs*, *Çigachōs*, *Sanches*, *Sancha*)²⁷² ou do grupo *gn* en formas como *rregñō - rreigñō*, *signāda*, *signāl - sygnāl*, *signar*, *signō*. Ademais, en numerosas ocasións ten un carácter redundante, pois consérvase o trazo na representación da palabra cando esta se escribe por extenso²⁷³. Da mesma maneira, concorre habitualmente na representación de palabras que presentan un hiato, sobre todo homorgánico, polo que se establece unha vinculación evidente entre este uso do trazo e a representación da nasalidade vocálica.

²⁶⁸ Quedaría aínda por indicar algunha situación dubidosa canto ao tratamento do trazo sobreposto, caso de *pās* (*paes* 82.30).

²⁶⁹ Por analoxía tamén se coloca o trazo sobre o mesmo segmento cando vale por “a nós” ou en palabras como *nōs* (nós), *uōs* (uoz).

²⁷⁰ Na escrita latina valía por “est”. Usado para representar a forma verbal romance, transcribímoloo como “ē”, aínda que na documentación tamén hai testemuños de formas como “est” ou “este”.

²⁷¹ Téñanse en conta, porén, a ocorrencia de formas como “*donna*” (124.12) ou “*annos*” (124.60), curiosamente nun documento en que <nn> se usa co valor de nasal palatal: *sennorío* (124.5,14,20,44-45), *Espanna* (124.11,44), *galinnas* (124.17,49).

²⁷² Menéndez Pidal (1976⁵: I, 227 n. 2), ao referirse a que este sinal “acompaña especialmente á algunos grupos de consonantes”, apunta con relación a este dígrafo que “sirve para indicar que la *c* y la *h* forman un signo que representa un solo sonido”.

²⁷³ Segundo Sánchez-Prieto Borja (1996: 37-38), “los trazos expletivos dictados por las leyes de la cursividad se hicieron cada vez más frecuentes, propiciados por el predominio de la imagen visual sobre la acústica, por lo que el empleo corriente de *grade* con lineta propiciará *grande* también con rasgo superpuesto, lo que presta aspecto visual distintivo a la palabra”.

Afōnso, agoardañte, ajadēs, alfayāte, algūnd, an̄te, bēn - bēm, castēlla, çēm - çēnt, cōnuēto, comēr, comūnalmente, Couñba, deūs, dīto/a, dōm²⁷⁴, ēn, erdamēnto, exēnte, gēnte, gērra, Goñçaluo - Goñçalo, hērdades, Johān, juñto, lib̄ra, lib̄re, mātade - mētade, mēs, meñor, mol̄ter - mul̄ter, moñge, mouēles, m̄yngua, pān, pagūe, Palmēs, paramēnto, paredēs, partēs, peña, persoña, presente, q̄uer, sab̄am - sabēam - sabbēam - sab̄yam - sabbēan, saluan̄te, Sañt, segūnd - segūndo, señpre, sigūe, tañto(s), tēn, teñor - theñor, teñpo, tērra, trēs, trezēntos - tresēntos, Uñtes, vosēs - vozēs, vyřēm.

āa tal, abōo(s), acaēsçeu, aldēa, artigōo(s), cabidōo - cabjđoo, caēr, cāera, Çeleirōo, declarandōo, degřāo, demandandōos, duās, enpēesca, formāes, yrēes, julgandōo, lēer, l̄jn̄peo, māas, meātade, mēesimo, mēo, Mōor - Mōor, mōordomo, nouēes, Nouōa, oōra, pāaço, Pāaz - Pāas, ponōo, pōo, preçēos, prouēer, prouēeredes, quareenta, Rruğees, Santomēe, ssēendo, sēer - s̄seer, ssēelos, tāas, Temēes, theēgas - teēga(s), tidōo, todōo, traspasōo, Vaāo, Vaāsco - Vaāsquo, Vēer, voōntade.

Por contraste cos exemplos que acabamos de sinalar, é discutible o carácter accesorio do sinal en determinadas formas; o tratamento que recibe, que pode ter importantes consecuencias na interpretación lingüística das mesmas, non exclúe outras interpretacións. Por un lado, optamos pola eliminación en “mosteyro” (77.2,4,7,13,14,18, 20[2],23,26,34)²⁷⁵ - “mosteiro” (146.7)²⁷⁶, “pertenças” (130.10)²⁷⁷, “escriu” (155.35, 156.39, 157.33, 161.62, 163.45, 164.75, 172.87, 174.57)²⁷⁸ ou nos topónimos “Rramjrás” (166.61, 167.3) e “Gondiás” (213.20,25)²⁷⁹. Pola contra, nas lecturas do prenome *Nuño* e o patronímico correspondente, *Nuñes - Núñez*, interpretamos o trazo sobreposto como til do *n*, pois é probable que se desenz resultados con nasal palatal destes elementos ono-

²⁷⁴ Consideramos no entanto que non é innecesaria na forma de tratamento en “don Nafonso” (*dōnafōn* 154.16), de acordo coas lecturas “don Nafonso” (*don nafōnso* 158.17; *donnafonso* 175.8) e “don Nafomso” (*don nafōm* 166.24).

²⁷⁵ Noutros documentos do mesmo redactor, o monxe notario Gonzalo Pérez, aparecen as formas “mosteyro” (73.10,14, 75.2,8,9-10,29, 86.2,6,9,13,15,17) e “mosteyro” (86.8,11,19,26).

²⁷⁶ No mesmo documento, para alén de “mosteiro” (146.20,30), encontramos “moesteyro” (146.1,5,10,12,14,19), “moesteyro” (146.19), “moosteyro” (146.27).

²⁷⁷ No mesmo documento entendemos que o trazo vale por consoante nasal implosiva en “pertençsa” (130.26).

²⁷⁸ O emprego do trazo é análogo, na nosa opinión, ao que se dá en formas como *escrīptola*, *escrīto* ou *escritās*.

²⁷⁹ Nos mesmos redactores danse as formas *Rramjñās* (155.9, 164.12, 165.3,14, 167.18, 168.73) e *Gondiās* (213.2-3), respectivamente. De interese para este segundo elemento é o testemuño de “Gundiás” (251.28).

másticos²⁸⁰. Ofrece menos dúbidas a interpretación do trazo como abreviatura de consoante nasal implosiva en “calunpnya” (123.10,69) - “calunpnja” (123.69), “danpnos” (133.46) - “danpno” (190.63), “condenpnou” (135.60) “solenpne” (195.23), aínda que as atestacións ofrecen tamén a posibilidade sen a consoante²⁸¹.

No caso do actual *home*, tratouse o trazo de maneira diferente nas formas do singular e do plural. En *omē* - *homē* (tamén *ohmē* 134.22) elimínase o trazo segundo os abundantes testemuños de *ome* e *home*²⁸². Para a forma de plural, que atestan as formas ómees (90.25), *hómees* (97.10), *ómēes* (68.17, 123.185,208,212,238, 212.35,47,60,64,73, 109,177), atribuímos ao sinal xeral o valor de *e* en todos os casos: *om̄s* (omes 31.12, 126.22, 135.22,24, 138.31, 141.50, 143.32, 145.44, 146.29, 147.32, 190.56), *hom̄s* (homes 199.26), *om̄ēs* (ómees 76.32, 82.51, 123.174,202,257, 124.52,69, 131.26, 140.41, 179.17, 186.11,26), *hom̄ēs* (hómees 155.32, 161.42).

Antes de pechar este apartado, é preciso chamar a atención sobre un aspecto formal relacionado con este sinal xeral que é importante valorar, sobre todo na súa interpretación como til de nasalidade vocálica. Como xa se apuntou máis arriba, o sinal xeral de abreviatura pode adoptar moi diversas formas durante o período que cobren os pergamiños de Santa Comba de Naves. Neste sentido, cómpre advertir en relación coa documentación en galego que en ocasións o sinal concorre cun trazo “ondulado”, herdeiro do acento dobre que acostuma aparecer sobre vogais en hiato²⁸³. Neste caso, o trazo curvo recibe o mesmo tratamento ca o sinal xeral sempre que ocorra coas mesmas funcións ca este (v. Láminas V-C, E, F); de non ser así, recibe o mesmo tratamento ca o acento duplo (v. Láminas V-A, B, D).

²⁸⁰ Boullón (2007: 302-303 n. 25) considera lexítima a forma “Núñez” dada “a existencia dunha variante medieval *Nunio* (de onde *Nuño*)”.

²⁸¹ Cf. *calunpnja* (123.237) - *calunpnja* (124.31) - *calunpnja* (124.52), *calunpnjas* (212.114); *condepnase* (135.42,44); *solempnes* (253.3).

²⁸² Téñase en conta que en ocasións xorden abreviados *om̄* - *hom̄*, polo que aparecen incluídos máis arriba na exemplificación do sinal xeral co valor de *e*.

²⁸³ Sobre o acento dobre e as súas diversas formas na escritura gótica galega, véxase Lucas Álvarez (1950: 79-81), que inclúe bastantes exemplos en reprodución facsimilar.



canpãa (111.2)



Jullao (111.6)



Paaço (111.6)



húa (111.5)



veemos (111.15)



meo (111.10)



avijnça (111.15)




pertenças (111.17)



aqeeçendo (111.18)



bêes (111.30)



nomear (111.18)



ao (111.23)



pêa (111.31)



gaanar (111.29)



cabídeo (111.32)

Lámina V-A. Trazo recto e curvo en CD 111



a hũu (115.15)



Estéuoo (115.1)



Coonba (115.2)



pessõa (115.22)



yrmaa (115.3)



de moor (115.5)



pãa (115.25)



de boo (115.12)



meos (115.14)



enrestemũyo (115.32)




maao (115.31)




de Páscoa (115.14)


Lámina V-B. Trazo recto e curvo en CD 115




dineiros (123.48)




moller (123.156)




preguntado (123.179)




Coomba (123.33)




vaan (123.142)



sentença (123.237)




artigoos (123.11)



dona (123.33)




anos (123.155)




ordinaamos (123.5)



peñorar (123.10)




señorio (123.176)



algũu (123.151)




bõos (123.202)




rrasões (123.237)

Lámina V-C. Empleo do trazo ondulado en CD 123




geeral (124.8)




Esteuoo (124.12)




teedor (124.27)




seelo (124.3)




o moordomo (124.18)




aa seer (124.24)




doaçon (124.15)



pesoa (124.58)




acaesçesse (124.19)



Nouoa (124.48)



galinnas (124.17)




sennorio (124.20)

Lámina V-D. Emprego do trazo ondulado en CD 124



mão (126.6)



pessoa (126.14)



condições (126.15)



Coonba (126.2)



pertenças (126.6)



per mingoa (126.8)




do Paaço (126.5)



aa uoz (126.19)

Lámina V-E. Emprego do trazo ondulado en CD 126



campãa (180.2)



são (180.17)




bães (180.20)



Coonba (180.1)



vaan (180.4)



cabjdo (180.2)



quer (180.7)



a laure (180.14)


Lámina V-F. Emprego do trazo ondulado en CD 180

4.2.1.2.2. Sinais especiais e modificacións literais

O *sinhal tironiano*, como xa se adiantou máis arriba, desenvólvese como “e”, coa intención de facilitar a lectura cun desenvolvemento máis próximo da realidade fonética, aínda que a conxunción sen abreviar se escribe polo xeral “et”²⁸⁴. A correspondencia fónica da conxunción fica de manifesto en formas como “e(t)u” (164.52,72, 165.8,9,13, 15[2],21, 166.54,62, 167.18,27, 174.44,53) para o pronome persoal, no caso de *he(t)* (147.25) para a forma da P3 do presente do verbo *ser* ou no emprego do sinal tironiano para esa mesma forma verbal (“é” 244.16,21), cuestión sobre a que se chama a atención en nota. Nas tres ocorrencias da palabra *etcétera*, pode ocorrer escrita como <et> ou en forma abreviada, caso en que optamos por ler *et*.



etcétera 123.66



etcétera 123.67



etcétera 250.19

A abreviatura de *con* resólvese sempre en cursiva ao implicar unha consoante nasal implosiva, tal como foi establecido ao tratarmos dos usos do sinal xeral de abreviatura que envolvían a elisión dunha nasal. O desenvolvemento citado, que se aplica aos casos que máis abaixo se relacionan, practícase de igual xeito para as diversas formas da conxugación do actual *cumprir* (*conprir* - *conplir*, *conprija*, *conpria*, *conpra*, *conprisse* - *conprise*, *conprisen*, *conpríndoa*), aínda que se documentan tamén formas con inflexión da vogal radical, mais sen ser hexemónicas²⁸⁵. A solución *com* ante *p* adóptase para os documentos do notario Pedro Eanes²⁸⁶ por ser a grafía da nasal de referencia bilabial a empregada perante consoante bilabial. Aínda aparece desenvolvido como *cun* en “*circunstançias*” (123.205):

²⁸⁴ É usado co valor de *e* inicial en “exente” (248.11, 249.9), situación que se apunta en nota.

²⁸⁵ Cf. formas como: *cunprir* - *cunplir*, *cunpriredes* - *cunpliredes* - *cunplyredes*, *cunpla* - *cunpla* - *cunpra* - *cunpra*, *cunprades* - *cunplades*, *cunpran* - *cunplan* - *cunplan*, *cunplirdes*.

²⁸⁶ Nas seguintes palabras: *companion* (65.3,16), *comprir* (65.6,11[2],16,22,27,29,32,33,34,35,36), *comprían* (65.12), *compridamente* (65.12) - *compridamente* (66.3), *companeiro* (65.15,16,23,33,36), *comprisse* (65.21).

con, *Conba*, *concanbeamento*, *concluso*, *condições - condições - condyções*, *condición - condición - condición*, *confeso - conffeso - conffesso - conffessos*, *conféssoa*, *confirmaçón*, *confirmado*, *conno*, *conposta*, *compra* (subst.), *compramos* (v. *comprar*), *comprara*, *compridamente - conpridamente*, *compridos*, *conpridores*, *conselo - consello*, *consentisse*, *constreniuda*, *consuu*, *contado(s)*, *conta* (subst.), *contar*, *conteen*, *contén - contén - contem*, *contenda(s)*, *contendese*, *contendían*, *contêhúdo - contiúdo - contiúdo*, *conteúda - contêhúda - contiúdas - contiúdas - contjúdas*, *contestaçón*, *contestada*, *contestaua*, *contía(s)*, *contijña - contijna*, *contradiçón*, *contradisemento*, *contradizendo*, *contrapto - contrauto*, *contrario*, *conuén - conuén*, *conuento - conuento*, *comuosco*.

A abreviatura de *er*, *re* e mesmo *ar*, con variadas realizacións nos manuscritos e que aquí representamos como un sete sobrescrito²⁸⁷, non se indica na súa resolución con estes valores²⁸⁸, a non ser en casos en que se podería transcribir como *re* ou como *er*. É o que acontece co adxectivo *entrego* ou as diferentes formas do verbo *entregar*²⁸⁹, do mesmo xeito que no seu emprego sobre a letra *p* en determinadas palabras. Como se pode comprobar na exemplificación, o valor da abreviación sobre esa letra é sempre *re*²⁹⁰, ao tempo que para reducir *per* se usa a modificación literal *p̄*, tal como se verá máis abaixo. Por iso, transcribimos en cursiva no caso de “*personas*” (158.7, 175.13,15, 205.9), habitualmente grafada con *p̄*, e informamos da situación do manuscrito en nota, ao tempo que lemos “*presona*” (215.4,19[2],20) cando esa forma é empregada por extenso polo notario (cf. *presona* 216.37,38, 223.28[2], 229.42,44,45; *presonas* 216.51, 229.44)²⁹¹:

²⁸⁷ Unha forma semellante presenta a abreviatura de *er* sobre *v*, co trazo inferior do sinal cruzando o hastil da letra, e que recibe o mesmo tratamento que aquel (aver, ouver, toverdes, verdade, verdadeiramente, verdadeiro, vertude; [Castro] Verde, [Fonte] Vergeira - Vergeira - Vergejra, Vernaldjno, Vertolameu).

²⁸⁸ Do mesmo xeito se procede cando asume o valor de *er* o trazo xeral (ñdade, tñra, ñdamñto / ñdamñto(s) / ñdamñto).

²⁸⁹ Adóptase normalmente a solución *re*, como en “*entrega*” (62.6,8,11, 86.5-6, 131.14; “*entregalle*” 86.6), “*entregauan*” (62.6,8), “*entregasse*” (65.14), “*entrego*” (95.4, 110.3, 123.139, 131.2,5, 143.8,16; abreviado *entgo* 87.3), “*entregar*” (135.48), “*entregue*” (143.22), “*entregou*” (147.7), “*entregos*” (196.11). Exceptúase o caso de “*entérgoo*” (67.10), que se desenvolve tendo en conta os testemuños por extenso do notario Xoán Ares (entergo 68.9,22; entérgollas 68.19; entérgámolo 69.20).

²⁹⁰ Co mesmo valor é empregada menos frecuentemente a abreviatura *p̄*.

²⁹¹ Casos análogos son os de “*apercebido*” (204.4), do que na CD hai exemplos para as dúas lecturas (apercebidos 198.4, apercebido 214.3), e “*perturbar*” (207.20), que só así se documenta (perturbar 211.21, 213.19).

açerca, anyuersario ~ aniuersario ~ vnjuersario, aqueeçer, auer, çercoýto ~ çercoíto, Çerdeira, certificados, çerto, contradiser, dereituras, dereita, deryto ~ dereito(s), diser, esteueron, fazer ~ ffazer ~ faser, fesar, fesera, fesermos, Ffermán ~ Ffermán, Ffermandes, fferreyro, herdade²⁹², herdamentos, jnterese ~ jnteresse²⁹³, mercador, merçee, mester, meter, meterdes, mouer, ouuera, ouuerdes, percadés, persuya, perteeçentes, perteeçer ~ perteeçer, podería, poderíamos, prazer, prouuer, receberom, termio(s) ~ termjo ~ termyo ~ termío ~ térmjño ~ térmjño ~ térmjno, terza ~ terça, touer, uerdade, uerde ~ [Castro] Uerde, ueruo, valuer.

acreçentamento, apresentar, chantre, entre ~ ontre ~ vntre, espresamente, lauredes²⁹⁴, liure, meestrescolla, outre, preço ~ prezo, preegadores, preguntado(s), prelado ~ prellado, premja, prescripçón, presenza, presentado/a, presente(s), presentou, prestado, préstemo ~ préstamo, prestes, Preto, preyto, sangue, senpre ~ sempre ~ ssenpre, sobre, trebuto, trelado, Trëlla, tres, trese, trezentos.

embarge, notario, vigario ~ uigario²⁹⁵.

Si se resolve en cursiva cando aparece usado con valores diferentes dos indicados. Así se procede cando vale por *r*, situación que se sinala en nota, en “senpre” (93.3, 198.31,36,46) ~ “ssenpre” (98.7), “liure” (93.7, 98.20, 101.15,31, 102.27), “liuremente” (93.8), “preyto” (98.15), “prazer” (98.27, 99.27, 101.15, 102.8,33),

²⁹² Na edición chámase a atención sobre casos como o de “heredade” (h⁷edade 70.4,7), deixando o desenvolvemento en cursiva, ou “heredades” (h⁷redades 240.24), onde tamén anotamos o valor da abreviatura.

²⁹³ Do mesmo xeito se procede en “jnterese” (jnt⁷ēe 145.40[2], 162.17, 183.27, 188.22, 189.13, 202.25, 205.16, 206.16, 207.23, 208.33, 209.20, 210.22) e “jntereese” (jnt⁷eeese 147.29, 151.38, 152.32, 170.26), mais non cando se usa con outro valor: “jnterese” (jnt⁷se 177.23, 191.21), “jnterese” (jnt⁷ee 180.20, 182.13). Noutras formas reducidas da palabra nas que non intervén este sinal abreviativo, resólvese tamén en cursiva: “jnterese” (jntēēs 154.33, 155.28, 156.31, 166.51, 167.22), “jnterese” (jntēe 158.30, 163.28, 164.65, 168.60, 174.47), “jnterese” (jnterēe 231.38, 234.34). Non presentan ningún tipo de abreviatura *enterexe* (175.18), *jnterese* (184.25-26, 198.41, 201.33, 211.26, 213.22, 216.52, 217.24, 236.29, 239.30, 244.32), *jnterese* (192.21, 212.69-70, 250.18), *enterese* (243.40).

²⁹⁴ Á interferencia desta forma hai que remitir o emprego do sinal abreviativo co valor de *ra* na escrita de “laurzredes” (204.3), circunstancia referida en nota.

²⁹⁵ Nas dúas últimas palabras é frecuentemente usada co valor de *ari*. Non se sinala a resolución en “uigario” ~ “vigario” (ocasionalmente abreviado *vig^l*), pois ambas as formas están amplamente documentadas sen abreviar unicamente baixo esta forma. Do mesmo xeito se procede para “notario”, palabra a miúdo abreviada e de múltiples maneiras que transcribimos sempre sen ningunha indicación: *nōt*, *nōtio* (a mesma abreviatura presenta un valor diferente en *notorio* 123.216), *not*, *not^oio*, *not⁷*, *not^oio*, *not^o*. Son raras as formas por extenso doutro tipo, como *notaryo* (108.26, 171.31, 175.21).

“enprazamentos” (99.8), “ontre” (102.7,8), “caualleiro” (112.28), “moesteiro” (114.3,25, 115.30, 116.18), “preegadores” (133.26), “janeiro” (134.2), “maneira” (134.18), “So[u]er” (143.3), “escudeiro” (143.3), “paradeiros” (145.12), “çapateiro” (150.26). Con diversos valores está implicada na abreviación do segmento *eir*²⁹⁶. Neste caso, se a elisión inclúe a semivogal, no desenvolvemento teranse en conta os usos do redactor (y ~ i ~ j)²⁹⁷ na representación do ditongo²⁹⁸:

e...r: Alueiro, Arenteiro, armeiro, Barreiro, çapateiro, Carneiro, Carpenteiro, Carreira, castjneiros ~ castineiros, caualeiro ~ caualleiro ~ caualejro, Çerdeira ~ Çerdeira, djneiro(s), escudeiro, feira, Ferreiro, feuerreiro, figeiras, foreiro, herdeira, janeiro ~ janeiro, Jubiteiro, leira(s) ~ leiro(s), madeira, maneira ~ manejra, moesteiro ~ mõeiteiro ~ mosteiro ~ moosteiro, moneiro ~ moyneiro, Moreira, Ouljuejra, Outeiro, paredeiro(s), pedreiro, Pereiro, Pineiro, piteiro, primeira ~ primeiro(s) ~ primeiro ~ primejra, pustremeiro, Rribeiro, rri-geiro, Rrodeiro, Soollleiro, Teleiro, terçeira, valedeiro(s), verdadeiro ~ uerdadeiro.

*eyr*²⁹⁹: Barreyro, çapateyro, Çapateyros, Carneyro, carniçeyro, caualleyro, comendeyro, companeyro, dineyros ~ djneyros, escudeyro ~ scudeyro, Ferreyro ~ Fferreyro, ffigeyra, janyro, maneyra, mosteyro ~ moesteyro³⁰⁰ ~ mõeiteyro, palateyro, Pineyro, piteyro, porteyro ~ Porteyro, primeyro/a, primeyramente, pustrimeyro ~ postrimeyra, quarteyros, rrendeyros, Rrigeyra, Rrigeyro, Sardineyra, sesteyro, Sueyro, terçeyra, thesoureyro, uerdadeyros, valedeyro ~ ualledeyra³⁰¹.

²⁹⁶ Por analogía con esta situación, chega a ser empregado co valor de *oyr* en “Corredoyra” (138.10,16) e mesmo co de *oeyr* en “rraçoeyro” (179.23) e *oe...r* en “rraçoeyro” (210.27). Para ambas as palabras anotamos a forma do manuscrito.

²⁹⁷ De non atestarse a mesma palabra por extenso, obsérvanse as ocorrencias do ditongo [ej] con *i* ou con *y*. Nos documentos do notario García Fernández de Rendal prefírese *j* para a semivogal, que, como xa se viu, presenta unha forma moi semellante á de *y*, e con esa grafía resólvense as abreviacións, a non ser no documento CD 264, que fixo escribir “por outro”, onde predomina *y*.

²⁹⁸ Calquera abreviación que afecte ao ditongo [ej] resolverase, pois, en cursiva, como nos casos de *ffia* - *fia* (*ffeyta*, *ffeyta* - *feyta*, *feita*, *fejta*), *fiās* (*feytas*, *feitas*, *fejtas*), *fio* (*feyto*, *feito*), *fiōs* (*feytos*, *feitos*), *plio* (*pleyto*, *pleito*). Para a abreviatura *fċta* (*feyta* 143.19,29), como xa se indicou noutro lugar, anotamos tamén a forma do manuscrito.

²⁹⁹ Ao igual que pode asumir o trazo sobreposto o valor de *er*, cabería a posibilidade de interpretalo como abreviación de *eyr* nalgún caso en que o resolvemos como nasal implosiva. Pensamos en “*companón*” (65.3,16) nun documento onde tamén concorre a forma “*companeyro*” (65.15,16,23,33,36).

³⁰⁰ Este desenvolvemento corresponde tamén á abreviatura *moest*.

³⁰¹ A forma “*ffeyra*” remite ás abreviacións *ff* (105.17), cun trazo en diagonal que cruza as siglas de dereita a esquerda, e *ff* (140.40).

eir: Carreira, dineiros ~ diñeiros, feueireiro, maneira, moesteiro ~ mosteiro, Porteiro, postumeiro, prestameiro, primeiro/a, rrigeiro, terceiro/a, thesoureiro, verdadeiros.

yr: carneyro, caualleyro, ffeueyero, moesteyro³⁰², pustrimeyro.

*ey*³⁰³: moesteyro, testeyras.

Fóra da exemplificación anterior quedan aínda outros valores do sinal en palabras tales como *dereita*, *dereito* e *diñeiro*, que ademais xorden abreviadas mediante outros procedementos braquigráficos:

Dereita: *dereita* (d⁷ita)³⁰⁴, *dereyta* (d⁷ta), *dereyta* (dere⁷ta); *dereyta* ~ *dereita* (drt^a, dr⁷a, drt^oa), *derejta* (djt^a).

Dereito: *dereito* (d⁷ito), *dereyto* ~ *dereito* (d⁷to), *dereyto* ~ *dereito* ~ *derejto* (dr⁷to, dr⁷to, drt^o, drt^oo), *dereyto* (drt⁷, drt^o), *dereyto* (dert⁷, dert^o); *dereyto* (der^oto), *dereyto* ~ *dereito* (dert^o), *dereito* (d⁷ito), *derejto* (djt^o), *dereit*(i)o (dr^otio), *dereit*(i)o (der^otio).

Dereitos: *dereitos*(d⁷itos), *dereytos* ~ *dereitos* (d⁷tos), *dereytos* ~ *dereitos* (dr⁷tos, dr⁷tos, drt^os, drt^oos); *derejtos* (djt^os), *dereytos* (dert^os), *dereitos* (dr^os), *dereitos* (d⁷itos), *dereytos* ~ *derejtos* (dr⁷ts, drt^os), *derejtos* (djt^os), *dereytos* (dert^os).

*Diñeiro*³⁰⁵: *dineyros* (dn⁷os), *dineyros* ~ *dineiros* (din⁷ros, din⁷ros), *djneyros* (djr⁷os), *dineyros* (din⁷s); *dineyros* (diñr), *dineyros* (dñr), *dineyros* ~ *dineiros* (dn⁷os), *dineyros* (dñ), *dineyros* (dñin), *dineyros* (dm), *dineyros* (dñs), *dineyros* (dn⁷s), *djneyros* (djn⁷os), *djneyro* (djn^o), *dineyros* (din^os), *diñeyros* (diñ^os), *dineiros* (dr^os), *dineyros* ~ *djneyros* ~ *dineyros* (d^os).

Xa no século xv este elemento braquigráfico xorde a miúdo como modificación literal de vogal, unido a esta en forma de bucle (v. Láminas de VI), asumindo o valor habitual de *r*, que se resolve sen indicación exceptuándose, de acordo co xa exposto, cando se emprega no grupo *eir* ou nos elementos onomásticos³⁰⁶. Sinála-

³⁰² O mesmo valor se atribúe á abreviación *moste*^o (mosteyro 240.1,6,10,12,25,26,31,33).

³⁰³ En “primeyros” (129.28,45) e “quarteyros” (98.18) o ditongo abréviase mediante trazo xeral.

³⁰⁴ Non se xulgou necesario sinalar en cursiva este valor en *rreuerendo* (199.35).

³⁰⁵ Como formas plenas temos *dineyros* (73.7, 75.21,22, 76.24, 140.12, 217.10[2], 219.16, 220.13,14), *dineyro* (77.10), *deñeyros* (138.20), *dineyros* (222.19[2]).

³⁰⁶ Cf. caualleiro, leira, leiro, primeiros, Agujar, Çarça, Carballido, Cardoso, Carneiro ~ Carnejo, Carpenteiro, Castrello, Çerdeira, Çerdeyriñas, Cornoses, Garçía, Goter, Lagar, Leonor, Margarjda, Marquiña, Martjn ~ Martín, Martjno ~ Martyño ~ Martyno, Moreira, Pyxotería, Pumar, Sarmento ~ Xarmento, Veer.



Lámina VI-A. Valores do bucle en CD 154



Lámina VI-B. Valores do bucle en CD 160



Lámina VI-C. Valores do bucle en CD 206

se igualmente co itálico o desenvolvemento daquelas formas que, como xa se viu, admiten varias lecturas (entrego 157.15; entrego 165.11[2]; entregase 161.14; entregar 161.29,39)³⁰⁷.

A abreviatura de *per* ~ *par* desenvólvese segundo corresponda³⁰⁸ e só se indica en cursiva nos casos susceptibles de varias interpretacións (*per*, *para*). Ocasionalmente presenta outros valores diferentes dos referidos, que na edición aparecen marcados en itálico e acompañados de nota, como os de *pr* (*ssenpre* 99.11, *preyto* 99.15), *pre* (*ssenpre* 105.5; *present[e]* 156.3 ~ *presente* 158.3, 163.5, 164.5[2],60, 165.2,3,14,29,32, 166.54-55,65, 167.18-19, 168.65, 172.23; *presentou* 165.4; *presentada* 165.7; *presentes* 165.9, 167.26, 201.27; *preço* 167.15, 168.50; *presença* 172.4; *presentar* 172.79), *p...r* (*parte* 130.13,16,28, 235.31; *porque* 161.19-20; *rreparedes* 182.4, 188.7, 206.5, 207.13, 208.11; *paredes* 183.8, 202.8; *rrepare* 183.16, 205.10, 206.10), *pro* (*proueer* 138.18) ou *pe* (*per-tenenças* 214.12-13).

Para a modificación literal que abrevia *pro* procédese igual ca no caso anterior: non se sinala na súa resolución (*procurador*, *produçón*, *prol* ~ *proes*, *prometemos*, *promutaçón*, *propia*, *propiedade* ~ *propiedades*, *propiatario*, *propõer*, *prouados* [‘poboados’], *prouando*, *prouarey*, *proue* [‘pobre’], *proueades*, *proueer*), a non ser que presente un valor especial (*pregunta* 161.33, *propyadades* 264.31).


A abreviatura de *quan*, modificación literal de *q* con *a* sobrescrito, ao implicar unha consoante nasal implosiva, transcríbese “*quan*” (*quantos* 65.1; *quanto* 65.5,11, 95.23). O mesmo símbolo, agora coa sobreposición dun trazo, abrevia *quen* e recibe idéntico tratamento editorial (*quen* 75.23; *quenquer* 80.16, 95.22).

³⁰⁷ Ofrece menos dúbidas, na nosa opinión, este bucle no *e* da sílaba tónica de *ingrato*. Editamos “*jngr[a]to*” (154.44), “*jngr[a]tus*” (156.19), “*jngr[a]tos*” (164.44, 165.46), “*yng[r]a]tos*” (174.41), anotando a forma do manuscrito, que levaría a ler “*jngreto(s)*” ~ “*yngretos*”, “*jngretus*”.

³⁰⁸ Como *per*, ademais de nas diversas formas do verbo *pertencer* (*perteeçer* ~ *perteeçer*, *perteeçse*, *perteençen*, *perteeçia*, *perteeçese* ~ *perteeçese*), en: *enperador*, *perante*, *perca*, *percades*, *perdas*, *perderían*, *perdõar*, *perdoe* ~ *perdom*, *perffaçã(n)*, *permeesca*, *pero*, *persuía*, *persuýt*, *persooa* ~ *persoa* ~ *persõa* ~ *persoona*, *perteenças* ~ *perteenças* ~ *pertenças* ~ *pertenças*, *perteeçentes* ~ *perteeçentes*. Está co valor de *par* en: *amparado*, *anparar*, *paradeiros* ~ *paradeiros*, *paramento*, *paranças* *parte(s)*, *partiçón* ~ *partiçón*, *partida*, *partidos*, *rreparamento*, *rreparar*, *rrepare*. Na onomástica, ademais de no topónimo *Paradela*, emprégase nas abreviacións *po* ~ *pº* (*Pero*) e no mesmo prenome con elisión da vogal final en *peañs* (*Per^eEanes*), *pañs* (*Per^eAnes*). O patronímico correspondente redúcese a miúdo con esta modificación literal: *pez* (*Pérez*) ~ *pes* (*Peres*), *pz* (*Pérez*) ~ *ps* (*Peres*).



e quanto (95.23)



e quen contra (75.23)

A abreviatura de *que* (\bar{q}) resólvese sen cursiva³⁰⁹, polo que as ocorrencias de <qe> reproducen as formas do manuscrito³¹⁰. É excepcional o caso do numeral *çin̄* (*çinque* 92.16, 106.12,18, 110.19, 111.33, 123.148), que decidimos resolver en itálico á vista da diversidade de formas rexistradas nos documentos: $\bar{c}\bar{i}q\bar{e}$ (*çinqe*), $\bar{c}\bar{i}nco$, $\bar{c}\bar{i}co$ (*çinco*), $\bar{c}\bar{y}nquo$, $\bar{c}\bar{i}nquo$ (*çinq^o*), *cinco* (*cinq^o*). Márcase igualmente o desenvolvemento do sinal cando se usa con outros valores, informando da situación do manuscrito en nota, en coherencia co tratamento dado a outros elementos braquigráficos:

qu: *aqueecendo* (106.20), *çinqueenta* (197.25), *ffyquen* (107.19) - *fiquen* (143.20, 250.19), *pesqueyras* (133.28), *qualquer* (150.23, 169.14, 185.25, 187.18, 188.21, 189.13, 190.76,97,101, 191.21, 192.20, 193.17, 197.22, 199.27, 202.24, 203.28, 205.15, 206.15, 208.32, 209.19, 210.21, 212.83, 213.19,21, 250.17) - *quaesquer* (204.8), *quen* (107.27, 153.34, 186.24), *quenquer* (197.19, 204.8, 207.20), *quer* (169.5, 187.5, 188.6, 189.6, 191.10, 192.6, 193.6, 197.8, 202.7, 203.9, 205.5, 206.5, 207.13, 208.10, 210.8, 244.9), *querendo* (182.8), *quisera* (161.24), *Rrequaixo* (207.5[2]), *Vaasques* (207.4), *Vasques* (235.34).

qui: *aquí* (146.31, 160.41, 168.33, 187.23, 191.25, 192.25, 193.21, 194.31, 200.19, 202.30, 203.34[2], 205.19[2], 208.40, 209.25[2]), *quinentos* (147.29, 194.26) - *quínentos* (213.22), *quinón* (191.6), *quinta* (152.15, 192.8, 203.20,26, 210.19, 213.12,17), *quiser* (151.38, 160.31, 184.25, 185.26, 187.18, 190.99, 194.20,25, 197.19,22, 203.28, 206.16, 207.18,23, 208.33, 209.20, 213.19,22, 215.27, 242.19, 244.31, 250.18) - *quisier* (150.24) - *quiser* (152.32), *quiserdes* (151.20, 160.20,

³⁰⁹ Cf. *aqueecer* - *aqueecer*, *aqueel* - *aquelles*, *aquela(s)*, *aquelo* - *aquello*, *aquesto*, *arranquedes*, *esterque*, *fique* - *ffyque* - *fiquen*, *que*, *quebrantardes*, *quebredes*, *quen*, *quer*, *queredes*, *querelar*, *queremos*, *querendo*, *querermos*, *queria*, *quero*, *question* - *questiões*, *rrequeridos*, *saquey*, *troque*; *Enrriques*, *Manrique*, *Mosqueiro*, *Rrequaixo*, *Uasques* - *Uaásquez* - *Vaasques* - *Vásquez*.

³¹⁰ Cf. *aqueecendo*, *aquesto*, *çinqe*, *fique*, *qe*, *qemqer*, *qer*, *qualqer* - *quaesqer*. Neste sentido, cómpre ter en conta as lecturas que fixemos de $\bar{q}\bar{e}$ (*qen*) ou $\bar{f}\bar{i}\bar{q}\bar{e}$ (*fiquen*).

170.16, 184.15, 187.8, 190.76, 191.13, 192.11, 193.10, 194.11, 195.43,44, 203.16, 205.8, 206.8, 207.14, 210.14, 213.13, 216.35, 222.26-27, 241.12, 250.11) ~ *quissierdes* (150.9), *quiseren* (179.18, 192.20, 193.17), *quisermos* (215.9) ~ *quiséremos* (223.18)³¹¹, *quiseron* (133.50), *quisesse* (133.34) ~ *quisese* (147.28), *quisera* (82.24), *quitados* (219.11), *quitaua* (147.24), *quite* (151.18, 152.17, 185.16, 188.10, 191.13, 192.11, 193.10, 194.10,18,25, 203.16, 208.16, 209.9, 210.14, 213.13[2], 215.17) ~ *quites* (160.19, 197.15), *quito* (216.33), *quitousse* (133.49), *requirades* (213.14).

Ademais, atribuímoslle o valor de *quey* en “saquey” (150.29), aínda que a presenza de castellanismos no texto permitiría perfectamente unha lectura como “saqué”. Chega mesmo a usarse co valor de *qua* (quando 229.20, quanto 229.29), situación que se anota.

A abreviatura latina de *rum*, de escaso uso na documentación en galego, desenvólvese “ron”³¹² ao elidir unha consoante nasal implosiva (*foron* 110.41, 131.1). Dáselle a solución latina na forma “auangaliorum” (172.25).

Da abreviatura de *ser* (poseredes, poseron, quiser, quiserdes, quisermos, ser, serán, seredes, seruentes ~ seruentes, sseruíço ~ seruíço) só se sinala a resolución, con itálico e nota, dos usos diverxentes: *quisser* (90.16) ~ *quiser* (152.32), *sser* (97.10), *Sarmento* (158.36), *seredes* (205.11), *pasara* (207.4,5), *seruentes* (231.12).

A abreviatura de *ur* ~ *or* desenvólvese segundo corresponda sen indicación (caaduras, dereytura/s ~ dereituras, escriptura, natural, procurador³¹³, procuraçón, purgamẽo ~ purgameo, pustura ~ postura, sepultura ~ sopultura, uentura³¹⁴; por, outorgamento, outorgamos, outorgante, outorgaron, outorgauan, outorgo, outorgou). En palabras en que podería ter ese valor, en ocasións pode valer por *r* (*purtugeses* 156.17 ~ *purtugeeses* 158.18; *purgameo* 168.81, 186.1; *furtuýto* 207.15; *outorgada* 221.39; *outorgamos* 223.33)³¹⁵ e puntualmente aparece co valor de *u* (*cabadura* 244.10), circunstancias que se sinalan en nota, ao igual que a rara abreviación *escudet*^o (*escudeiro* 238.14). Participa ademais na

³¹¹ Por extenso atéstase *queséremos* (222.17).

³¹² En rigor, habería que falar da abreviatura de *um* latino, que neste caso acompaña un *r* (Santos 1994: 101), tal como se desprende do desenvolvemento que se fai da abreviatura.

³¹³ Anótase a forma do manuscrito en *p^odor* (190.108).

³¹⁴ Anótase a forma do manuscrito en *uent^r* (106.20).

³¹⁵ Estrañamente úsase con ese valor en “aniversario” (223.28).

abreviación de *dereitura(s)* para elidir diversos elementos, palabra que tamén se reduce empregando outros sinais³¹⁶.

Na centuria do catrocentos acostuma usarse este símbolo cos valores da abreviatura de *er* e, en menor medida, cos do *a* sobrescrito³¹⁷, emprego inducido pola súa proximidade formal³¹⁸. No primeiro caso, recibe o mesmo tratamento que o sinal abreviativo ao que substitúe (v. Lámina VII)³¹⁹, sendo que nalgunhas palabras admite diversas interpretacións, como en *monest^oio*, lido “monesterio” (229.2,13,21,24,33,37,38,45,46,48,50,62), mais transcribimos “monsteiro” en *monst^oio* (229.60).

A abreviatura de *us - os* desenvólvese sempre en cursiva, como *us* en palabras en que sempre ou maioritariamente se encontra esa solución sen abreviar (*apús - enpús*, *custume*, *Deus*³²⁰, *dous*, *justo*, *meus*, *pustrimeyro - pustrimeyro - pustrimeyro - pustrimeyro - pustrimeyro*, *seus - sseus*). Nos restantes casos resolverase case sempre en *os*³²¹, como acontece co seu emprego na P4 das formas verbais (aforamos - afforamos, auemos - avemos, cobrásemos, *conpramos*, *coñosçemos*, *damos*, *demandamos*, *demos*, *deuiamos*, *fesemos - fezemos*, *mandamos - mandamos*, *obligamos - ovligamos*, *outorgamos*, *ouuemos perdōamos*, *poderiamos*, *poemos*, *possamos - posamos*, *quebrantados*, *quitamos*, *rrecobramos*, *renuzamos - rrenunçamos - rrenunçiamos*, *seyamos*, *seymos*, *tẽemos*, *tinamos*), mais tamén noutras formas (*ambos*, *Bocinos*, *brancos - brancos*, *d'ámbolos*, *ditos*, *fructos*, *sobreditos*, *uos*). Co valor de *s*, que anotamos, en “*d'ambos*” (99.18), “*meus*” (140.27), “*Deus*” (143.2).

4.2.1.2.3. Abreviaturas por letra sobrescrita

Na abordaxe do procedemento braquigráfico da sobrescrita literal discriminamos, por unha banda, a elisión das letras *u* ou *r* por medio da sobrescrita de

³¹⁶ Os pergamiños ofrecen as seguintes formas: *dt^oas* (*dereituras*), *drt^oas - dr^otas - dr^oas - drt^os* (*dereyturas*, *dereituras*, *derejturas*), *drt^oa - drt^a* (*dereitura*, *dereytura*, *derejtura*), *dert^oa* (*dereitura*, *dereytura*), *drti^oa* (*dereyt(i)ura*), *deret^a* (*dereytura*), *djt^a* (*derejtura*).

³¹⁷ Aparece na abreviación do antropónimo *García* en *g^oçia* (*Garçia* 154.38[2],39, 155.32[2],33,ns, 156.36[2], 157.31[2], 158.36[2], 161.3,59[2],ns, 163.44,ns, 164.72, 165.52, 166.62, 172.83,ns) e *g^oça* (*Garçia* 203.2, 210.7), ben como en *gr^oa* (*graça* 183.1, 186.2, 188.1, 189.1).

³¹⁸ Probablemente habería que vincular tamén á sobrescrita literal, concretamente da vogal *o*, o emprego en *th^o* (*thesoureyro* 238.20), *mj^o* (*mostejro* 240.17[2],18,21[2],22) e *esc^opu^o* (*escripuano* 242.25).

³¹⁹ Usado cun valor peculiar en *feu^o* (*feueyero* 243.43, 244.34).

³²⁰ De harmonía con esta opción resolvemos a abreviación *d^s* tamén en cursiva (*Deus*).

³²¹ Exceptúase o documento CD 140, en que o redactor tende a empregar *us* por extenso, onde transcribimos: *auemus* (l. 3), *ssobreditus* (l. 13, 29), *dereytus* (l. 24, 28), *obrigamus* (l. 29), *damus* (l. 33).



Lámina VII. Valores do sinal abreviativo ∞ no século xv

vogais e, por outra, a contracción vocabular, que implica a elipse de moi diversos elementos, mediante a sobreposición dunha ou varias letras.

Vogal a sobrescrita. Empregada co valor de *ra*, e en menor medida co de *ar*, sobre diversas consoantes, non se indica na súa resolución a non ser nalgún caso especial³²²:

amostradas, amostrasen, caustra, compra (subst.), *compramos*, compraron, contra, contradisendo, contradizer, contrario, contrauto(s) ~ contrapto(s), cunpra ~ *cunpra*, degrao (deg^aao), demostrando, demostrar, demostrase, engrato(s) ~ yngratos, entradas, graça, grande, granja, grato, laura, laurador(es), laurando, laurar, lauraredes, laurase, liura(s) ~ libra(s), outra(s), praser(es), rregistrada, segrares, trabuto, tragedes, tragía, traje, traptan, tras, traslado, traspasar; *Praça*, *Prado Bõo*, *Trasla Cámara*, *Ventrazes*.

carta(s)³²³, embargo, lagar, lugar, março, notario, pagar, parto; *Garçía*, *Martjño*.

En ocasións a sobrescrita da vogal é redundante e elimínase deixando constancia da situación en nota³²⁴, ao paso que noutras palabras non sinala a elisión de letra ningunha, feito que tamén se anota:

agu^arde (aguarde 108.21), *lug^ar* (lugar 122.2, 136.2,3, 146.20, 175.2, 180.24, 181.32, 182.16, 183.32, 186.6,16,30, 187.22, 190.51,85,88,102, 196.7, 200.7, 202.29, 206.18, 207.3,25, 208.13,24, 27, 209.8,24, 241.1,6,8,9, 11[2],12,18,24), *bⁱt^ar* (britar 122.12), *m^arço* (março 123.54,80,170,218, 247, 241.21), *m^artes* (martes 123.83,169,257), *m^arta* (Marta 123.206), *com^arca* (comarca 146.12), *pen^a* (pena 149.27,28[2], 154.32,33, 155.27,28[2], 158.29,30,31, 166.51), *lag^ar* (lagar 169.6[2],10, 186.15, 190.59, 207.16), *p^ardei^o* (pardeiro 175.5), *pag^ar* (pagar 180.18,19, 182.12, 183.23, 189.5, 190.62,84,86,87,88,89,92,100, 195.31,45, 196.22, 200.12, 203.25, 205.14, 209.18, 210.19), *aleg^ar* (alegar 190.105, 195.24), *p^arte* (parte 191.6) ~ *p^artes* (partes 191.7), *m^artjño* (Martjño 191.12,16,19), *p^ara* (para 264.34).

³²² Referímonos a unha forma como *p^aa* (para 199.17, 223.11,23[2]), normalmente abreviado *pa*, da que informamos en nota polo inhabitual da abreviación.

³²³ Desenvólvese de igual maneira a abreviatura *c^aa*.

³²⁴ Cf. g^araça, lag^aar, lau^arardes, natura^al, mjng^aua, q^aual ~ q^auaes, q^auarta, q^auatrocetos, t^aragía; G^aradill, T^aralo Rríó.

Si se marca co itálico, acompañado de nota, cando asume unha función diferente, mais relacionada, na maior parte dos casos, co seu emprego cos valores que indicamos no inicio deste apartado³²⁵:

p^a (para 75.14,16,25), *b^acos* (brancos 130.19, 140.12,36) - *b^s* (brancas 200.6), *lau^ades* (lauredes 145.17), *lau^a* (laurar 150.5,20, 165.15) - *lau^aar* (laurar 181.24), *lug^ars* (lugares 154.10,12,13,16, 18,19,21,25,30) - *lug^as* (lugares 154.13,40, 156.38, 157.31, 158.37, 161.61, 163.45, 164.11,13[2], 14,15[2],17,19,20,21,73, 165.4,27,53, 166.12,22,27,63, 168.76, 174.57, 204.6,11, 205.4,7, 206.7) - *lug^ass* (lugaress 168.24), *cont^aa* (contra 167.21), *g^aca* (García 170.29) - *g^aia* (García 192.2,5,17, 193.5, 194.29, 197.2, 201.1, 211.1, 216.12, 225.40, 229.5, 242.3,10,15,23, 255.42,ns, 256.27,ns, 257.28,ns, 258.27,ns, 259.29,ns, 260.36,ns, 261.47,ns, 262.28,ns, 264.48,ns, 266.47,ns) - *g^aça* (Garçía 170.29, 171.30, 202.1, 205.1, 206.1, 207.1, 208.1, 210.18,24,27, 239.2), *ma^atiño* (Martíño 180.10, 182.6) - *m^aatin* (Martín 182.2,11), *ent^aadas* (entradas 182.4), *dem^aacado* (demarcado 183.6), *lau^aades* (laurardes 183.10), *g^aa* (graça 202.1), *p^ameyra* (primeyra 235.6).

Se a vogal aparece sobre *q*, elide *ua* (qual ~ quaes, qualquer ~ quaesquer, quando, quantía, quanto, quarenta ~ quareenta ~ quareenta, quarta/s, quarteyro ~ quarteyros ~ quarteyros, quatorse ~ quatorze ~ quatorse, quatro, quatroçentos ~ quatroçentos). Consideramos relevante indicar o desenvolvemento cando se emprega en “çinquaeenta” (111.21,23,28), “comarqu^a” (123.186), “aquaeçeren” (154.18), “Caquauelos” (164.11, 165.10) ~ “Caquavellos” (234.11), “Quatelas” (165.52), “Orraqu^a” (174.4,10,24), “quada” (231.29,30,35, 235.14), “branqu^as” (238.10), “Salamanqu^a” (253.32), “bjqu^a” (242.9). Cando ten valor especial, emprégase a cursiva na transcripción e anótase a forma do manuscrito: *q^ata* (quarta 122.6, 154.4, 155.5[2],157.2,3, 163.18, 164.8[2], 166.18, 240.4[2], 242.9,17, 250.3[2]), *q^atos* (quantos 130.1, 140.1, 171.1) ~ *q^aantos* (quantos 250.1), *q^ato* (quanto 130.14), *q^ato* (quarto 168.25), *q^atas* (quartas 242.8,13[2], 18).

Colocada sobre *g* co valor de *ua*, resólvese en itálico (aguardando ~ aguardando, aguardante, aguardar, aguardaredes, aguardáremos, guarde, guarda, guardián, mjngua)³²⁶. Para o verbo *gardar* e formas relacionadas, como o substantivo


³²⁵ É claro que, por exemplo, o emprego de *lau^ades* para “lauredes” está motivado por outras formas do mesmo verbo (laurar, laurardes) que se representan a miúdo coa vogal *a* sobrescrita.

³²⁶ Unha solución semellante é a adoptada para *alg^a* (algúa 146.14, 149.27, 155.16, 161.15, 164.51, 166.41, 167.13, 168.49, 172.37,73, 174.19, 195.33, 199.23, 201.17, 205.6) e *alg^as* (algúas 207.4), amplamente


garda e o adxectivo *agardante*, a mesma abreviación enténdese co valor de *ar* se na escrita da sílaba non se representa a vibrante (aagardardes, agardando, agardante, agardar, agardáremos, agardaría, agarde, agardou, garda)³²⁷.

Tal como acontece con outros elementos braquigráficos, chega a asumir valores propios doutros sinais de abreviación (v. Láminas de VIII) pola semellanza formal con, por exemplo, os sinais de *er* e *ur* ou a forma cursiva do trazo sobreposto. Chamamos a atención en nota no caso de presentar o valor de *ur* (*dereytura* 138.19, *procurar* 204.3), ao paso que normalmente recibe o mesmo tratamento có sinal ao que suplanta en palabras como “*dereytura(s)*” - “*dereytura*”, “*dereyta*”, “*maneyra*”, “*sentença*”.

Vogal e sobrescrita. Usada normalmente co valor de *re* (*enprestastes*, *lauredes*, *liure/s*, *outr*, *preço* - *preçio* - *presçio*, *presentadas*, *presente/s*, *senpre*, *ssobre*, *tres*)³²⁸, é inhabitual que represente *er* (*saber* 140.7,10), polo que sinalamos o desenvolvemento en “*persona*” (154.24) con referencia en nota³²⁹. Presenta un emprego especial en *p^en̄s* (*presentes* 140.41); no mesmo documento aparece *p^estes*, que transcribimos como “*pressente*” (140.43) coa forma do manuscrito en nota.



Moreira (182.1)




graca (182.1)



Santa Coonba (182.1)



bões (182.3)



Martinho (182.6)



pagar (182.12)

Lámina VIII-A. Valores de a sobrescrito en CD 182

documentada baixo esa forma sen abreviar, mais tamén como *algúas* (127.7, 220.17). Por extenso aínda se documenta a forma temperá *algũa* (66.16), ademais das ocorrencias do castelanismo *alguna*, ao que pode remitir a abreviación *algr^a* (*algúa* 186.12, 204.4, 206.6), polo que se anotou a forma do manuscrito.

³²⁷ Está ben documentada na CD a representación da sílaba sen abreviar como *guar*, *gar* e mesmo *goar*.

³²⁸ Así o lemos en *ffijg^ssia* - *fijg^ssia* (*ffijgresía* 95.9 - *fijgresía* 150.4,13), *frijg^ssia* (*frijgresía* 147.32, 152.2,6,7), *frig^ssia* (*frigresía* 156.8), *freg^ssia* (*fregresía* 160.2,7) - *freg^ssyá* (*fregresya* 215.4,7), mais usamos o itálico dada a amplísima variación que presenta a palabra sen abreviar, como se verá máis abaixo.

³²⁹ Se por extenso o notario emprega *presona*, é claro que se lle atribúe o valor habitual desta letra sobrescrita sen máis indicación, caso de *p^esoña* (223.26).

Lámina VIII-B. Valores de *a* sobrescrito en CD 191

Vogal i sobrescrita. Presenta o valor de *ri* colocada sobre diversas consoantes³³⁰. Márcase coa cursiva e infórmase en nota da forma do manuscrito só cando vale simplemente por *r* ou, máis raramente, con outro valor³³¹:

conpridamente, conprido(s), conpridor, conprimjnso, conprindo, conprir, conpriren, conpriría, conprírimos, conprisem, criado, criase, crimjnal, cunpriredes, escritruaes ~ spritruaes, escriptas ~ escritas, escripto(s), escriptura, escripuano ~ escripuán, escriuñas, escriuj ~ escriuy ~ escripuý ~ escripuj, escriujr ~ escripujr ~ escripuyr, obrigamos, obrigo, patrimoño(s), primeyros ~ primeiros, primo, prior(es), priuilegios, priuo, propia, propiedade ~ propiedade, sancristán, tributo, vritar; Beatrís ~ Viatrís, Escripuán, Espiritu Santo, [Castro] Gontrigo, Rodríguez ~ Rrodríguez ~ Rrodrigues.

conpríja (141.46), conprindo (253.25), conpríndoo (194.20), conpryr (150.21,23), críja (123.174,176), obrigados (146.17), obrigamos (146.20), pryor (145.19[2],28,44), Rrodrigo (226.16, 228.39), Rrodrigues (232.3,29,38), trijnta (106.23, 133.46, 149.32) ~ trijnta (147.1, 166.61, 167.26, 168.72, 169.16, 170.28, 172.2, 174.52, 175.20, 176.26, 177.26, 185.13, 187.20, 188.23, 190.45, 241.5, 253.31), trijntanarios (190.47).

Pola súa parte, abrevia o segmento *ui* sobre *q* (aquí, fiqui, fiquin³³², quinentos, quinón ~ quinón, quinõos ~ quinões, quinto/a, quinze ~ quinse, quiser,

³³⁰ O mesmo valor pode adoptar o trazo xeral sobre *c* en *escripto* ou *criado(s)*, que se resolve tamén sen indicación.

³³¹ Caso de *p'mo* (primeyro 211.33). Anótase igualmente a sobreposición que non implica a elipse de letra ningunha: *escriujr* (144.23).

³³² En *fiq'en* (156.32) transcribimos “fiquen” acompañado de nota.

quiserdes, quiseren, quiseron, quisesen, quitando, quitáremos, quitase, quite/s, quito/a, rrequirades, rrequire, rrequiría, rrequirido, rrequirimento; Marquiña, Quintas)³³³, que só se anota nun caso como o de *q̄ta* (quinta 140.40). Máis problemática é a resolución nas escasísimas palabras en que comparece sobre *g*. A transcripción como *ui* en *ḡssa* (guissa 106.10), *seḡr* (seguir 195.4[2]), *ḡsado* (guisado 195.9) e *aḡar* (Aguiar 195.47) non ofrece dúbidas, aínda que se desenvolveu en itálico e con nota pola súa infrecuencia. Admitiría, no entanto, unha lectura como *ui* ou *ri* nas diversas formas do actual *freguesía*, que se testemuña maioritariamente na CD coa disimilación da vibrante³³⁴. Ao optar por unha resolución con *ri* para *frijḡssia* (frijgrissía), *ffreyḡsia* - *freyḡsia* (ffreygrissía - freygrissía), *fleiḡsia* (fleigrissía), *fleḡsia* (fleggrissía), *freḡsia* (freggrissía), entendemos que se emprega a sobrescrita da vogal como recurso para representar as formas non disimiladas, ao tempo que se recorre á escrita por extenso de non ser así. Por outra parte, a vogal sobrescrita ten outros valores en formas como *fijgesia* (fijgesía 123.206, 131.3), indicado en nota³³⁵, ou *ffijḡia* (ffijgrissía 103.13[2],35,36,50) - *fijḡia* (fijgrissía 103.34)³³⁶.

Vogal o sobrescrita. Non se xulgou necesario indicar o seu uso para abreviar *ro* (mijnstro, outro/s, outrossy - outrossí - outrosy - outrosí, proujnçiaes, pustromeiro, proueeredes, propia, quatro; Castro) ou, menos habitualmente, *or* (lauor, outorgamento, outorgamos). Mais, co valor de *uo* sobre *q*, si se sinala en cursiva a restitución da letra:

çinquo - cinco, cincoeenta - çinquoeenta - çinquoenta - cincoeenta - çinquoeenta - çinquoenta, maníjfq̄uo - maníjfq̄uo - maníjfq̄uo, porquo, pouquo, púvriquo - pú-

³³³ Débese entender, pois, que as formas con *qi* (q̄inta/s, q̄itaçón, q̄itamos, q̄ito/a) están escritas así no manuscrito.

³³⁴ Cf. *frijguesia* (69.9), *frijguisía* (73.4, 77.5) - *ffrijguisía* (75.12), *frigisía* (102.12) - *ffrigisía* (138.3), *ffregesyá* (108.5) - *fregesyá* (215.2, 221.4, 233.3) - *fregesía* (221.11, 228.6, 235.8) - *freguesía* (223.41, 231.8, 234.15) - *fregesyá* (224.43,44, 233.6) - *fregesja* (255.9), *ffreyguisía* (116.6) - *freyguysía* (142.4), *fijgesia* (131.5), *fregisía* (134.7,8, 211.3,7) - *fregisyá* (222.45, 238.9), *fleigissía* (200.3) - *fleigisía* (200.11,16), *fregresía* (214.2), *freyguesía* (216.9, 219.7) - *freygesía* (219.3, 220.3,8,34, 229.5-6,12, 232.5) - *fregesía* (265.6,29), *filegresía* (240.6).

³³⁵ Tal como en *freḡijs* (fregrijs 210.3).

³³⁶ A mesma palabra aínda pode aparecer abreviada *flijḡsia* (*flijguesía* 80.5,8), *fiḡsia* (*figresía* 128.12), *frijḡsia* (*figresía* 129.6, 154.7), *frijḡ* (*frijgrissía* 146.2), *fijḡsia* (*fijgresía* 196.25[2]), *friḡ* (*frieguesía* 242.22). Úsase o bucle que modifica a letra *e*, do que se tratou máis arriba, en “*fregresía*” (157.5,8, 163.10, 164.11, 165.3,6,9,10,12,38, 166.10,29, 168.14,36, 172.6), “*fregresías*” (174.25) e “*friegresía*” (158.8).

vryquo, quoartas, quoreenta - quoreenta - quorenta, quoreesma, rreboquo; Franquo, Vasquo - Uasquo - Vaasquo.

Para as abreviacións *alg^o* (*algún*, *algũu*) e *algn^o* (*algũu*) téñense en conta na resolución outras formas usadas polo notario, *al̄gu* ou *algũu*³³⁷; de empregar ambas, óptase pola máis frecuente³³⁸. As variantes *al̄gno* / *algn^o* están desenvolvidas como “alguno” (214.16,18,26) nun documento híbrido galego-castelán, no que tamén transcribimos a forma *algn^a* como “alguna” (214.17). Pola súa parte, a resolución das abreviaturas *n̄jg^o* (*njngún* 163.33, 216.39, 217.28), *n̄jgu^o* (*njngũu* 212.129) e *neg^o* (*nengũu* 177.18) realízase en función das formas plenas que aparecen nos documentos subscritos polo mesmo rogatario³³⁹.

A abreviación por contracción con sobrescrita de letra(s), que agora afecta a moi diversos elementos, xa apareceu exemplificada anteriormente, ao concorrer con outras posibilidades braquigráficas examinadas³⁴⁰. Aínda habería que apuntar outros casos de sobreposicións literais que se dan habitualmente en determinadas palabras, ben como outras abreviacións que admiten varios desenvolvementos ou das que interesa marcar a súa ocorrencia en forma reducida:

- *Cabido*: *cab^o* (*cabído* 177.2), *cabj^o* (*cabído*)³⁴¹, *cavj^o* (*cavído* 241.2[2],22). A lectura “*cabĩdo*” (236.3) para Afonso Ianes de Argonde baséase en *cabiido* (231.3), *cabijdo* (234.3), *cabido* (235.3).

³³⁷ Téñase en conta que o indefinido tamén se documenta como *algũu* (150.9,11).

³³⁸ No notario Afonso Ianes de Argonde só aparece *alg^o* (*algún* 231.27, 234.25,27, 235.23, 236.20), mentres que para Pascual Pérez de San Tomé resolvemos *alg^o* (241.13) en “*algund*” tendo en conta as formas *algũd* (*algund* 241.12,14, 253.23) e *algũnd* (*algund* 253.17,21).

³³⁹ Convén acrescentar que para a resolución de *n̄jg^o* (*njngún* 163.33) se ten en conta a forma *n̄jhũ* (*njhún* (155.21, 158.14, 165.28, 174.16,19) dos documentos de Afonso García. De xeito análogo valórase a forma *n̄ehũu* (*nehũu* 171.22, 175.10-11) para desenvolver *neg^o* (*nengũu* 177.18) no monxe notario Pedro Fernández.

³⁴⁰ É de notar aínda que, tal como o trazo sobrescrito, a sobreposición de *te* e *to(s)* abrevia a miúdo en (cháamente, *conpridamente*, *cumunalmente*, *espiçialmente*, *expresamente*, *nouamente*, *perpetuamente*, *primeiramente* - *primeiramente*, *solamente*, *verdadeiramente*; *acreçentamento*, *aforamento*, *estormento*, *finamento*, *herdamento/s*, *juramento*, *naçemento*, *outorgamento*, *paramento*, *pedimento* - *pidemento*, *Sarmento* - *Xarmento*, *testamento/s*); ocasionalmente, a sobrescrita de *o* indica a elisión de *ent* (*aforamento*, *naçemento*, *paramento*), tamén en castelanismos (*finamjento*, *otorgamjento*, *pasamjento*).

³⁴¹ Transcribimos tamén así os casos do notario Xoán García (228.2, 239.3,4), aínda que prefere *cabildo* (215.1, 216.2, 220.2, 221.2, 222.2, 223.2, 224.2, 225.2, 229.3,14, 232.2) a *cabído* (226.1, 233.2).

- *Mosteiro*: m^o (*moesteyro*, *mõesteiro*, *moesteiro*, *mõesteyro*, *mosteyro*, *mõosteiro*), mj^o (*moestejro* 264.28). O desenvolvemento atende ás formas por extenso do mesmo documento ou notario³⁴².
- *Público*: pu^{co} (*público*), pu^{cos} (*públicos*), pu^{ca} (*pública*), pp^{co} (*ppúblico*), p^{co} (*público*); publicadas (pu^{ca}das). A resolución obedece á solución amplamente maioritaria por extenso, aínda que tamén se documentan *púbrico* (141.44), *plública* (218.11 [está corrido]), *prúbrico* (250.21)³⁴³. Cando se abrevia mediante unha abreviatura de *pro* cun o sobrescrito, transcríbese “*próuico*” (98.26, 99.26, 102.32).
- *Veciño*. As diferentes abreviacións resólvense normalmente en función das formas sen reducir do mesmo notario: *vs^o* (*visiño* 210.27; cf. *viziño* 169.1, 189.2, 207.2[2] ~ *viziños* 214.12)³⁴⁴, *v̄s* (*veziños* 213.25; cf. *beziños* 213.3), *vz^o* (*veziño* 219.38)³⁴⁵, *v^o* (*vjzjno* 258.26, 259.28, 261.46), *vsos* (*vjsjnos* 258.26, 259.28)³⁴⁶.
- *Segundo*, *segunda*: seg^o (*segundo*) ~ sseg^o (*ssegundo*), segd^o (*segundo*), sig^o (*sigundo*), sg^o (*segundo*), segu^o (*segundo*), seg^a (*segunda*)³⁴⁷.
- *Outras abreviacións*: bra^a (*brancas* 264.19[3],20,41), camj^o (*camjño* 240.10,11), defenet^a (*defenetiuua* 190.103), esc^o (*escriuano* 241.23), yr^os (*yrmaños* 242.3), just^a (*justiça* 242.20), m^a (*médea* 255.14; cf. no mesmo notario *médeo* 264.16), m^escola (*meestrescola* 123.28) ~ m^eescola (*meestrescola* 212.104-105)³⁴⁸, m^os (*moyos* 129.38,39,

³⁴² Para o notario apostólico Ares Fernández de Gradín (CD 243, 244), sen formas plenas, óptase pola resolución “*mosteyro*”.

³⁴³ Neste documento aparece a palabra abreviada como *p^o* (250.ns), que se transcribe “*prúbrico*”. Nos documentos do notario García Fernández de Rendal aparecen as formas “*púvriquo*” (255.43, 256.ns, 258.28) ~ “*púvryquo*” (260.37), polo que resolvemos *pu^o* como “*púvrico*” (255.42.ns, 256.27[2], 257.28,29.ns, 258.27.ns, 259.29,30.ns, 261.47,48.ns, 262.28[2].ns, 264.49.ns, 266.47,48.ns), agás en CD 260 (*púvryco* 260.36.ns).

³⁴⁴ Resolvemos da mesma maneira en 190.74, aínda que neste caso sen formas plenas do mesmo redactor.

³⁴⁵ Sen atestacións de formas plenas no mesmo diploma, resólvese a partir das formas usadas polo notario Xoán García, ao tratarse dun documento sacado dun rexistro seu: *vezyño* (217.1), *veziños* (217.32, 218.45, 226.20, 228.39), *vezinos* (218.2, 229.63), *veziño* (218.40), *vezyños* (222.4, 223.4, 225.3), *vejños* (215.29).

³⁴⁶ As dúas últimas formas son usadas por García Fernández de Rendal, que tamén escribe *vjzjnos* (266.45).

³⁴⁷ Aparecen igualmente abreviados mediante un *l* cruzado en diagonal por un trazo de dereita a esquerda con *a* ou *o* sobrescrito (*segunda* 155.4, 156.5[2], 158.5,6, 164.7, 166.5[2], 168.7[2], 180.4[2], 202.4[2], 205.3[2], 206.3[2], 207.11[2]; *segundo* 156.17, 166.7, 169.13, 183.2,6,16, 186.4[2], 189.10, 202.6, 205.4, 206.4, 207.1,5). Aínda pode abreviarse sen sobreposición literal como *segūd* (*segund*) e *segūa* (*segunda*).

³⁴⁸ Na CD documéntanse as formas *meestrescolla* (76.48), *meestrescola* (212.3), *meestrescola* (218.2), *meestrescola* (218.25,29).

149.13)³⁴⁹, p^a (*pessoa* 112.27), q^at^os (*quatroçentos* 215.29, 233.38), v^o (*viño* 234.21) - vj^o (*vjño* 238.8).

Restan por indicar os elementos antroponímicos, nos que é habitual o recurso á sobreposición literal como procedemento braquigráfico.

- *Afonso*: affon^o (*Affonso*), af^o (*Afonso*), a^o (*Afonso*).
- *Álvaro*: alu^o (*Álvaro*), aalu^o (*Álvaro* 153.8).
- *Diego*: dj^o (*Djego* 255.16,18, 262.2,4,21). Para o valor atribuído á abreviatura (e non o de *Domingo*), téñase en conta que as abreviacións de CD 255 remiten á mesma persoa que noutro documento figura como “Diego de Naves” (246.5,7,47).
- *Domingo*: d^o (*Domingo* 73.13, 75.28, 87.7). O valor da abreviatura (fronte a *Diego*) queda de manifesto en que en CD 87 “*Domingo*” é o nome do pai de “Ffernán Domínguez d’Astrees” (87.1). O patronímico *Domínguez* pode aparecer abreviado d^oz (*Domínguez*), d^os (*Domingues*), d^ogz (*Domínguez*), dg^s (*Domingues*).
- *Estevo*: est^o (*Estéuño*, *Estéuoo*), e^o (*Estéuño* 90.24). Priviléxíase a solución *Estéuño* por maioritaria, a non ser que no documento se empregue por extenso a forma sen til. Sen abreviar aínda se documenta *Esteuo* (154.25), *Esteua* (190.67), *Estébño* (200.4,11), *Estebon* (261.7), *Estebo* (265.7). Para o patronímico *Estévez* resolvemos est^s en “Estéuees” (123.36,75,177, 130.4, 147.3) sen formas por extenso do mesmo redactor, mentres outros desenvolvementos teñen en conta ocorrencias do mesmo documento ou notario, “Estéuēes” (148.6, 162.1,7,19), “Esteues” (156.2,18,27, 158.3,19,27, 163.1, 165.3, 166.6, 167.1, 168.1, 174.4,5,8,13), o mesmo que en est^e (*Esteues* 156.1, 158.1).
- *Fernando*: fff^o (*Ffernando*), ff^o (*Ffernando*), f^o (*Fernando*). Das formas reducidas do patronímico *Fernández* levan letra sobrescrita ffern^s (*Ffernandes*), fern^s (*Fernandes*), ferrn^s (*Ferrnandes*), frn^s (*Ferrnandes*), ffrn^s (*Ffernandes*), ferr^s (*Ferrnandes*), frn^s (*Ferrnandes*), frn^s (*Fernandes*)³⁵⁰.
- *Francisco*: f^{co} (*Françisco*), ff^{co} (*Ffrançisco*).
- *García*: g^a (*Garçía*).

³⁴⁹ Non se indican as resolucións da designación doutra medida de capacidade como *fanegas* (f^s), que aparece sempre baixo esa forma por extenso.

³⁵⁰ Abreviacións como fern^s (*Fernandes*), ffern^s (*Ffernandes*) e ferrn^s (*Ferrnandes*) débense á proximidade formal entre a sobrescrita da vogal *a* e este sinal abreviativo.

- *Gonzalo*: g^o (*Gonçaluo*), g^{uo} - gu^o (*Gonçaluo*). O patronímico *González* aparece abreviado *g^s* (*Gonçalues*) e *g^s* (*Gonçalues*); esta última forma resólvese ocasionalmente “*Gonçales*” (226.15) á vista da forma *Gonçales* (226.2,20).
- *Xoán*: j^o (*Johán*), j^om (*Joham* 122.13), j^on (*Johán*).
- *López*: l^{cs} (*Lopes* 120.6).
- *Lourenzo*. Ademais do emprego da sigla (*Lourenço*), abréviase en *l^o* (*Lourenço*) e en *l^o* (*Lourenço*); neste segundo caso, ao igual que pode acontecer coa sigla, en ocasións presenta unha vírgula por debaixo do *l* que remite á cedilla.
- *María*: m^a (*María*), m^aa (*María*).
- *Mariña*: m^{na} (*Marina*).
- *Maior*. A abreviatura *m^r* desenvólvese normalmente “*Mayor*”³⁵¹. A resolución “*Moor*” (114.7, 127.4) atende á forma usada por extenso no mesmo documento, mentres que se transcribe “*Mor*” (172.25,46,71,72,79), con indicación en nota da forma do manuscrito, cando o redactor usa sen abreviar a forma *Mor* (172.15)³⁵².
- *Martíño*. Representan este prenome múltiples abreviacións, como *m^rjn* (*Martín*), *m^o* (*Martino*), *m^{ro}* (*Martino*), *m^{mo}* (*Martino*), *m^jno* - *m^jn^o* (*Martín*), *m^ryno* (*Martyno*). No caso de *m^r* (*Martín*, *Martino*), de acordo co uso medieval, a forma apocopada emprégase normalmente para o prenome e a plena cando integra unha referencia cronolóxica ou toponímica. Para o patronímico *Martís*, tendo en conta que non hai na CD formas sen abreviar, resólvese *m^rz* en “*Martíz*” e *m^rs* en “*Martís*”.
- *Nuno*: n^o (*Nuno* 86.15,17, 90.21, 92.26). Patronímico: *n^s* (*Nunes* 198.24).
- *Pedro*. Ademais de ler a sigla como “*Pedro*”, resolvemos de igual maneira “*Pedro*” en *p^o*, ao paso que en *p^o* transcribiuse como “*Pero*”. Ambas as abreviacións poden representarse tamén coa vogal na caixa da liña.
- *Rodrigo*: R^o - r^o (*Rrodrigo*). Patronímico: *rr^oz* (*Rrodriguez*), *rr^os* (*Rrodrigues*), *rr^s* - *R^s* (*Rrodrigues*).
- *Sánchez*: s^{cs} (*Sanches* 172.14, 198.32).
- *Tereixa*. Tendo en conta os testemuños *Tereyia* (110.1,16,31, 123.138,146,154,156, 140.14), *Tereyga* (128.3), *Thereyja* (144.1,15), *Tereyja* (144.3, 222.4), resólvense *t^r* (*Tereyia*) e *t^{ia}* (*Tereyia*), agás en “*Tereiga*” (101.4) que se desenvolve segundo *Terei-ga* (101.18). Para a abreviatura *t^{ia}* óptase pola resolución “*Tareyia*” (161.5,20,34,48, 163.5,37, 165.6,12, 202.3, 234.5), coa variante “*Tarejia*” (255.3, 258.4, 259.3, 261.6,

³⁵¹ O mesmo se aplica ao adxectivo (*mayor* 156.37, 157.31, 158.36, 161.59, 164.40, 165.52, 167.16,27, 174.40,56).

³⁵² Na forma *mōr* (234.18) entendemos que o trazo non ten valor.

266.4) para o notario García Fernández de Rendal en función da grafía que emprega preferentemente para a representación da semivogal.

- *Tomé*: t̄ (Tomé 77.32).
- *Vasco*. A contracción *v^o* desenvólvese normalmente en “*Vaasco*”, de acordo coa forma plena amplamente maioritaria, coa solución “*Vasco*” (235.28, 250.2) en documentos onde aparece o nome así por extenso (Vasco 235.4, 250.14)³⁵³. O patronímico correspondente redúcese coa sobrescrita de vogal en *u^s* (*Uaasques*) - *v^s* (*Vaasques*); unha resolución como “*Vasques*” (233.39) obedece a outras ocorrencias do apelido no mesmo notario (Vasques 232.38).

4.2.1.3. Outros aspectos editoriais

Como xa se adiantou máis arriba, adoptamos unha tendencia actualizadora no que se refire a aspectos editoriais tales como a unión e separación de palabras, o uso de maiúsculas e minúsculas, a puntuación e a acentuación. Convén, no entanto, facer algunhas puntualizacións a este principio xeral.

Unión e separación de palabras

Para a transcripción unida ou separada das palabras, tómanse como referencia os usos actuais. Dos usos dos manuscritos son exemplo os casos que se indican a seguir:

aa tal (a atal), comunal mente, corporal mente, de ffendades, de finytiua, de mandar, de pus, de pus - en pus, dereita mente, em allade - en allar, em cargo, en bargo, en bague, en quisa, menor ydade, nen ñu - nen hun - ne hun - nen hũa, non no(s), nos los - nós las (*art.*), ontre chantedes, per ante - por ante, per tijņas, poemas lo (*pron.*), por lo - por la, quen quer, sobre dito - sobre dita - sobre ditas - ssobre ditas - ssobre ditos - sobre ditos, sobre lo - sobre la, sub escriuymos, tan ben - tam bem - atan ben, todos los - todas las.

aamorte, aatal - aataes, aauer, aautra, acarta, adereito - odereito, adita - odito, adon - adona, aeles, afficar, affonte(s), ameu, amjn, amonte(s), apagar, apagar, arrenda, asen-

³⁵³ Non son as únicas atestacións con redución do hiato (cf. Vasquo 97.16, Uasquo 109.6, Vasco 107.30).

tença, *assaber*, *asseer*, *asua*, *atoda*, *atodo* ~ *atoda*, *auos* ~ *deuos* (a uós, de uós), *auossa* ~ *auosa*, *ayra*, *cadahúa*, *cadaúa*, *demoor*, *denos* (de nós), *encadaū* (en cada un), *enfondo*, *napossissom*, *olugar*, *onoso*, *onosso*, *oqual*, *otollo*, *paraas*, *proueeloedes*, *quandolle*, *quantoslle*, *quelle(s)* ~ *quello* ~ *queo* ~ *quesse* ~ *aque* ~ *queuos*, *seas*, *trasmuro*.

Ademais aparecen unidas na edición formas medievais tales como “de sũ”, “de suso”, “u quer” ~ “hu quer”, “en pus”, “en senbra”, “de juso” ~ “de yuso”. Separamos, pola súa banda, na forma *adeante*, tal como *endeante*, na locución “des este día en *deante*”, “des oie este día en *deante*”, “d’aquí en *deante*” ~ “d’aquí en *deante*” ~ “d’aquí en *deante*” ~ “d’aquí a *deante*”, “d’oie’ste dya a *deante*”, “d’alj a *deante*”, “de aquí a *deante*” [cf. “de aquí ao *adeante*” 195.35]. Constitúen excepción a esta norma o caso de topónimos constituídos por unha palabra composta, dos que se respecta a disposición do manuscrito:

Agro Boo, Agro Mao, Agro Sanjn ~ Agrosanijn, Bila Herma ~ Vjla Herma, Boy Morto, Casa Noua ~ Casa Noba, Çella Noua ~ Çelanoua ~ Çellanoua ~ Çela Noua ~ Çela Noba ~ Çella Noba, Ffonte Fría ~ Ffonte Ffría ~ Fonte Fría ~ Fonte Fría ~ Fonte Fríja ~ Fonte Fríja ~ Fonte Frýa, Fonte Vergeira ~ Fonte Vergeira ~ Fonte Vergejra, Meyjón Frío, Monte Alegre, Monte Rroso ~ Monterroso ~ Montorroso ~ Montorroso, Porto Marín ~ Porto Marín, Prado Boo ~ Prado Voo, Santomé ~ Santomé³⁵⁴ ~ Santomee ~ Santhomé ~ Santhomé, Souto Sanjn, Uila Noua ~ Vila Nou[a], Vila Marín, Villa Rrouym ~ Vila Rruujn.

Ademais, emprégase o apóstrofo para indicar a elisión de *e*, nomeadamente da preposición *de*, ou de *o*, en situacións en que actualmente si se representa na escrita³⁵⁵:

Elisión de e en de: d’a (*loc. prepositiva* ‘de a par de’), [Ribeiro] d’Abia, d’abril, d’Afonso, d’aforamento, d’agora, d’agosto, d’Agra, d’Agro Mao, [fillos] d’algo, d’Alongos, d’Áluar Paas, d’alý, d’Amarante, d’Anaygo, d’ánballas, d’anhos, d’ancho, d’aquí, d’Astrees, d’auer, d’auer, d’auereyço, d’Avelêda, d’el³⁵⁶, d’empiñorar, d’entón, d’entre,

³⁵⁴ Transcribimos unidas formas como *são me* (Santomé 162.4[3],5).

³⁵⁵ A ningunha destas situacións responde o caso da rúa “d’Oobra” (‘da Obra’) de Ourense.

³⁵⁶ Cando *de* funciona como introdutor dunha oración de infinitivo: “se *per* uentura o moesteyro de *Santa Coumba*, onde el era prior, perdesse seu dereyto *per* mingua d’el non querer *comprir* a carta del rrey”

d'erdade, d'erdar, d'escomũyón, d'Espoosende, d'irmãos, d'obidiencia, d'Oca, d'oieste ('de oje este'), d'oje, d'ómẽes, d'onde, d'orden, d'Orga, d'Orzellón, d'Ourense, d'ouro, d'Outeiro d'Allos, d'outre, d'oyto, d'oytubro, d'Untes - d'Vntes, d'uso, d'y.

Elisión de e noutras palabras: ant'el, canbead'a³⁵⁷, darll'á, entr'el - entr'elas, ll'o(s)³⁵⁸, ontr'eles, perant'el, pug'y³⁵⁹, sobr'elo - sobr'ela, sobr'este - sobr'esta - sobr'esto.

Elisión de o: Afons'Ianes, Ffernand'Aras - Fernand'Ares, Lop'Eanes - Lop'Eanes - Lop'Ehanes, Per'Eanes - Per'Anes, tod'esto.

Uso de maiúsculas e minúsculas, puntuación e acentuación

Adáptase ao uso moderno o emprego de maiúsculas e minúsculas, agás no caso de termos *R* no manuscrito, que se transcribe *rr* - *Rr* segundo corresponda³⁶⁰. O mesmo en relación cos sinais de puntuación, alén de paragrafarmos o texto dos documentos para facilitar a lectura³⁶¹.

Tampouco se atende ao emprego de acentos nos manuscritos. Xorde a miúdo sobre a vogal *i* con función diacrítica *e*, ocasionalmente, colocado na primeira vogal de hiatos non homorgánicos. Do mesmo xeito, o acento dobre, que ocorre nos devanditos hiatos para indicar a duplicación vocálica, non se transcribe nin se indica en nota. Acentúase, pois, seguindo as regras modernas, respectando, é claro, a realidade medieval (en casos como o de *Rroy*). Neste sentido, cómpre apuntar que o acento con valor diacrítico, ademais de empregarse no pronome persoal tónico *vós*, tamén aparece en *vós* - *uós* ('voz') marcando a súa tonicidade, fronte a *vos* pronome persoal átono³⁶². Igualmente se acentúa *én* (82.11, 101.20, 102.4,14) no caso de tratarse do adverbio pronominal.

(65.34). Nun documento en castelán de frei Pedro de Salamanca temos un exemplo semellante: “*e oblygo a my mesmo e a todos meos benes [...] d'o coreger*” (247.30-31).

³⁵⁷ Cf. “deidade ou canbead'a atal persona” (154.24).

³⁵⁸ En casos de interpolación do suxeito ou complemento directo: “como ll'o dito Ffernán López mandara a sãara sobredita” (76.18-19); “se ll'o outro *companyro* dessem” (65.33).

³⁵⁹ Lemos así en “foy presente *e* scriuío *e* pug'y meu sinal” (70.13-14).

³⁶⁰ Procédese igual nos textos en romance castelán, mais non para os latinos, onde se transcribirá por *r* - *R*.

³⁶¹ En Commission (1984: 38) proponse que, en principio, se respecte a disposición do documento, mais recoñécese que “il n'y aurait aucun inconvénient, mais au contraire des avantages, à faciliter la lecture et l'utilisation des chartes en les découpant matériellement selon le schéma pratique du discours diplomatique: protocole initial; préambule; exposé et dispositif; clauses finales; souscriptions ou *signa*; date”.

³⁶² Ten a mesma función, e remite a realidades acentuais diferentes, o seu emprego nas formas da P1 do pretérito (*foy* - *ffoy*) fronte á P3 (*foy*).

Sinais críticos e anotación

Relacionamos a seguir os sinais críticos que se empregan na edición, ben como a súa funcionalidade.

- ||: identifica fundamentalmente o emprego de elementos figurados no manuscrito. Dentro das liñas verticais indícase en cursiva de que tipo de símbolo se trata (crismón, sinal rodado, sinal notarial, cruz), ben como o texto asociado a estes elementos que, de existir, se transcribe a continuación en redonda. Non alude, porén, a elementos figurativos cando indica a presentación en columnas de testemuñas e confirmantes, ou cando informa de sinaturas existentes nos documentos.
- []: engadidos de texto que non aparece no manuscrito por esquecemento do escribán, por erro³⁶³ ou por deterioración do documento. A causa do acrecento indícase en nota.
- [...]: texto que non se consegue ler nin restituír con seguridade. A causa apúntase en nota.
- (): texto repetido³⁶⁴.
- (?): lectura dubidosa.
- /: mudanza de liña, seguido do número de liña correspondente. A duplicación do sinal remite a unha mudanza de folio ou pergamiño, no caso de o manuscrito estar constituído por varias peles cosidas (cf. CD 123).

Nas notas úsase o asterisco para introducir comentarios relativos a aspectos como a datación ou as edicións e referencias ao documento. Xa no texto do documento, ademais de recolleren diversos tipos de informacións que fomos apuntando ao longo deste capítulo, aínda dan conta de cuestións como o texto riscado ou anulado, as emendas do redactor, os entreliañados, o texto escrito na marxe, as cruces de chamada ou as *probationes penna* realizadas no pergamiño.

4.2.2. Documentos en castelán

As normas de edición para os documentos na outra lingua romance da CD, tal como xa se adiantou no comezo do apartado anterior, supoñen unha adapta-

³⁶³ As correccións ou emendas ao texto procuraron reducirse á mínima expresión, chamando a atención sobre a rareza de determinadas formas cun (*sic*).

³⁶⁴ Nada ten isto que ver coa repetición do numeral con función distributiva (cf. “tres tres *solidos*” 28.11; “quinque quinque *solidos*” 28.12; “II IJ *solidos*” 28.13; “IJ IJ *dias*” 28.13).

ción dos criterios establecidos para os documentos galegos. Por este motivo, aquí prestaremos atención primordialmente ás diverxencias respecto do establecido para o romance galego, nomeadamente no que ten que ver coas abreviaturas. No referente ao tratamento destas, procedemos con precaución no desenvolvemento, pois as copias galegas de documentos en castelán, de xeito análogo ao que acontece cos documentos nesta lingua redactados no reino de Galicia, inclúen a miúdo interferencias da lingua autóctona. Así, deixamos en máis dunha ocasión resolucións en cursiva de abreviaturas cuxo valor, diferente en galego e castelán, ofrecería escasas dúbidas noutro contexto³⁶⁵. A título de exemplo, a resolución en itálico de “*graçia*” (g̃ra), como se comentará máis abaixo, ten en conta o emprego do galeguismo *graça* (123.88, 136.6, 141.1,4) en copias de documentos en castelán.

No referente ao tratamento do *trazo sobreposto*, marcamos unicamente o desenvolvemento co valor de *e*³⁶⁶, xunto aos elementos toponímicos (Algarbe, Castiella, Jahén, Orense, Rochafforte), en palabras que poderían admitir unha resolución alternativa, como nas diversas formas dos actuais *alcalde* (alcales 62.14; allcalles 62.20; allcalle 85.e, 104.12, 117.12, 123.121, 132.10, 137.26, 141.30; allcalles 104.34, 117.30, 132.25, 136.14, 139.39)³⁶⁷ ou *canciller* (chancellor 84.22; chançeller 89.1; chançeller 100.18)³⁶⁸. Abrevia, pola súa banda, o ditongo *ie* en “Castiella” e “tierra”.

Testemuyas que estaban presentes: frey Pero de Boán¹³, monge do dito mosteiro, e Martín Martís de Codeiro e João Paaz, notario.

E esta carta que non valla nada saluo se for firmada do nome do prior.

E eu, Pero Fernandes, monje notario do dito mosteiro e coutos del, que esta carta en mina plesença a¹⁴ fis escriuir e aquí meu nome e signal fis en *testimuyo* de verdad, que tal he [*lugar del signo*].

Pero Fernandes.

¹¹ Está escrito *año*.

¹² Está escrito *años*.

¹³ O apelido do monxe é na realidade Veer.

¹⁴ Corrixiu *plesença* para *plesença*.

IV. ÍNDICES

1. ÍNDICE DE PERGAMIÑOS

Índicanse a seguir as signaturas de arquivo de todos os pergamiños de Santa Comba datados do período medieval, acompañadas polo número que lles corresponde nesta CD. Nos casos do AHN e o AHPO, a referencia numérica está composta polo número da carpeta máis o número que teñen atribuído dentro da mesma. Inclúense tamén as identificacións de arquivo dos diplomas excluídos da colección por non pertenceren ao mosteiro de Santa Comba de Naves.

Arquivo da Catedral de Ourense

Fondo Monacal, Santa Comba de Naves:

44→CD 60	388→CD 19	802→CD 40
67→CD 5	427→CD 20	819→CD 44
77→CD 39	454→CD 21	934→CD 45
87→CD 6	468→CD 22	947→CD 46, 49
90→CD 8	481→CD 23	953→CD 47
91→CD 9	580→CD 24	957→CD 48
155→CD 10	639→CD 25	972→CD 50
159→CD 11	643→CD 26	974→CD 51
192→CD 12	649→CD 27	997→CD 52
213→CD 14	666→CD 28	1007→CD 53
214→CD 13	726→CD 30	1008→CD 54
275→CD 34	731→CD 32	1023→CD 55
299→CD 15	739→CD 33	1040→CD 56
319→CD 42	754→CD 35	1076→CD 57
327→CD 43	760→CD 36	1077→CD 58
345→CD 17	801→CD 38	1080→CD 59

1245→CD 61	2356→CD 108	3642→CD 157
1261→CD 90	2410→CD 107	3647→CD 158
1288→CD 126	2465→CD 110	3692→CD 160
1296→CD 63	2541→CD 111	3811→CD 161
1297→CD 64	2547→CD 113	3825→CD 162
1309→CD 66	2563→CD 112	3900→CD 164
1361→CD 67	2571→CD 114	3901→CD 165
1367→CD 68	2584→CD 115	3915→CD 166
1455→CD 70	2588→CD 116	3916→CD 167
1463→CD 71	2612→CD 119	3917→CD 168
1506→CD 72	2613→CD 120	3943→CD 179
1520→CD 73	2614→CD 121	3949→CD 169
1541→CD 75	2638→CD 122	3951→CD 170
1592→CD 76	2765→CD 127	3989→CD 172
1678→CD 77	2809→CD 130	4000→CD 171
1687→CD 78	2835→CD 131	4034→CD 174
1690→CD 79	2934→CD 134	4039→CD 175
1718→CD 101	3021→CD 138	4062→CD 176
1719→CD 128	3042→CD 140	4101→CD 177
1727→CD 80	3101→CD 142	4169→CD 181
1742→CD 69	3230→CD 144	4174→CD 180
1746→CD 82	3356→CD 145	4177→CD 182
1758→CD 86	3381→CD 146	4182→CD 183
1783→CD 87	3421→CD 186	4183→CD 184
1913→CD 94	3450→CD 147	4194→CD 185
1983→CD 95	3460→CD 148	4241→CD 189
2036→CD 96	3461→CD 149	4254→CD 187
2047→CD 97	3465→CD 150	4255→CD 188
2073→CD 98	3484→CD 151	4259→CD 191
2074→CD 99	3490→CD 152	4285→CD 192
2170→CD 102	3510→CD 153	4286→CD 193
2203→CD 103	3563→CD 154	4333→CD 195, 196
2245→CD 105	3564→CD 155	4368→CD 197
2271→CD 106	3619→CD 156	4395→CD 198

4472→CD 199	4859→CD 226	5304→CD 252
4495→CD 201	4864→CD 228	5306→CD 254
4499→CD 200	4904→CD 229	5322→CD 253
4506→CD 202	4911→CD 230	5323→CD 256
4511→CD 203	4925→CD 231	5328→CD 255
4516→CD 204, 205	4946→CD 232	5340→CD 257
4517→CD 206	4947→CD 233	5341→CD 258
4520→CD 239	4950→CD 237	5342→CD 259
4526→CD 211	4955→CD 234	5343→CD 260
4537→CD 208	4962→CD 235	5344→CD 261
4544→CD 210	4975→CD 236	5347→CD 262
4660→CD 213	4982→CD 215	5360→CD 263
4667→CD 214	5024→CD 238	5381→CD 264
4717→CD 216	5099→CD 240	5395→CD 265
4747→CD 219	5162→CD 242	5398→CD 266
4748→CD 220	5189→CD 243	6130→CD 74
4749→CD 221	5190→CD 244	6134→CD 41
4750→CD 222	5242→CD 245	6136→CD 159
4751→CD 223	5263→CD 246	6169→CD 37
4765→CD 217, 218	5266→CD 247	6170→CD 93
4803→CD 224	5276→CD 248	6179→CD 109
4804→CD 225	5299→CD 250	6234→CD 178
4850→CD 227	5302→CD 251	

Fondo Catedralicio, Sección A:

Escrituras I, 10	→CD 190
Escrituras VII, 70	→CD 124
Escrituras VII, 71	→CD 123
Escrituras VII, 72-74	→CD 212
Escrituras VII, 103	→CD 194
Escrituras XXI, 95	→CD 125

Archivo Histórico Nacional de Madrid

Sección de Clero, Ourense, Santa Comba de Naves:

1506/1→CD 1	1506/17→CD 89
1506/2→CD 2	1506/18→CD 91
1506/3→CD 3	1506/19→CD 92
1506/4→CD 4	
1506/5→CD 7	1507/1→CD 117
1506/6→CD 16	1507/2→CD 118
1506/7→CD 18	1507/3→CD 129
1506/8→CD 29	1507/4→CD 132
1506/9→CD 31	1507/5→CD 133
1506/10→CD 100	1507/6→CD 135
1506/11→CD 62	1507/7→CD 136
1506/12→CD 65	1507/8→CD 141
1506/13→CD 83	1507/9→CD 137
1506/14→CD 84	1507/11→CD 143
1506/15→CD 85	1507/13→CD 173

Sección de Sixilografía:

Caixa 4, núm. 10→CD 139
Caixa 15, núm. 9→CD 88
Caixa 18, núm. 4→CD 104

Arquivo Histórico Provincial de Ourense

Sección de Pergamiños, Santa Comba de Naves:

17/1→CD 81
17/2→CD 163

17/3→CD 207

17/4→CD 209

17/5→CD 241

17/6→CD 249

Pergamiños excluídos:

ACO, Fondo Monacal, Santa Comba de Naves, nº 4727.

AHN, Clero, Ourense, Santa Comba de Naves, carp. 1507, nº 12.

AHN, Clero, Ourense, Santa Comba de Naves, carp. 1507, nº 14.

2. ÍNDICE DE DOCUMENTOS

1. (1155, febreiro, 4. Valladolid). *Copia dunha carta en que Afonso VII confirma ao prior Martiño e ao convento de Santa Comba todas as posesións que tiveron en tempo de seu avó Afonso VI.*

2. 1184, novembro, 27. *O abade Paio e o convento de Santa Comba pactan coa descendencia de Aldonza Méndez e Mariña Méndez sobre a herdade de Pazó.*

3. 1185, febreiro, 16. Ciudad Rodrigo. *Fernando II recibe baixo a súa protección o mosteiro de Santa Comba de Naves, exímeo dos tributos reais e delimita o seu couto.*

4. 1187, marzo, 18. Avilés. *Fernando II acouta ao abade Paio, dicto Cordelin, e ao convento de Santa Comba a vila de Astrés e confirmalles o couto de Vilar tal como o estableceu súa avoa a raíña dona Urraca.*

5. 1192. *O abade Paio e o convento de Santa Comba aforan a Paio Pérez un monte en Mende.*

6. 1195, xaneiro. *O prior Fernando e o convento de Santa Comba aforan aos irmáns Martiño Paz de Astrés, Fernando Paz, Lopo Paz, Paio Paz, Mariña Paz e Paio Fernández, e a Paio Paz, Ares Paz e Pedro Paz, os agros de Sartédigos.*

7. 1196, maio, 20. *D. Rodrigo, bispo de Lugo, dá en préstamo durante a súa vida a Paio Muñiz a igrexa de Santo Eusebio e, en troca, este dálle ao bispo a terceira parte de San Martiño de Condes (aínda que a conserva en préstamo durante a súa vida) e a metade da igrexa de Santa María de Filgueira en Deza.*

8. 1196, setembro. *O prior Fernando e o convento de Santa Comba aforan a Pedro Rodríguez e a toda a súa voz un muíño en Castiñeiro.*

9. 1197. *Gonzalo Eanes dá ao prior Fernando Afonso a herdade de Sinagoga, que ten en peñor por cento cincuenta moedas de ouro, a condición de que a poida ter en préstamo durante a súa vida.*

10. 1215, xullo, 9. *O prior Rodrigo e o convento de Santa Comba aforan a García Eanes a ermida de Mundín.*

11. 1216. *O prior Rodrigo Froila e o convento de Santa Comba aforan a Ares Paz, á súa muller María Ares e aos seus fillos Paio Ares e Pedro Ares a ermida de San Xoán de Requeixo.*

12. 1219, novembro, 23. *Pedro Suárez e a súa muller Tareixa Fernández dan ao prior Rodrigo e ao convento de Santa Comba todo canto posúen (o casal de Porta na vila de Alongos e todo o que lles pertence nesa parroquia de San Martiño e nas vilas de Vilariño e Liñares). En troca, estes danlles un casal en Pazos de Bolo de Senda, un casal en Faquín, a ermida de San Mamede de Mundín e o casal de Xuste.*

13. 1221, marzo, 27. *O prior Rodrigo e o convento de Santa Comba aforan a Pedro Escalo, á súa muller Maior Fernández e á súa descendencia un casal en Ribela.*

14. 1221, marzo, 29. *Rodrigo Osórez vende ao prior Rodrigo o seu quiñón da viña de Buxeses por trescentos soldos.*

15. 1227, novembro, 30. *Pedro García e a súa muller Urraca Eanes aforan a Mendo Fernández e á súa muller Fadas Boas as propiedades que teñen en Randimir.*

16. 1229, setembro, 12. Ribadavia. *Afonso IX exime ao mosteiro de Santa Comba de pagar xantar e prestar labores a quen teña o castelo de Alba de Búbal.*

17. 1230, abril, 28. *D. Lourenzo, bispo de Ourense, recibe do prior Pedro Núñez e do convento de Santa Comba todas as posesións destes na vila de Canedo, en troca*

dun casal en Outariz, outro en Penouzos, en Bobadela, e outro en Amoeiro de Xusao, así como todo o que posúe a igrexa de Canedo en Outariz.

18. 1231, xuño, 10. *D. Martiño, bispo de Lugo, e o seu cabido aforan a Martiño Eanes e á súa muller María Ares para sempre a leira de Valado do casal de Tras do Río na parroquia de Santo Eusebio.*

19. 1232, xuño, 10. *Ourense. Os irmáns Pedro Martís de Canedo e Paio Martís, por eles e por seus sobriños, venden a Pedro García e á súa muller Urraca Eanes unha leira no Outeiro de Abeleda na parroquia de Santo André do Castro.*

20. 1234, decembro, 6. *O prior Vasco Fernández e o convento de Santa Comba aforan a Martiño Pérez de San Tomé e á súa muller María Eanes unha viña en Mende e un lugar en San Tomé.*

21. 1237, novembro, 13. *Ourense. Fernando Paz e a súa muller Maior Martís aforan a Paio Fernández e á súa muller Mariña Fernández canta herdade teñen na vila de Astrés.*

22. 1238, maio, 27. *O prior Vasco Fernández e o convento de Santa Comba quitan a Pedro Eanes de Vilar e á súa muller Lupa Ares de toda partición do casal de Vilar no que moran.*

23. 1239, agosto, 27. *O prior Vasco Fernández e o convento de Santa Comba aforan a Xoán Ares e á súa muller Mariña Fernández a herdade de Freixendo.*

24. (1245, abril, 17). *Traslado dunha carta en que Gonzalo Eanes e o prior Vasco Fernández, en nome do mosteiro de Santa Comba, chegan a acordo sobre unha disputa que tiñan por uns casais en Fontefría e Mandrás.*

25. 1249, decembro, 8. *O prior Vasco e o convento de Santa Comba aforan a Domingos Díaz e a Pedro Eanes, dito Colazo, o lugar de Carreiral na vila de Untes, tres leiras en Barreda, outra leira en Cebeira e a viña de Escoriscada.*

26. 1250, xaneiro, 11. *O prior Vasco e o convento de Santa Comba aforan a Pedro Pérez, á súa muller Eufemia Pérez e a Maior Martís o lugar de Cacabelos en Untes.*

27. 1250, febreiro, 27. *O prior Vasco e o convento de Santa Comba aforan a Pedro Ares e á súa muller María Pérez e a Martiño Ares e á súa muller Maior Muñiz a leira de Medelas.*

28. 1251, xaneiro, 31. *O prior Vasco e o convento de Santa Comba aforan a Pedro Martís e á súa muller Urraca Pérez e a Pedro Tomé e á súa muller María Pérez a herdade de Penalonga.*

29. 1253, setembro, 14. *O prior Xacobe e o convento de Santa Comba chegan a avinza con María Pérez, abadesa do mosteiro de Bóveda, e o seu convento sobre a propiedade dunha herdade en Soutopape, en Paradela, despois da pescuda realizada por D. Pedro e Pedro Rodríguez, pescudadores do rei na diocese de Ourense.*

30. 1255. *O prior Xacobe e o convento de Santa Comba aforan a Miguel Vivián, á súa muller María Miguez e a toda a súa voz un terreo na Costa.*

31. 1255, xaneiro, 4. *Igrexa de San Pedro de Cudeiro. O xuíz Oveco Luz sentencia a favor do prior e do convento de Santa Comba a contenda con Xoán Fernández de Val de Grou sobre a loitosa de María Fernández de Barro.*

32. 1255, xaneiro, 19. *O prior Xacobe e o convento de Santa Comba aforan a Pedro Martís, á súa muller Mariña Martís e a todos os seus sucesores unha leira en Outariz.*

33. 1255, maio, 17. *As irmás María e Mariña Eanes venden ao prior Xacobe e ao convento de Santa Comba canta herdade teñen en Palmés (?).*

34. 1255, xullo, 26. *O prior Xacobe e o convento de Santa Comba aforan a Pedro Eanes, dito Colazo, á súa muller Elvira Eanes e a toda a súa voz un lugar en Souto de Palmés.*

35. 1257, febreiro, 11. *Xil Pérez vende ao prior Domingos Martís e ao convento de Santa Comba os casais de Rúa Cega, Puitelle e Niño de Can en Louredo.*

36. 1257, abril, 29. *O prior Xacobe e o convento de Santa Comba aforan a Martiño Pérez, a seu irmán Estevo Pérez, á muller deste, María Fernández, e a toda a súa descendencia unha herdade en Val de Lamas, en Fontefría.*

37. [1253-1258]. *María Pérez, coa súa irmá Maior Pérez, vende ao prior Xacobe e ao convento de Santa Comba a metade dun casal en Sinagoga.*

38. 1258, maio 28. *Varios outorgantes venden ao prior Xacobe e ao convento de Santa Comba toda a súa herdade no lugar de Outeiro de Abeleda, na parroquia de Santo André de Castro.*

39. ([1258, maio, 28]). *Copia dunha carta en que o cabaleiro Xoán Ares fai un emprazamento co prior Xacobe e co convento de Santa Comba polo que o mosteiro lle dá a Xoán Ares cincuenta marabedís en troca de diversas propiedades nas parroquias de Santo André de Castro (unha herdade en Outeiro de Abeleda, parte dos casais de Outeiro de Abeledo, de Vilariño e de Abeleira), de San Martiño de Alongos (sexta parte do casal de Quintás) e de Santa María de Louredo (casares de Outeiro, Arrabal e Arrabal de Cima). Ademais, o prior e o convento danlle un casal en Freixedo, cen soldos no casar de Pazos e douscentos no de Sas, na parroquia de Santa Baia de Beiro, polo tempo da súa vida.*

40. 1258, xuño, 7. *Xoán Pérez e a súa muller María Sánchez venden ao prior Xacobe e ao convento de Santa Comba dúas leiras de herdade en Santo André do Castro.*

41. [1253-1258], xuño, 9. *O prior Xacobe e o convento de Santa Comba aforan a Munio Pérez, á súa muller Urraca Pérez e a toda a súa voz as leiras de Páramo e de Castelo.*

42. 1258, xullo, 14. *Urraca Pérez e Sancha Pérez venden ao prior Xacobe e ao convento de Santa Comba a metade do casal de Sinagoga.*

43. 1259, febreiro, 13. *Pedro García e a súa muller Urraca Eanes aforan a Pedro García e á súa muller Marta Pérez toda a herdade e monte que teñen en Larelle.*

44. 1259, febreiro, 22. *Acenda Paz de Canedo vende a Sancha Ares de Canedo toda a herdade que ten de foro en Castrobó.*

45. 1265, abril, 2. *Diego Pérez de Vilar e a súa muller María Estévez venden a Pedro Pérez de Eiroás e á súa muller María Vázquez unha casa en Vilar de Astrés e cinco castiñeiros en Peiceira.*

46. 1265, novembro, 12. *Sancha Rodríguez vende a Xil Pérez a terceira parte da metade dun casal en Santo Estevo de Untes.*

47. 1266, marzo, 10. *O prior Xoán Martís e o convento de Santa Comba aforan a Domingos Eanes, á súa muller Mariña Eanes e á súa descendencia as posesións que teñen en Queima Sapos.*

48. 1266, maio, 23. *Gonzalo Eanes de Nóvoa, xunto coa súa muller María Fernández renuncian por eles e polas súas voces á herdade de Rouzós, que está en Agrobó e en Covelas, en favor da descendencia de Sancha Eanes.*

49. 1266, agosto, 4. *Xil Pérez vende a Domingos Martís, en nome do convento de Santa Comba, a sexta parte do casal que Rodrigo Díaz, pai de Sancha Rodríguez, tiña en Santo Estevo de Untes.*

50. 1267, abril, 15. *O prior Xoán Martís e o convento de Santa Comba aforan a Pedro Pérez e á súa descendencia a leira de Cerdeira e a herdade que este lle comprou ao clérigo Pedro Eanes.*

51. 1267, abril, 19. *Mariña Díaz, dita Cadea, renuncia en favor do mosteiro de Santa Comba sobre o dereito e propiedade do casal de Minforte en Untes.*

52. 1268, maio, 30. *O prior Xoán Martís e o convento de Santa Comba aforan a Xoán Eanes, dito Cansada, á súa muller Sancha Pérez, aos seus fillos e á descendencia destes un monte na vila de Untes.*

53. 1269, febreiro, 12. *O prior [Xoán Martís] e o convento de Santa Comba aforan a Pedro Ares e á súa muller María [...], e a Xóan Pérez e á súa muller Maior Martís, e á súa descendencia un soar en Palmés.*

54. 1269, febreiro, 13. *O prior Xoán Martís e o convento de Santa Comba aforan a Sebastián Eanes a novena parte do casal de Sa e un terreo en Fondo de Soutelo.*

55. 1269, xullo, 1. *O prior Xoán e o convento de Santa Comba aforan a Martiño Paz e a seu irmán Domingos Paz, e ás súas mulleres Mariña Fernández e Serra Pérez, e á súa descendencia un soar na vila de Palmés.*

56. 1270, marzo, 26. *O prior Xoán Martís e o convento de Santa Comba aforan a Pedro Estévez de Costa de Monte e a un fillo seu o casal de Mandrás.*

57. 1272, xuño, 25. *O prior Xoán Martís e o convento de Santa Comba dan a Pedro Eanes, dito Tenreiro, e á súa muller Guillerma García tres moios de pan e dezaseis soldos de afonsís cada ano durante a súa vida, en troca de tanta herdade teñen estes en Rouzós.*

58. *Igual có anterior.*

59. 1272, agosto, 24. *O prior Xoán Martís e o convento de Santa Comba dan a Fernando Fernández e á súa muller Constanza López tres moios de pan no lugar de Meá, na freguesía de Santo André de Castro, e vinte soldos de afonsís cada ano durante a súa vida; en troca, o convento recibe tanta herdade teñen estes na vila de Rouzós.*

60. 1276, abril, 13. *O prior Afonso e o convento de Santa Comba fan un aforamento a Xoán Pérez e á súa muller na Retorta.*

61. 1276, xullo, 9. *O prior Afonso Pérez e o convento de Santa Comba aforan a Martiño Paz, á súa muller Mariña Fernández de Barro e aos seus fillos unha herdade que foi de Xoán Miguez en Untes.*

62. 1278, xullo, 10. San Cibrao (1278, xuño, 8. Segovia / 1278, xullo, 8. A Rocha Forte). *Os porteiros Pedro Martís e Fernando López entregan ao prior Afonso Pérez e ao mosteiro de Santa Comba o lugar de San Cibrao e o couto de Mende, en virtude de dúas cartas do rei Afonso X e de Estevo Fernández, meiriño maior en Galicia, respectivamente. Inclúense ambas as cartas.*

63. 1279, xaneiro, 14. *O prior Afonso Pérez e o convento de Santa Comba aforan a Domingos Díaz, á súa muller Sancha Ares e a dúas voces unha herdade na Chaira e o val que está entre Castro de Golpe e Outeiro de Gato.*

64. *Igual có anterior.*

65. 1279, abril, [23] e 24; luns (1279, abril,18). *Os frades de Santa Comba Xoán Pérez e Pedro Eanes, nun primeiro momento, e despois o prior Afonso pidenlle a Xoán Arias de Noelle, pescudador no bispado de Ourense, que lles entregue a pescuda que fixo con Xoán Suárez sobre os privilexios quebrantados de Santa Comba para enviarlla ao rei. Xoán Arias négase a entregala sen que estea presente ou envíe o seu selo o pescudador Xoán Suárez. Inclúese unha carta en que este insta a Xoán Arias a entregar a pescuda.*

66. 1279, agosto, 1. *Guillerma García dá ao mosteiro de Santa Comba canto herdamento ten en Vilariño e en Forno Telleiro.*

67. 1282, agosto, 23. *Domingos Díaz, coa súa muller Sancha Ares, venden ao prior Afonso Pérez e ao convento de Santa Comba todo canto posúen.*

68. 1282, decembro, 1. *Nuno González de Nóvoa entrega ao prior e ao mosteiro de Santa Comba un casal en Rouzós que dera a ese mosteiro seu pai Gonzalo Eanes (cf. doc. 24 da CD), e as leiras das Mámoas, do Carballo e do Muíño e un herdamento na vila de Fontefría.*

69. 1286, marzo, 1. *Os irmáns Dominga, Sancha, Domingos, Maior e María Pérez e súa nai Dominga Pérez doan a Xoán Pérez todo o herdamento que teñen aforado do mosteiro de Santa Comba de Naves na Medoña, en Santo Estevo de Untes.*

70. 1287, setembro, 1. *Xoán Paz de Tarascón renuncia en favor do prior e o convento de Santa Comba a todos os dereitos que ten nunha herdade de Tarascón.*

71. 1287, novembro, 6. *O prior Afonso Pérez e o convento de Santa Comba aforan a Fernán García de Barrio, á súa muller Mariña Pérez e á súa descendencia un herdamento en Paramios. Fernán García, pola súa parte, renuncia en favor do mosteiro a calquera dereito sobre un herdamento de Barro.*

72. 1289, maio, 22. Ourense. *Rodrigo Vázquez vende ao prior Fernando Méndez e aos seus sucesores a metade dos casares e herdamentos que ten con seu irmán Pedro Vázquez nos lugares de Loureiro e Campelo na freguesía de San Cibrao de Rouzós.*

73. 1289, setembro, 15. *O prior Fernando Méndez e o convento de Santa Comba aforan a Lourenzo Ianes, á súa muller María Aras e a un fillo ou filla deles a Casa do Puzo en San Martiño de Alongos.*

74. 1290, [...]. Ourense. *María Domínguez de Canedo, por ela e por súa irmá Eufemia Domínguez, e seu irmán [...] Domínguez e as irmás Mariña Franca e María Pequena venden a [...] Ares de Naves toda a voz e herdade que teñen en Castrobó, na freguesía de Canedo.*

75. 1290, xullo, 22. *O prior Fernando Méndez e o convento de Santa Comba acordan con Martiño Martís e coa súa muller Tareixa Fernández que estes teñan o casar de Sinagoga durante a súa vida e, en troca, o mosteiro recibe todo o herdamento que aqueles teñen no Bolo, freguesía de Santa María de Louredo.*

76. 1293, outubro, 22. Ourense. *O xuíz Gonzalo Pérez sentencia sobre a propiedade dunha seara do lugar da Retorta, freguesía de Santo Estevo de Untes, a favor de Xoán Eanes, reitor da igrexa de Toén, e contra súa nai María López.*

77. 1297, decembro, 12. *O prior Xoán Pérez e o convento de Santa Comba aforan a Domingos Pérez, dito León, e á súa muller todo o herdamento que teñen no lugar das Nogueiras en Freixendo, freguesía de San Martiño de Alongos.*

78. 1298, marzo, 11. Ourense. *Estevo Pérez de Vigo, arcediogo de Ourense, vende ao prior Xoán Pérez, en nome do mosteiro de Santa Comba, a herdade que ten de parte de súa nai no lugar de Outariz.*

79. 1298, maio, 20. Ourense. *Os irmáns Xoán, Miguel e María Martís cambian a Xoán Eanes e á súa muller Constanza Eanes, polo tempo da súa vida, un celeiro en Palmés pola parte das casas e herdamentos que estes teñen en Ponte Mandrás.*

80. 1300, febreiro, 13. Ourense. *Urraca Fernández, con outorgamento do seu marido Afonso Pérez, vende ao prior Xoán Pérez, en nome do mosteiro de Santa Comba de Naves, todos os foros e dereituras que ten no lugar de Sas, da freguesía de Santa Baia de Beiro.*

81. 1302, marzo, 22. Igrexa de Palmés. *Maior Aras manda ao mosteiro de Santa Comba de Naves a sexta parte do casar do Outeiro en Astrés e a sexta parte da herdade da Garduñeira, do Bouzo e de Cova de Lobo.*

82. 1302, abril, 29. *Fernando Eanes de Garabás, a petición do prior Xoán Pérez e do convento de Santa Comba e por medio dos testemuños recollidos polo notario Lourenzo Rodríguez, informa ao rei Fernando IV sobre os danos que sufriron o mosteiro e os seus coutos durante as guerras que seguiron á morte de seu pai Sancho IV.*

83. [1302], xullo, 8. Burgos. *Fernando IV confirma ao prior e ao convento de Santa Comba un privilexio outorgado por Sancho IV polo que exime aos oficiais do mosteiro e das súas granxas de pagar tributos. Ademais establece que serán dez os oficiais exentos do pagamento.*

84. (1302, xullo, 8. Burgos / 1155, febreiro, 4. Valladolid). *Copia dun privilexio en que Fernando IV confirma ao prior e ao convento de Santa Comba de Naves o privilexio que lles outorgara Afonso VII (doc. 1 da CD), polo que este, pola súa vez, lles confirma todas as posesións que tiveron en tempos do rei Afonso VI.*

85. 1302, xullo, 10. Burgos (1188, xuño, 1. Salamanca). *Fernando IV confirma ao prior e ao mosteiro de Santa Comba de Naves o privilexio que lles outorgara Afonso IX, polo que os acolle baixo a súa protección e lles confirma todas as súas posesións.*

86. 1303. *Elvira Pérez chega a avinza co prior Xoán Pérez e o convento de Santa Comba sobre a contenda que tiñan por dous casares na vila do Gabián.*

87. (1304, novembro, 16. Ourense). *Fernando Domínguez de Astrés dá ao mosteiro de Santa Comba de Naves, en esmolna en remijmento de meus pecados, a metade da cortiña de Pedraza e a sexta parte de varios castiñeiros.*

88. 1305, maio, 28. Medina del Campo. *Fernando IV, a petición de Xoán Pérez, prior de Santa Comba, confirma ao mosteiro a exención de pagar axuda, pedido e servizo.*

89. 1306, setembro, 30. Santiago. *Diego García, adiantado maior de Galicia, informa a Gonzalo Núñez de Castrelo, meiriño en Orcellón, Búbal e Castela, de que non debe demandar xantar nin servizo ao prior e ao convento de Santa Comba.*

90. 1307, marzo, 6. *Xoán García de Amarante vende ao prior Xoán Pérez e ao convento de Santa Comba a metade de todo o que herdou de Fernando García no Bolo e en Liñares.*

91. 1308, setembro, 30 (1308, marzo, 19). *Traslado dunha carta en que María Fernández, ama da raíña dona María e da súa filla dona Isabel, deixa ao electo e ao cabido da igrexa de Lugo o que tiña deles no couto de Santo Eusebio.*

92. 1309, agosto, 22. Lugo. *O bispo frei Xoán e o cabido da igrexa de Lugo dan a Fernando Ioanes de Leira e a súa muller dona Maior Pérez, durante a súa vida, o celeiro que teñen en Santo Eusebio, as rendas da igrexa dese lugar e o casal de Albán. En troca, estes danlles para sempre a terceira parte do couto de Santo Eusebio e un casal en Vilamarín.*

93. [1297-1312]. Ourense. *María García do Bolo de Senda, presente e outorgante o seu marido Xoán Aras, vende ao prior Xoán Pérez e ao convento de Santa Comba todo o herdamento que foi de súa nai Maior Pérez e que lle ficou de seus irmáns Pedro Eanes e Xoán García nos lugares do Bolo e de Liñares, na parroquia de Santa María de Louredo.*

94. 1312, agosto, 27. *O prior Xoán Pérez e o convento de Santa Comba dan a Gonzalo Gutiérrez o casar do Bolo en troca do casar de Sinagoga, que este ten do mosteiro.*

95. 1318, xaneiro, 3. Ourense. *Pedro Martís, dito Escudeiro, herdeiro e testamenteiro de don Rodrigo, bispo de Ourense, vende ao prior Gonzalo Pérez e ao convento de Santa Comba as propiedades que o bispo tiña na freguesía de Santa Baia de Beiro.*

96. 1322, abril, 28. Ourense. *María Anes vende ao prior Gonzalo Pérez e ao convento de Santa Comba unha leira de viña en Outariz.*

97. 1323. *O prior Gonzalo Pérez e o convento de Santa Comba aforan a García Gutiérrez o casar de Freixedo en Outeiro de Abeleda.*

98. 1324, xuño, 11. *Os irmáns Gonzalo e García Núñez chegan a avinza co prior Gonzalo Pérez e o convento de Santa Comba sobre os emprazamentos e vendas realizados polos pais dos primeiros co mosteiro.*

99. *Igual có anterior.*

100. 1325, novembro, 12. Ourense (1255, marzo, 28. Sahagún / 1231, febreiro, 15. Ciudad Rodrigo / 1229, setembro, 12. Ribadavia). *Traslado dun privilexio en que Afonso X confirma ao mosteiro de Santa Comba de Naves un privilexio outorgado por Afonso IX (doc. 16 da CD) e confirmado por Fernando III, polo que se exime ao mosteiro de pagar xantar e prestar labores a quen teña o castelo de Alba de Búbal.*

101. 1330, abril, 7. *O prior Gonzalo Pérez e o convento de Santa Comba chegan a avinza con Gómez Pérez do Bolo sobre a contenda que tiñan por propiedades en Santo André de Freixedo e no Bolo.*

102. 1330, abril, [7]. *O prior [Gonzalo Pérez] e o convento de Santa Comba chegan a avinza con Gómez Pérez [do Bolo] sobre a contenda que tiñan por propiedades en Santo André de Freixedo e no Bolo.*

103. 1332, xaneiro, 4. Ourense (1332, xaneiro, 4). *O prior Vivián Pérez e o monxe Xoán Pérez, en nome do convento de Santa Comba por unha procuración que se inclúe no documento, fan un emprazamento con Xoán Pérez de Nóvoa e coa súa muller dona Maior polo que estes reciben un casar en Amoeiro de Xusao en Santa Mariña de Fontefría, o casar da Rigueira en San Martiño de Cornoces, dous casares e un foro en Rouzós, e dous moios de centeo cada ano polos casares da mesa do prior que están en San Xiao e en Fontefría. Pola súa parte, Xoán Pérez e a súa muller dan ao mosteiro de Santa Comba o casar de Pousada en Fontefría.*

104. 1332, decembro, 17. Valladolid (1308, xuño, 30. Burgos / 1305, maio, 15. Medina del Campo). *Afonso XI confirma dúas cartas de Fernando IV polas que se exime ao mosteiro de Santa Comba de Naves do pagamento de xantar.*

105. 1333, marzo, 19; venres. *O prior Vivián Pérez e o convento de Santa Comba confirman a Rodrigo Fernández e Fernando Fernández, Rrugees, a renda que lles fixo o prior Gonzalo Pérez, o seu antecesor, polo casar de Ribela.*

106. 1333, novembro, 29. *O prior Vivián Pérez e o convento de Santa Comba aforan a Afonso Pérez do Campo, á súa muller Aldonza Núñez e a un fillo seu ou filla os casares de Naves e as casas telladas e as castañas do Rego.*

107. 1334, xaneiro, 15. *O prior Vivián Pérez e o convento de Santa Comba aforan a Fernando Núñez, á súa muller Constanza Fernández e ao seu fillo Fernando Topete dous casares en Sinagoga.*

108. 1339, xaneiro, 6. *O prior Vivián Pérez e o convento de Santa Comba aforan a Mariña Martís e a dúas voces unha leira de viña no lugar de Cacabelos.*

109. [1332-1342]. *O prior Vivián Pérez e o convento de Santa Comba aforan a Afonso Eanes a viña de Cacabelos.*

110. 1344, novembro, 21. Ourense. *Tareixa Eanes, con outorgamento do seu marido Gómez Lourenzo, vende a Gonzalo Pérez do Mato, notario de Ourense, o lugar e pousa de Mende.*

111. 1347, decembro, 7. *O prior Gonzalo Pérez e o convento de Santa Comba chegan a avinza con Rodrigo Fernández Rrugel sobre a renda que este debía pagar pola metade do casal do Pazo en San Xillao de Ribela.*

112. 1349, febreiro, 6 (?). *O prior Xoán Pérez de Vilariño e o convento de Santa Comba aforan a Sebastián Rodríguez, noso home, e a dúas voces as propiedades que agora ten aforadas do mosteiro María Pérez, dita Ra, e ademais unha leira de viña en Soutelo, un celeiro en Palmés que se chama A Adega Vella e o foro de María Anes en Palmés.*

113. 1349, febreiro, 11. *O prior Xoán Pérez de Vilariño e o convento de Santa Comba aforan a Gómez Pérez e a dúas voces o casal do Souto en Vilariño, na parroquia de Santo André do Castro.*

114. 1349, outubro, 7. *O prior Estevo González e o convento de Santa Comba aforan a Maior Eanes e a toda a súa voz a terceira parte da viña e dun lagar do Chao de Untes.*

115. 1350, maio, 22. *O prior Estevo González e o convento de Santa Comba aforan a Maior Eanes, yrmaa de Lopo Anes, nosso monge, e a catro voces dous casais que se chaman ambos de Pousada e o casal de Cachomane.*

116. 1350, novembro, 13. *O prior Estevo González e o convento de Santa Comba aforan a Francisco Anes, á súa muller Tareixa Fernández e a unha voz un casar no Gabián, nas parroquias de Santa Baia de Longos e San Martiño de Lamas.*

117. [1351] (1332, decembro, 17. Valladolid / 1308, xuño, 30. Burgos / 1305, maio, 15. Medina del Campo). *Pedro I confirma ao mosteiro de Santa Comba unha carta outorgada por Afonso XI (doc. 104 da CD), a cal pola súa vez confirma outras dúas de Fernando IV, pola que o exime do pagamento de xantar.*

118. 1352, abril, 25. Ourense. *Beltrán Beltránez, licenciado en leis e vigairo xeral de D. Xoán, bispo de Ourense, á vista dun documento de intercambio (cf. doc. 17 da CD) que lle mostra Estevo González, prior de Santa Comba de Naves, outorgado por D. Lourenzo, bispo de Ourense, e por Pedro Moniz, prior de Santa Comba, declara que o prior deste mosteiro debe traer un barco nas pescarías do Miño e que os rendeiros e recadadores do bispo non lle embarguen nada do que pesque.*

119. 1352, maio, 3. *O prior Estevo González e o convento de Santa Comba aforan a Aldonza Anes e a toda a súa voz a leira de viña do Baño en Mende.*

120. 1352, maio, 5. *O prior Estevo González e o convento de Santa Comba aforan a Gonzalo Pérez do Mato, á súa muller María Anes e a toda a súa voz para sempre a quinta parte dos froitos dunha leira de viña que está no lugar das Quintas, en Mende.*

121. 1352, maio, 5. *O prior Estevo González e o convento de Santa Comba eximen a Gonzalo Pérez do Mato e á súa muller María Anes do pagamento dun puzal de viño pola viña das Quintas, en Mende, e dun cuarteiro de pan por un casal en Fontefría.*

122. 1354, xaneiro, 4. *O prior Estevo González e o convento de Santa Comba aforan a Fernando Anes, á súa muller Maior Pérez e a dúas voces o foro do Reboreda.*

123. 1354, febreiro, 26; [mércores] / marzo, 3; luns / marzo, 4; martes / marzo, 8; sábado / marzo, 11; martes / marzo, 13; xoves / marzo, 17; luns / abril, 20 / abril, 21; [luns]. Ourense (1352, outubro, 15. A Gradeira / 1354, febreiro, 20. Ourense / 1302, xullo, 8. Burgos / 1155, febreiro, 4. Valladolid / 1353, maio, 10. Ourense / 1265, marzo, 29 / 1344, novembro, 21. Ourense / 1354 marzo, 10. Ourense). *Xoán González, tesoureiro e vigairo xeral de D. Xoán, bispo de Ourense, sentencian a favor de Gonzalo Pérez do Mato sobre o señorío do lugar de Mende e contra as pretensións do bispo D. Xoán como prestameiro do couto de Ceboliño e de Lamela. Confirma a sentença Beltrán Beltránez, arcediago de Baroncelle e vigairo xeral do bispo. Inclúe os seguintes documentos: unha carta de procuración do bispo D. Xoán en favor do avogado Fernando Anes e de Lourenzo Anes, dito Mercador; un testemuño no que, a petición de Gonzalo Pérez do Mato, D. Xoán, bispo de Ourense, nomea xuíz a Xoán González, tesoureiro da igrexa de Ourense e vigairo xeral do bispo; unha confirmación de Fernando IV (doc. 84 da CD) dun privilexio de Afonso VII (doc. 1 da CD) outorgado ao mosteiro de Santa Comba de Naves; un traslado dun foro de Xoán Martís, prior de Santa Comba de Naves, a Estevo Paz das propiedades que ten do mosteiro en Mende; unha venda de Tareixa Anes a Gonzalo Pérez do Mato do lugar e pousa de Mende (doc. 110 da CD); un albará do tesoureiro e vigairo xeral Xoán González polo que empraza como testemuñas do preito, a petición de Gonzalo Pérez do Mato, a Pedro Anes, dito Copiño, ao muiñeiro Xoán Sanín e a Martiño Peirón.*

124. 1354, marzo, 17; luns / abril, 20 / abril, 21; [luns]. Ourense. *Xoán González, tesoureiro e vigairo xeral de D. Xoán, bispo de Ourense, sentencian a favor de Gonzalo Pérez do Mato sobre o señorío do lugar de Mende e contra as pretensións do bispo D. Xoán como prestameiro do couto de Ceboliño e de Lamela. Confirma a sentença Beltrán Beltránez, arcediago de Baroncelle e vigairo xeral do bispo.*

125. 1357, maio 27. Ourense. *D. Xoán, bispo de Ourense, confirma un aforamento feito polo prior e o convento de Santa Comba de Naves ao cóengo Afonso Pérez de Santa Mariña sobre unhas herdades en Casteadona.*

126. 1358, xullo, 12. *O prior Vasco Rodríguez e o convento de Santa Comba aforan a Fernando Fernández, dito Rrugel, á súa muller Constanza Ares e a unha voz o casal do Pazo en Ribela.*

127. 1361, marzo, 20. *O prior Afonso Pérez e o convento de Santa Comba aforan para sempre a Maior Eanes, Diego López, Domingos López e Álvaro López, irmáns e criados de Lopo Eanes, monxe de Celanova, e fillos de Maior Domínguez, o lugar de Cacabelos en Santo Estevo de Untes.*

128. 1362, abril, 14. *O prior Afonso Pérez e o convento de Santa Comba aforan a Xoán Pérez, á súa muller Tareixa Afonso e a tres voces o casar do Carril en San Mamede de Palmés, a herdade das Bouzas e a leira do Bouzo en Santo Estevo de Untes.*

129. 1363, maio, [...]. Ourense. *Gonzalo Tato propón a Rodrigo Lourenzo que arrende as propiedades que herdou Gómez Anes (?), sobriño de Gonzalo Tato e fillo de Xoán Miguez da Silva, e que sobre ese arrendamento lle faga un préstamo para pagar parte das débedas que deixou Xoán Miguez. Rodrigo Lourenzo acepta e Gonzalo Tato faille unha carta de renda sobre esas herdades.*

130. 1364, xaneiro, 15. *O prior Afonso Pérez e o convento de Santa Comba aforan a Gómez Eanes, á súa muller Eufemia (?) Estévez (?) e a tres voces o casar do Gabián en San Martiño de Lamas e Santa Baia de Longos.*

131. 1365, decembro, 14. Ourense. *María Pérez vende a Gonzalo Pérez do Mato, á súa muller María Anes e a todas as súas voces o casal de Cachomane en Fontefría.*

132. 1371. Toro (1332, decembro, 17. Valladolid / 1308, xuño, 30. Burgos / 1305, maio, 15. Medina del Campo). *Henrique II confirma ao mosteiro de Santa Comba unha carta outorgada en Valladolid por Afonso XI o 17 de decembro de 1332 (doc. 104 da CD), a cal pola súa vez confirma outras dúas de Fernando IV, pola que o exime do pagamento de xantar.*

133. 1374, abril, 25. Mosteiro de Celanova (1374, marzo, 4. Lugo). *Frei Afonso Pérez, electo confirmado do mosteiro de Celanova, o prior claustral e o convento dese mosteiro intercambian con Lourenzo Pérez, procurador do bispo e do cabido da catedral de Lugo, todas as propiedades que ten o mosteiro en terra de Lemos, Sardiñeira e Saviñao por todas as propiedades que o bispo e o cabido de Lugo teñen en Santo Eusebio. Inclúese a carta de procuración de Lourenzo Pérez.*

134. 1375, xaneiro, 13. Mosteiro de Celanova. *Lopo Anes, prior claustral do mosteiro de Celanova, con outorgamento de Xoán Pérez de Paradela, prior de Santa Comba, fai avinza con Afonso Martís de Vilerma sobre unha leira de herdade chamada A Cortiña do Candó, que está no lugar de Cacabelos da parroquia de Santo Estevo de Untes.*

135. 1376, marzo, 6. Ourense. *García Rodríguez, deán da igrexa de Ourense e vigairo xeral do bispado, á vista dunha sentenza favorable a Gonzalo Pérez do Mato (cf. docs. 123 e 124 da CD), sentencia a favor de Estevo Lourenzo, procurador da súa muller Maior Pérez, filla de Gonzalo Pérez do Mato, e contra Martiño Anes, dito Peirón, xuíz do couto de Ceboliño, de señorío episcopal, sobre o señorío do lugar de Mende.*

136. 1379, setembro, 12; luns. Ourense (1379, agosto, 11. Burgos). *Perante Pedro Díaz de Cadórniga, adiantado en Galicia en lugar de Pedro Ruiz Sarmento, adiantado maior do reino de Galicia, Xil Pérez, prior do mosteiro de Santa Comba de Naves, presenta e fai ler unha carta do rei Xoán I na que este confirma ao mosteiro os foros, privilexios, mercés e doazóns concedidos polos seus antecesores. Á vista da carta, o adiantado manda a Lopo Martís Biscaíño, alcaide da ponte de Ourense e comendeiro do mosteiro de Santa Comba, que a faga cumprir.*

137. 1380, setembro, 15. Soria (1302, xullo, 8. Burgos). *Xoán I confirma ao prior e ao mosteiro de Santa Comba de Naves unha carta de Fernando IV (doc. 83 da CD) na que, pola súa vez, confirma un privilexio outorgado por Sancho IV no que exime aos oficiais do mosteiro e das súas granxas de pagar tributos.*

138. 1380, decembro, 23. Ourense. *Pedro Álvarez afora a Afonso Rodríguez e a catro voces dúas leiras de viña no lugar do Sartal en San Martiño de Alongos, unha leira de herdade no Espiñal, dúas leiras de herdade no Ferradal, unha leira no Barreiro e a leira da Corredoira.*

139. 1380, decembro, 28. Medina del Campo. *Xoán I, por unha queixa presentada contra eles por Xil Pérez, prior de Santa Comba, ordena a Pedro Ruiz Sarmento, adiantado maior en Galicia, e a Xoán Pérez de Nóvoa que abandonen as*

encomendas que indebidamente teñen do mosteiro e que non esixan ningún servizo aos seus monxes e vasalos.

140. 1383, febreiro, 19; xoves. *O prior Xil Pérez e o convento de Santa Comba aforan a Gómez Lourenzo, á súa muller Tareixa Fernández e a catro voces os lugares da Pía e de Freixendo e o foro da Casa do Puzo en San Martiño de Alongos.*

141. 1386, xaneiro, 26 (1380, setembro, 15. Soria / 1302, xullo, 8. Burgos). *Traslado dunha carta en que Xoán I confirma ao prior e ao mosteiro de Santa Comba de Naves unha carta de Fernando IV (doc. 83 da CD) na que, pola súa vez, confirma un privilexio outorgado por Sancho IV no que exime a dez dos oficiais do mosteiro e das súas granxas de pagar tributos.*

142. 1390, decembro, 10. Ourense (1351, xullo, 15). *Traslado dunha carta en que o prior Estevo González e o convento de Santa Comba reciben por foreiros a Gonzalo Pérez do Mato, á súa muller María Eanes e a unha voz, por diversas propiedades en Santa Mariña de Fontefría que estes compraron a Maior Anes, a cal as tiña aforadas do mosteiro.*

143. 1391, agosto, 20. Mosteiro de Celanova. *Xoán López, abade do mosteiro de Celanova, arrenda a Rodrigo López de Sober as dúas terceiras partes do couto de Santo Eusebio ata que este recupere o diñeiro que lle emprestou ao abade García Fernández.*

144. 1399, marzo, 23. Ourense. *Martiño de Albán e súa irmá Tareixa de Albán aforan a Lourenzo Pérez, á súa muller Tareixa González e a todas as súas voces catro leiras de viña en Tarascón.*

145. 1405, febreiro, 8. *O prior Afonso Gómez e o convento de Santa Comba aforan a Afonso Castelao, ao seu fillo Xoán Castelao e a todas as súas voces o monte do Rodeiro en San Tomé, o monte dos Naballos, o Outeiriño co seu amieiral e uns pardiñeiros que fican alén dese Outeiriño.*

146. 1406, febreiro, 4. *O prior Afonso Gómez afora a Lourenzo Gómez, á súa muller María Anes e a tres voces unha leira de herdade e viña da vestiaría en Untes.*

147. 1410, marzo, 30; domingo. *Gómez Pérez, criado de Xil Pérez, prior que foi do mosteiro de Santa Comba de Naves, dimite ao prior Gonzalo Estévez e ao mosteiro de Santa Comba as propiedades que deles tiña aforadas en diversos lugares (un casar en Fontefría, dous casares en San Xiao, o casal da igrexa de Palmés, o casal do Burgo, os casares das Penelas que foron de Sebastián Rodríguez, e Agrosanín, Forno Telleiro e A Reguenga, e unha casa), agás os lugares da Lama e de Ventosa, o bacelo de Outariz, unha viña en Untes e un pardiño.*

148. 1410, abril, 14. Ribeiro de Mende. *O prior Gonzalo Estévez autoriza a Gonzalo Sánchez e a Pedro Vázquez a subaforar as propiedades que estes teñen aforadas do mosteiro de Santa Comba no Ribeiro de Mende.*

149. 1410, abril, 30. Ourense. *Pedro Vázquez e Aldonza Afonso, esta con outorgamento do seu marido Gonzalo Sánchez, fillos lexítimos e herdeiros de Gonzalo Vázquez, fan partición dos bens que lles deixaron seus pais.*

150. (1410, agosto, 10. Ourense). *Inés Fernández, con permiso do seu marido Rodrigo da Silva, afora a Afonso de Monforte, á súa muller María Pérez e a toda a súa voz o seu quión do casar de Abeledo en Santo André do Castro.*

151. 1411, novembro, 25. *O prior Gonzalo afora a Domingo Anes, á súa muller Maior López e a catro voces unha leira de viña no lugar de Buxeses.*

152. 1412, xaneiro, 12. *O prior Gonzalo afora a Xoán de Untes, á súa muller Constanza Lourenzo e a cinco voces dous soares no lugar de Sas e un leiro de herdade no lugar da Reguenga, na parroquia de Santo Estevo de Untes.*

153. 1412, setembro, 10. *O prior Gonzalo afora a Xil do Piñeiro, á súa muller Inés Rodríguez e a seis voces catro piteiros de viña en San Tomé e outros catro piteiros no camiño de Mende.*

154. 1415, setembro, 12. *O prior Gonzalo Estévez afora a Estevo Pérez e a cinco voces os lugares de Rúa Cega e Niño de Can e o leiro de Valiño en Louredo.*

155. 1415, setembro, 12. *O prior Gonzalo Estévez, en nome do mosteiro de Santa Comba, afora a Diego Aras do Ribadal e a cinco voces catro leiros de herdade en Santo Estevo de Untes.*

156. 1418, setembro, 5. *O prior Gonzalo Estévez afora a Afonso Estévez, á súa muller Dominga Afonso e a tres voces o lugar de San Paio en Santa María de Louredo.*

157. 1418, setembro, 24; [sábado]. Cea. *Cataliña Sánchez de Zarza require a Gonzalo da Carreira que cumpra as condicións polas que lle aforou diversas propiedades no lugar de Zarza en San Salvador de Souto.*

158. 1418, decembro, 5. *O prior Gonzalo Estévez afora a Afonso Estévez, á súa muller Dominga Afonso e a tres voces o lugar de San Paio en Santa María de Louredo.*

159. [1410-1420]. *O prior Gonzalo afora a Afonso Lourenzo, pedreiro, á súa muller e a oito voces unha casa tellada co seu curral no Ribeiro de Mende (?).*

160. 1420, xaneiro, 20. Ribeiro de Mende. *O prior Gonzalo afora a Gonzalo Ianes, á súa muller Constanza de Sas e a seis voces o lugar de Sas en Santo Estevo de Untes.*

161. 1425, xaneiro, 26; [venres]. Castrelo. *O xuíz Xoán de Santa María sentenza sobre o preito entre Cataliña Sánchez de Zarza e Lopo Gómez de Agra por uns quiñóns en Zarza.*

162. [1426], marzo, 25. Ourense. *O prior Gonzalo Estévez afora a Fernando García, á súa muller Branca Pérez e a tres voces dous leiros de viñas en San Tomé.*

163. 1429, xaneiro, 20. *O prior Gonzalo Estévez e o convento de Santa Comba aforan a Gonzalo Lourenzo de Alén, á súa muller Tareixa Rodríguez e a tres voces o casar de Anaigo de Fondo en San Mamede de Palmés.*

164. 1429, outubro, 10. *O prior Gonzalo Estévez e os monxes de Santa Comba aforan a Vasco de Lemos, á súa muller Maior González e a cinco voces dous lugares de Cacabelos en Santo Estevo de Untes, a leira do Candendo, a viña de Soutelo, a leira da Reguenga e unha leira que foi de Martiño Pérez.*

165. 1429, outubro, 14; [venres] (1429, xaneiro, 6. Ourense). *O prior Gonzalo Estévez e os monxes do mosteiro de Santa Comba reciben por foreiro a Pedro López de Ramirás en virtude de dúas cartas: unha de aforamento outorgada polo prior Xil Pérez a Xoán Ferreiro, á súa muller Tareixa Núñez e a catro voces, e unha doazón, incluída no documento, pola que Maior Anes, filla de Xoán Ferreiro e de Tareixa Núñez, entrega a Pedro López de Ramirás todas as propiedades que ten no couto de Santa Comba. Afóranlle ademais as leiras da Cerdeira e da Seara Dóniga.*

166. 1430, marzo, 9. *O prior Gonzalo Estévez e os frades Pedro de Cobreiros e Pedro de Ver do mosteiro de Santa Comba aforan ao xuíz Xoán de Santa María e a tres voces a granxa de Naves en San Mamede de Palmés e as herdades que tivo aforadas do mosteiro Afonso Ouxea de Vilamarín en Santo Estevo de Untes.*

167. 1430, marzo, 29. *O prior Gonzalo Estévez e o convento de Santa Comba aforan a Pedro López de Ramirás e a cinco voces unha casa no lugar de Sas.*

168. 1430, marzo, 29. *O prior Gonzalo Estévez e o convento de Santa Comba aforan ao escudeiro Xoán de Santa María e a tres voces a granxa de Naves en San Mamede de Palmés e as herdades que tivo aforadas do mosteiro Afonso Ouxea de Vilamarín en Santo Estevo de Untes.*

169. 1432, xaneiro, 27. Ourense. *Pedro Vázquez, escudeiro de Ourense, afora a Xoán Zapateiro, á súa muller Aldonza Ianes e a todas as súas voces unha leira de viña no Sobreiro, no Ribeiro de Mende.*

170. 1432, febreiro, 26; martes. Ourense. *Pedro Vázquez, escudeiro de Ourense, afora a Rodrigo Lourenzo e a todas as súas voces unha leira de herdade e viña no Lameiro de Dona María, no Ribeiro de Mende.*

171. 1433, decembro, 28. *O prior Gonzalo Estévez e o convento de Santa Comba aforan a Fernando Castelao, á súa muller Mariña e a cinco voces dúas leiras de viña que chaman da Carreira no Ribeiro de Mende.*

172. 1434, abril, 5; luns. Zarza, San Salvador de Souto (Cea). *Perante o xuíz Xoán de Santa María, Cataliña Sánchez presenta varias testemuñas para delimitar as propiedades que lle pertencen no lugar de Zarza e que lle tragía negadas Pedro de Zarza.*

173. 1436, setembro, 1; [venres]. *D. Diego, bispo de Ourense, le unha sentenza perante o prior Ares de Moreira e o monxe Pedro de Cobreiros, do mosteiro de Santa Comba, na que, debido a que o prior e os monxes Pedro de Cobreiros e Pedro de Ver eran en discordia, establece diversas disposicións sobre a administración e o funcionamento interno do convento.*

174. 1436, outubro, 7. *O prior Aras de Moreira e o convento de Santa Comba dan por recibidas varias propiedades (a pousa de Sinagoga, o casar de Urraca Rodríguez, o casar de Lamas e os casares do Gabián, nas freguesías de San Martiño de Lamas e Santa Baía de Longos) que tiña arrendadas do mosteiro Rodrigo de Moreda e afóranllas a Afonso Vázquez de Moreda e a cinco voces.*

175. 1436, decembro, 6. *O prior Ares de Moreira e o convento de Santa Comba aforan a Gonzalo de Tarascón e a cinco voces a leira das Batocas e a leira de Baixo.*

176. 1438, [...]. *Pedro Vázquez, escudeiro de Ourense, afora a Rodrigo de Mende, á súa muller Eufemia Pereira e a todas as súas voces a casa do Pazo na pousa de Mende, un terreo en Amendoeira e outro no Baño do Lameiro.*

177. 1439, xaneiro, 1. *O prior Ares de Moreira e o convento de Santa Comba aforan a Álvaro da Lama, á súa muller Inés Gómez e a catro voces a casa de Fraguas coa adega, unha chousa e dúas cavaduras de viña en Vilariño e outra cavadura entre a viña de Gonzalo de Marrozos.*

178. 1441, xaneiro, 3. Ourense. *Vasco Rodríguez, con licenza da freira Inés Rodríguez, subafora a Fernando do Conchouso e á súa muller Inés González de Parada*

unha leira de viña no Baño, pertencente ao mosteiro de Santa Comba de Naves e aforada a Inés Rodríguez.

179. (1441, novembro, 10. Igrexa de Ourense). *Traslado dunha carta en que o cabido da igrexa de Ourense afora a Gómez de Tarascón, a seu irmán Gonzalo de Tarascón, ás súas mulleres Constanza González e Inés Ianes e a dez voces a metade do lugar do Pazo en Tarascón.*

180. 1441, decembro, 28. *O prior Ares de Moreira e o convento de Santa Comba aforan a Vasco Afonso, á súa muller Constanza Lourenza e a seis voces a viña do Baño cun terreo na granxa de Outariz.*

181. 1442, novembro, 14. *O prior Ares de Moreira e o convento de Santa Comba aforan a Afonso García, á súa muller Aldonza Ianes e a seis voces dous leiros de souto en Untes.*

182. 1443, xaneiro, 1. *O prior Ares de Moreira e o convento de Santa Comba aforan a Martiño Paradela e a dez voces o lugar de Reboredo en Palmés.*

183. 1443, marzo, 7. *O prior Ares de Moreira e o convento de Santa Comba aforan a Rodrigo de Albeiros, á súa muller Constanza Pérez e a seis voces o casar de Penouzoás.*

184. 1443, marzo, 16. *O prior Ares e o convento de Santa Comba aforan a Xoán Paz, notario de Ourense, á súa muller Maior Pérez e a dez voces unha leira de viña en Buxís.*

185. 1443, outubro, 7. Ourense. *Pedro Vázquez, Violante Afonso, con licenza do seu marido Martiño Capelo, e Afonso Ares Cacharrón, este en nome da súa filla pupila et menor de idade Elvira, por eles e pola ausente Beatriz Afonso, aforan a Afonso González, á súa muller Constanza González e a catro voces dúas casas en Mende.*

186. 1445, abril, 17. Ourense (1408, febreiro, 9). *Traslado dunha carta en que o prior Gonzalo e o convento de Santa Comba aforan a Pedro López e a catro voces*

catro leiros en Santo Estevo de Untes e o foro que foi de Gonzalo Núñez. Tamén lle confirman o aforamento dun bacelo en Untes que lle fixo o prior Afonso Gómez.

187. 1445, decembro, 30. *O prior Ares de Moreira e o convento de Santa Comba aforan a Xoán de Castela, á súa muller Inés Pérez e a todas as súas voces as leiras da Chavicela, de Entre Congostras coas Barreiras e do Porto.*

188. 1445, decembro, 30. *O prior Ares de Moreira e o convento de Santa Comba aforan a Gonzalo do Pombal, á súa muller Inés González e a todas as súas voces a leira das Batocas.*

189. 1446, febreiro, 8. *O prior Ares de Moreira e o convento de Santa Comba aforan a Gómez de Ramuín, á súa muller Constanza Núñez e a dez voces unha leira de viña en Buxís.*

